

San Domingos de Pontevedra

Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína

Begoña Fernández Rodríguez



Pontevedra
2024

Deputación de Pontevedra

Luís López Diéguez

Presidente

Rafael Domínguez Artime

Vicepresidente

Museo de Pontevedra

M^a Ángeles Tilve Jar

Directora

Texto

Begoña Fernández Rodríguez

orcid.org/0000-0003-4841-1573

GI-1907. Iacobus. USC

CISPAC Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes
Atlánticas Culturais

Fotografía

Arquivo Gráfico Museo de Pontevedra

Coordinación editorial

M^a Ángela Comesaña Martínez

Diseño e maquetación

Editorial MIC

Edita

Museo de Pontevedra

Imprime

Editorial MIC

Depósito Legal: PO 256-2024

ISBN: 978-84-127463-6-5

©Da edición: Museo de Pontevedra

©Do texto: a súa autora



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA



ÍNDICE

Crónica do esplendor e declive de San Domingos	7
Agradecementos	9
Introdución	13
1. O establecemento dos predicadores	25
2. O novo esplendor: o nacemento da ruína	61
3. O valor das formas	123
4. A linguaxe das imaxes	155
4.1. A figuración dos capiteis	157
4.2. A escultura funeraria	166
5. Conclusións	183
6. Fontes documentais e bibliográficas	189
6.1. Fontes documentais	191
6.2. Bibliografía	202
7. Anexo documental	207
8. Índices	
Índice onomástico	375
Índice toponímico	395

Crónica do esplendor e declive de San Domingos

San Domingos de Pontevedra. Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína é unha perfecta crónica do esplendor e declive dun dos lugares máis especiais da cidade do Lérez. E é que se todas as cidades do mundo teñen un elemento ou construción significativa, que as diferencia doutras e as converte en únicas, as Ruínas de San Domingos son en Pontevedra ese espazo. Un recinto máxico, que sempre esperta curiosidade e chama a atención entre todas aquelas persoas que se achegan ata a cidade.

O que hoxe coñecemos como Ruínas de San Domingos, un dos sete edificios do Museo de Pontevedra e o primeiro monumento nacional da cidade, son os restos destacados da cabeceira e parte do espazo do cruceiro dun antigo e esplendoroso convento. Son tamén os restos do peso tan importante que tiveron as ordes relixiosas na cidade e da pegada xenerosa de veciñas e veciños da cidade e da súa contorna que contribuíron con elas.

San Domingos de Pontevedra. Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína é, por tanto, unha publicación máis que necesaria. Trátase dun compendio da historia dun dos elementos da identidade da cidade, que tivo un peso fundamental na súa historia. Pero tamén presenta unha ampla bibliografía e fontes documentais que converten a esta publicación na máis importante sobre as Ruínas de San Domingos publicada ata a data.

A través das páxinas deste libro que tes nas túas mans é posible afondar na interesante historia de San Domingos desde o século XII, repasando as diferentes etapas construtivas do convento no coñecido “Campo da verdade” ou, posteriormente, “Campo das rodas”. Poderás coñecer as diferentes reformas realizadas ao longo dos séculos e tamén como se iniciou o seu deterioro tralo abandono dos dominicos a comezos do século XIX.

De seguro serán moitas as cuestións descoñecidas que descubrirás en *San Domingos de Pontevedra. Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína*. Desde o saqueo do convento durante a Guerra da Independencia, ata o aloxamento dos soldados franceses no recinto, a súa conversión en hospicio ou como as pedras que formaban parte do seu monumental espazo acabaron integrándose noutros edificios ou mesmo no pavimento das rúas e prazas de Pontevedra.

A historia sen dúbida algunha é unha grande aprendizaxe. Precisamos coñecer o que aconteceu no pasado en profundidade. Debemos aprender dos erros e acoller cos brazos abertos os acertos. Soamente así poderemos tomar decisións no presente que contribúan a construír un futuro próspero. E, neste camiño, estou seguro que *San Domingos de Pontevedra. Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína* converterase nunha das referencias clave para a cidade do Lérez. Un libro ao que volver para ser conscientes do que foi Pontevedra, do que é e do que pode ser.

Rafael Domínguez

Vicepresidente da Deputación de Pontevedra

Agradecementos

As coñecidas como ruínas do convento de San Domingos de Pontevedra son un dos recunchos máis belos da cidade. Xunto ao halo romántico que posúen estes restos, frecuentes nos paseos das e dos pontevedreses e de todas aquelas persoas que se achegan á cidade do Lérez, o seu valor vai moito máis alá; non en balde se trata do primeiro monumento que foi recoñecido como tal en Pontevedra, mérito que hoxe non só mantén e conserva, senón que se engrandece co paso do tempo. Xunto con este recoñecemento, xa de por si significativo, que transforma este pequeno recuncho da cidade nun dos seus lugares máis representativos, este espazo tamén se nutre doutras características, coma as que convierten os restos da antiga igrexa dominica en fragmentos dunha historia que é a da propia cidade, a pugna por manter o pasado pero tamén por abrirse a un futuro, cos cambios ou coas transformacións, en ocasións, como é o caso, traumáticas que ás veces o progreso encerra.

Non obstante, a pesar de todas estas mutilacións, transformacións ou simples cambios que converteron o antigo convento de frades predicadores da cidade nunha ruína, este conxunto, hoxe integrado no Museo de Pontevedra, segue, coa súa presenza e porte, cheo de incógnitas e de preguntas, e constitúe un dos elementos de identidade máis elocuentes da urbe. Achegarse á súa historia, á súa construción ou á titánica loita por preservar o conxunto para evitar a súa total desaparición, actividade que protagonizou unha gran parte da realidade pontevedresa do século XIX e dos primeiros anos do XX, é rescatar do esquecemento os seus valores e, sobre todo, poñer de manifesto a grandeza deste conxunto monumental que desde a Idade Media estivo presente na vida das e dos pontevedreses.

Aproximarse a estes restos monumentais constitúe un reto, e este non sería posible se detrás non estivese, primeiro, o Museo Arqueolóxico Provincial e, despois, o Museo de Pontevedra, institucións que sempre, cos seus directores á fronte —Casto Sampedro, José Filgueira, Carlos Valle e José Manuel Rey—, lle deron prestixio a este conxunto monumental para convertelo nun referente no panorama nacional.

Este labor séguese mantendo o Museo de Pontevedra, ao tutelar unhas ruínas que forman parte da historia da propia cidade ou de todas as persoas que nos achegamos a elas. Hoxe, sen esta institución, pero sobre todo sen o seu persoal, sería imposible comprender a complexa realidade deste pequeno conxunto que atesoura a memoria da presenza da Orde de Predicadores na cidade pontevedresa. É por iso que sería ingrato pola miña parte non agradecer publicamente a axuda proporcionada polos servizos do museo e a súa actual directora, María de los Angeles Tilve, e cada una das técnicas —Begoña Pérez, Cristina Echave, María José Viñuela ou Ángela Comesaña—, coas que tiveron a sorte de aprender e traballar, non só para consultar a documentación que forma parte das páxinas deste libro, senón tamén pola amabilidade, dispoñibilidade e facilidades dadas para realizar este estudo. A todas e todos quero expresarlles a miña máis profunda gratitude e recoñecemento de profesionalidade; sen estas facilidades nin a axuda prestada esta investigación resultaría moito máis ardua, por non dicir imposible.

Igualmente, restaría por agradecer, nun plano máis persoal, o apoio daqueles que me axudaron na materialización desta investigación, en especial a Maricarmen e a Juan, por seguir ensinándome e apoiarme neste traballo. Do mesmo xeito que sería ingrato pola miña banda, non agradecerllo a Álex, por entender e compartir que o estudo das Ruínas formaba parte, non só da vida de Pontevedra ou da do propio Museo, senón tamén do noso día a día.

«El viejo monasterio abandonado
se pudre de vejez en la colina,
muda la torre, el coro derrumbado,
y todo el claustro amenazando ruina.»

Seca la fuente, el huerto se ha secado;
en sus silencios ni un jilguero trina...
Tan sólo por las piedras del cercado
rastrera hiedra en verdecer se obstina»

Francisco Villaespesa, *Convento en ruinas*

Introducción

As ruínas do convento de San Domingos son un fito dentro da cidade de Pontevedra, non só pola imaxe que evocan, os sentimentos que provocan¹ ou as formas estilísticas que remiten ao pasado medieval da poboación, na que os membros das ordes mendicantes e, en especial, os da de predicadores xogaron un papel destacado na configuración urbana.

Xunto con estas características, xa de por si importantes, o valor deste conxunto, hoxe musealizado, tamén garda relación co feito de que estas ruínas son o primeiro monumento nacional da cidade do Lérez que foi recoñecido polo Estado e protexido como tal; recoñecemento que se produce grazas ao esforzo dun grupo de intelectuais pontevedreses. Estes, preocupados polas actuacións realizadas, pero, sobre todo, pola profunda deterioración e a inminente perda do antigo espazo conventual, anunciada reiteradamente nos anos finais do século XIX, centraron a súa atención e actividade na loita pola conservación e protección destes vestixios do pasado.

Así, desde ese momento, converteron os restos do antigo convento dominico nun elemento fundamental para comprender a historia da cidade e a da conservación dos seus principais monumentos. Así mesmo, loitaron por preservar unhas ruínas que se converterían en símbolo e modelo das diferentes metodoloxías expostas para custodiar os valores do pasado na cidade pontevedresa.

1. Respecto destas ruínas Sánchez Cantón escribía en 1909 un breve texto no que indicaba: : «A tristes ruinas quedó reducido el gótico templo, los tiempos pasaron dejando su huella de destrucción y olvido (...) Pocos monumentos causan a mi sensibilidad emoción más intensa que las ruinas de Santo Domingo; a través de la distancia hablan á mi espíritu de esas tres grandes ideas que llenan la existencia, ideas que inteligencias miopes creen antagónicas sin ver que de su maravillosa síntesis somos fruto, ideas que llenan los mágicos nombres de: Vida, Amor, Muerte (...)». *Las ruinas de Santo Domingo (Pontevedra)*. Febreiro de 1909. AMPo. Fondo Sánchez Cantón, Sign. 69-17, p. 1.

A orixe de Pontevedra como urbe enmárcase no proceso de urbanización que, no século XII, os monarcas emprenderon na costa galega. Unha das primeiras noticias que se teñen da futura cidade relaciónase co monarca Fernando II, quen en 1163 lle doa ao próximo mosteiro beneditino de San Xoán de Poio a metade dos décimos da igrexa de Santa María, cesión que evidencia a existencia dun reducido grupo de poboación ao redor deste templo²; este pequeno asentamento poboacional é o xerme do que será a futura cidade de Pontevedra, localidade que só seis anos despois de producirse esta doazón, en 1169, se verá recoñecida co privilexio foral outorgado por este mesmo monarca «a los habitadores de Ponte Veteri tam presentes quam futuros»³.

Este documento real, xunto cos concedidos polo seu sucesor Afonso IX, nos que se ratificaban e ampliaban os dereitos dos seus habitantes e a súa configuración como espazo dentro do señorío arcebispal compostelán, contribuíron ao desenvolvemento urbano deste núcleo costeiro que alcanzará, no último cuarto do século XIII, o momento decisivo no proceso de estruturación urbana; conformación na que xogarán, do mesmo xeito que nas outras cidades nas que se implantaron, un papel destacado as ordes mendicantes. O protagonismo destas comunidades relixiosas na cidade pontevedresa débese a que estas establecen as súas casas conventuais nos límites da vila amurallada, onde fundaron, respectivamente, os conventos de San Domingos, San Francisco e Santa Clara, espazos ao redor dos que se xerará unha importante prosperidade urbana.

Con todo, cómpre sinalar que, á marxe da significación que estas comunidades relixiosas tiveron na cidade, descoñecemos o momento preciso no que se produciu a súa implantación; a pesar desta carencia en canto á información sobre as orixes da súa presenza no núcleo urbano, si se coñece que esta debeu de producirse nalgún momento da segunda metade do século XIII, xa que no último cuarto desta centuria os mendicantes tiveron unha participación destacada na vida pontevedresa.

Se para todas estas ordes mendicantes —franciscanos, dominicos e clarisas—, en relación con esta poboación, existen unha serie de dúbidas ou incertezas, estas acrecéntanse, máis se cabe, no caso concreto da comunidade de frades predicadores, xa que a súa historia é quizais a máis complexa das protagonizadas por estas tres ordes que se instalaron na cidade do Lérez.

2. ARMAS CASTRO, X.: *Pontevedra en los siglos XII al XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera medieval*. Galicia Histórica, Pontevedra, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1992, p. 53.

3. DE LA PEÑA SANTOS, A.; JUEGA PUIG, J. e LOPEZ DE GUEREÑU POLAN, L.: *Historia de Pontevedra*, Oleiros, Vía Láctea, 1996, p. 69.

Esta complexidade pode reflectirse no feito de que a fundación desta casa conventual pontevedresa é unha das últimas que os frades dominicos realizaron en Galicia na Idade Media, posto que estes relixiosos se instalaram en Pontevedra cando xa contaban con asentamentos conventuais nas principais cidades galegas⁴: Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo, conventos considerados como as tres grandes casas do Vicariato de San Domingos no Reino de Galicia⁵.

Xunto con esta cronoloxía tardía para a presenza dos frades predicadores na cidade do Lérez, en relación con outros emprazamentos protagonizados por esta mesma orde relixiosa, outra peculiaridade deste espazo pontevedrés é que foi unha das poucas cidades, xunto coas da Coruña e Tui⁶, na que os frades non permaneceron de forma permanente no asentamento no que se instalaram no primeiro momento da súa chegada á localidade.

Así, pouco tempo despois de que tivesen presenza activa en Pontevedra e comezasen a adquirir protagonismo na vida da urbe trasládanse ao que será o emprazamento no que fixarán a súa residencia permanente⁷; grazas a este traslado, o convento dominico estará situado nun terreo máis próximo ao espazo amurallado e, en consecuencia, o novo lugar ofrecerá unhas condicións máis favorables para o desenvolvemento das actividades que os relixiosos da Orde de Santo Domingo estaban destinados a desempeñar na puxante cidade galega.

4. Antes de fundar o cenobio pontevedrés, os frades de Santo Domingo estableceron outros conventos en Galicia, en concreto, nas cidades de Santiago de Compostela (1222-1224), Ribadavia (1254-1258), Tui (1273), A Coruña (1273-1280) e Lugo (1274). MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos*, Tomo I, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993, p. 40.

5. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1942, p. 15.

6. Polo que respecta ao traslado dos dominicos tudenses, o cambio do emprazamento do convento de San Domingos de Tui producírase como consecuencia das diferenzas xurdidas entre os membros do cabido da catedral e os da Orde de Santo Domingo, xa que os frades ocupaban desde 1272 unha capela próxima á cabeceira da catedral, localización que xerou unha serie de tensións. As discrepancias chegaron a tal punto que provocaron mesmo a intervención do pontífice para atallar posibles conflitos. Así, este autoriza en 1328 o traslado do convento dominico a un lugar diferente. En relación co segundo dos espazos que foi obxecto de mobilidade, o convento da Coruña, a data de traslado da súa casa conventual correspóndese xa cos anos finais do século XVI, en concreto prodúcese entre 1589 e 1596. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, pp. 44 e 50.

7. Seguindo a Sampedro e Folgar, este traslado produciuse con anterioridade a 1284, data na que os frades xa estarían neste segundo asentamento que se converterá en definitivo. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra... Op. cit.*, p. 759.



Fig. 1. Plano da cidade de Pontevedra, ca. 1901

O lugar onde fundaron a súa primeira casa conventual foi, polo tanto, rapidamente abandonado. Con todo, a pesar do pouco tempo que permaneceron neste primeiro enclave, sábese que a casa conventual construída polos frades predicadores estaba situada nun soar do arrabalde pontevedrés por excelencia, A Moureira, en concreto, nun lugar coñecido como As Corbaceiras, xunto ao muíño da Aceña; espazo onde os dominicos crearon o seu primeiro edificio conventual⁸, co que ratificaron xa con esta construción, que probablemente estaba determinada pola simplicidade ou mesmo pola provisionalidade, a súa vontade de permanecer neste enclave urbano e integrarse na vida da poboación.

8. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* Op. cit., p. 16.

Con todo, aínda que se descoñecen as verdadeiras razóns que motivaron o seu traslado a outro espazo dentro da propia urbe pontevedresa, pódese presupoñer, seguindo o acontecido noutros núcleos urbanos, que este pode gardar relación con dúas causas; a primeira faría referencia ás limitacións que o terreo proporcionaba para a construción e o desenvolvemento do convento, e a segunda, non menos importante, gardaría relación coa inseguridade que supoñía para os membros da comunidade relixiosa atoparse nun espazo tan afastado do núcleo urbano.

Sexa cal for a razón que motivou a adopción de tal medida polos membros da comunidade, sábese que en 1285 os relixiosos xa se atopaban nesta segunda localización, na que levantaron unha casa conventual que se converteu no seu asentamento definitivo; esta situábase, do mesmo xeito que a anterior, nun terreo sito fóra do perímetro de murallas que configura e determina a cidade; pero, a diferenza do primeiro establecemento, nun espazo máis próximo ao recinto amurallado. É neste sitio no que se edificará, con lentitude, o convento dominico da cidade, e deste segundo asentamento, en concreto, da segunda das igrexas que os predicadores levantaron nesta localización son os restos do templo e das dependencias conventuais que chegaron aos nosos días.

Este novo emprazamento, antes da instalación dos frades, era coñecido como «Campo da Verdade», aínda que, unha vez instalados os relixiosos, cambiou o seu nome polo de Campo de San Domingos ou «Campo das Rodas», denominacións que facían referencia tanto á presenza do convento de frades predicadores coma aos cordeiros que desenvolvían a súa profesión neste espazo, actividade profesional que supoñía un ingreso extra para o convento⁹.

Unha vez asentados neste segundo enclave, os relixiosos edificaron, coidaron, melloraron e ampliaron a súa casa conventual de forma continua ao longo dos séculos, mantemento constante que propiciou a reforma e modificación tanto do templo coma das dependencias conventuais, non só para adaptalas ás necesidades propias da orde, como podían ser aquelas relacionadas cun incremento do número de frades ou as derivadas dos cambios en materia litúrxica, senón tamén para converter o conxunto conventual en reflexo da importancia e protagonismo que a comunidade de relixiosos adquiría na cidade.

9. Tal e como se recolle no tomo de Santo Domingo respecto diso do lugar no que se achaba o convento: «(...) De esto no hay escritura sino la posesión antigua de plantar árboles en todo ello y al principio de los dichos dos caminos dice este padre estaba un cimientto de marco antiguo donde hizo quitar una rueda a un cordelero porque estaba en el sitio de este Convento y antes de esto solían pagar los Cordereros que asentaban ruedas del camino abajo á los arboles pensión al Convento porque se lo permitiese lo cual corría el año dicho de 1568 que deho escrito y referido dicho padre. (...)». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 1.



Fig. 2. Francisco Zagala (1842-1908). Ruínas de San Domingos de Pontevedra, ca. 1885

A relevancia desta congregación en Pontevedra será moi destacada e ten a súa base no papel que os relixiosos desenvolveron na sociedade local, xa que estes frades estableceron estreitas e importantes relacións coas clases máis poderosas, tanto da cidade de Pontevedra coma dos espazos que se atopaban nas inmediacións da florecente urbe; vínculos que lles granxearon o respaldo das principais familias nobiliarias e burguesas, que, coas súas mandas, doazóns, cesións ou legados testamentarios, favoreceron economicamente o convento e os membros da orde establecidos en Pontevedra.

Será nesta segunda casa conventual que fundaron na cidade na que a comunidade de relixiosos de San Domingos se manterá ata a década dos anos trinta do século XIX, momento en que, do mesmo xeito que o sucedido con outras ordes relixiosas, os frades se viron obrigados

a abandonar o espazo no que permaneceran durante máis de seis séculos. Así, o 8 de decembro de 1836¹⁰ a comunidade de frades predicadores de Pontevedra exclaustrábase e o edificio pasaba a ser propiedade do Estado.

É o abandono do convento por parte dos irmáns de San Domingos o que supuxo o inicio dunha progresiva deterioración do conxunto conventual. Unha vez disolta a comunidade relixiosa, o antigo convento pasou a mans da Xunta de Enaxenación de Edificios e Efectos dos Conventos Suprimidos da Provincia de Pontevedra, organismo que o 17 de febreiro de 1839 llo cede ao Concello para a súa conversión en establecemento de beneficencia, en concreto para a súa transformación en casa-asilo¹¹.

Con todo, a partir deste momento o inmovible converterase, do mesmo xeito que sucedeu en moitos outros edificios amortizados de case todas as cidades españolas, nun «caixón de xastre» e acollerá unha gran variedade de usos, unha diversidade que provoca importantes transformacións na súa arquitectura e mesmo máis dunha desaparición; son estes cambios radicais os que xeran un debate na cidade do Lérez sobre a conveniencia ou non de conservar o edificio do antigo convento, xa que en Pontevedra existía un importante movemento, encabezado pola corporación municipal, que postulaba a necesaria demolición do inmovible e alegaba para esta proposta o estado ruinoso no que se atopaba.

Non obstante, esta referencia constante ao deficiente estado de conservación do antigo convento e ao perigo que supoñía para os hospicianos aloxados ou mesmo para os residentes da cidade polo estado de ruína inminente en que se atopaba, xunto coa falta dunha eficaz política de mantemento, levou a que a antiga casa conventual fose obxecto de numerosas demolicións propiciadas polas autoridades municipais.

10. MÉNDEZ FONTE, R.: *La conservación de los monumentos arquitectónicos en Galicia (1840-1940)*, Ferrol, Embora, 2010, p. 399.

11. «(...) El Ayuntamiento de la Ciudad de Pontevedra, Capital de provincia del mismo nombre a Vuestra Excelencia con el mas profundo respeto expone: que por Real Orden de 17 de Febrero de 1839 fue cedido al municipio el Ex-convento de Santo Domingo sito en los extramuros de la misma para Casa asilo sin clausula de rebersión al Estado ni otra alguna que pudiera afectar el derecho de propiedad que conserva desde entonces, así como en quieta y pacifica posesión que por nadie ha sido interrumpida hasta la fecha (...)». *Escrito del Ayuntamiento de Pontevedra al Ministro de Hacienda en el que solicita que se le reconozca la propiedad del Convento de Santo Domingo para proceder a su derribo*. 12 de marzo de 1874. AMPo. Sign. Sampedro, 18-3, p. 1.

Estas destrucións, aínda que non se realizaron exclusivamente no conxunto dominico, debíanse eminentemente, entre outras razóns, a unha práctica relacionada co aproveitamento dos materiais, xa que a intencionalidade do Concello era reutilizar o material obtido do antigo convento de San Domingos na construción doutras obras que se estaban acometendo na urbe, aspecto amplamente denunciado polos intelectuais pontevedreses¹².

A esta situación complexa habería que engadirlle un segundo factor de risco para a conservación do conxunto relixioso, como é o feito de que este estaba situado nunha importante zona de ensanche urbano e crecemento natural da cidade, localización que supuxo que as autoridades e os membros da corporación municipal tivesen un maior interese por demoler o inmovible, para no seu soar, unha vez baleiro, comezar a reurbanización deste espazo, movemento que terá o seu punto álxido na orde dada en 1869 polo Concello, coa que se trataba de emprender a demolición dos restos que se conservaban do antigo convento¹³.

Este derrubamento, aínda que afectou numerosas partes, non só do convento, senón tamén da igrexa conventual, non se materializaría na súa totalidade grazas á preocupación e esforzo dun grupo de intelectuais, e en especial de diferentes personalidades da arte e da cultura pontevedresa, encabezadas polos membros da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos e seguidos polos da Sociedade Arqueolóxica, que emprenderon unha feroz loita por salvar os restos do conxunto dominico. Así, para evitar a anunciada desaparición, promoveron

12. «(...) pero nuestros propios bárbaros no los extranjeros han creído y, por desgracias lo han ejecutado, que la mejor manera de guardar y respetar tales monumentos y tales Cenizas era empedrar plazas como las del Teucro; y hacer inmundas cloacas, como la que existe en la calle de San Román, con las mismas losas sepulcrales que sus antepasados habían puesto al abrigo de la Cruz y de la Piedad, en el verdadero y glorioso Panteón de los Hijos ilustres de Pontevedra». SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...*, *Op. cit.*, p. 138. Xunto con esta denuncia, tamén ao respecto desta actitude, postúlase Antonio de la Iglesia, quen indica: «(...) Si existe alguna población en España que se haya distinguido ó se distinga en el planteamiento y demostración de este malhadado problema, ninguna pueda aventajar, ni igualar siquiera, á lo que en este sentido lleva Pontevedra demolido en los últimos años. Derribó los muros de la ciudad; echo abajo las puertas de la misma, con sus rastrillos, torreones, adarves y escaleras; barrió los castillos y torres de su histórico Puente del Burgo, del que toma en nombre, y aun sigue formando con aquellas fortalezas el ilustre blasonado de su inmemorial escudo; arrasó a San Bartolomé; hizo saltar de un punto para otro de su campo, y dióle una vuelta completa a la capilla de San Roque; despedazó la magnífica fuente de la plaza de la Herrería; pulverizó las torres y almenas de los Churrichaos, con el palacio arzobispal y fortaleza a la que habían pertenecido; permitió la destrucción del monasterio de San Salvador de Lérez en el campo, y la del monumental palacio de San Román en la villa: voló la iglesia de la Tercera Orden, y, por último, - para no cansarnos más- dejando á cañaverall el solar y formales de la casa de los Nodales, en el barrio de la Moureira, continúa constantemente ocupada en la alteración y demolición de Santo Domingo». IGLESIA, A. de la: «Estudios arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra». *El Anunciador. Diario de La Coruña y de Galicia*, 14 de xaneiro de 1884, p. 2.

13. As primeiras demolicións realizadas no convento de San Domingos comenzan en 1869, momento en que o Concello toma o acordo de que se derrube parte da capela do convento. PEÑA SANTOS, A. de la; JUEGA PUIG, J. e LOPEZ DE GUEREÑU POLAN, L.: *Historia de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 296.



Fig. 3. Francisco Zagala (1842-1908). Demolição do claustro do convento de San Domingos, 1905

diferentes medidas de conservación, reutilizaron o espazo destinándoo a museo arqueolóxico¹⁴ e iniciaron a organización de diversas actividades culturais no interior das ruínas do antigo convento, actuacións que permitiron garantir a subsistencia dos restos conservados.

14. «(...) solicita la cooperación de esta Comisión y el permiso para formar en el local de los restos de la antigua iglesia de Santo Domingo, un museo arqueológico colocando en el, como depósito, diferentes objetos de piedra; esta Comisión acordó en dicha obra prestar a dicha sociedad su apoyo en todo cuando se refiere a la conservación y restauración de los monumentos histórico y artística de la provincia y conceder permiso para colocar en dicho local los citados objetos, bajo la inspección de los individuos de esta los Señores Don Manuel de la Fuente y Don Jesús Casal y Lois (...)». «Escrito de la Comisión provincial de Monumentos al Presidente de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra, para la creación en las ruinas de Santo Domingo de un museo arqueológico provincial». *1896-1897 Documentos relativos al cierre de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra*. 20 de xaneiro de 1899. AMPo. Sign. Sampedro, 18-10, pp. 256-257.



Fig. 4. Francisco Zagala (1842-1908). Visita da Infanta Isabel ao Museo Arqueolóxico Provincial, 1906

Estas iniciativas serviron para resaltar a importancia dos seus elementos arquitectónicos e o valor que se lles outorgaba; valoración que viña determinada maioritariamente polas características estilísticas da cabeceira da súa igrexa, practicamente un dos poucos espazos que se mantiñan daquela en pé ao resistir os sucesivos intentos de actuación da picaraña municipal.

Con todo, ante as reiteradas tentativas do Concello pontevedrés para a súa destrución, o Estado, por iniciativa da Comisión Provincial de Monumentos e dos membros da Sociedade Arqueolóxica, presidida por Casto Sampedro y Folgar, implementará os mecanismos para garantir a conservación das xa coñecidas como ruínas do antigo templo conventual. Así, en 1880 prohibe expresamente a demolición do inmovible e emprende o camiño para garantir a súa preservación. Esta formulación culminará coa declaración das ruínas como monumento nacional o 14 de agosto de 1895. Coa entrada en vigor desta medida de protección, o antigo convento dominico da cidade pasará a estar baixo a tutela estatal; a Comisión Provincial de

Monumentos será a encargada de velar pola conservación do antigo conxunto conxuntual e o Ministerio de Fomento ditará as «oportunas disposiciónes para la conservación, decoro y custodia de las mismas»¹⁵.

Pero, con independencia de todo iso, hoxe en día o conxunto de San Domingos de Pontevedra, do que, polos cambios sucedidos basicamente no século XIX, só se conserva a cabeceira do templo e o espazo da nave do cruceiro, é un fito urbano na cidade, carácter que adquire non só pola imaxe suxestiva que a ruína despreza ou o halo romántico que dela se desprende, senón tamén polo feito de que este convento e, máis concretamente, as súas ruínas se erixiron en modelo para un gran número de artistas plásticos, o que contribuíu á difusión do conxunto e dos seus valores. Estas imaxes, co tempo, convertéronse en expoñente do debate xerado ao redor da conservación ou non dos monumentos, formulación teórica que enfrontou os partidarios do progreso e do crecemento urbano con aqueles outros que trataban de salvar, conservar e restaurar os elementos do pasado¹⁶.



Fig. 5. Saéz Mon y Novás. D. Casto Sampedro y Folgar na capela maior de San Domingos, 1928

15. «Decreto de 14 de agosto», *Gaceta de Madrid*, núm. 229, 17 de agosto de 1895, p. 611.

16. Ao respecto deste tipo de representacións Fernández Martínez sinala a existencia de dúas tendencias neste tipo de obras. Por unha banda, nalgúns representacións de San Domingos o convento plásmase como ruína, como memoria, coa nostalgia dun pasado que xa non volverá, mentres que noutras aparece como símbolo de vaidade ou da contemplación poética. FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, C.: *Pontevedra la memoria rescatada*. Pontevedra, Deputación Provincial, 2015, p. 258



Fig. 6. Joaquín Pintos (1881-1967). Vista da cabeceira e do cruceiro de San Domingos

Entre 1220 e 1222, prodúcese en Santiago de Compostela a fundación da primeira das casas que a Orde de San Domingos terá en Galicia: o convento de Bonaval. A pesar do temperán da data do asentamento compostelán, este é unha excepción, xa que o proceso de irradiación que desde a cidade de Compostela emprenden os frades predicadores para realizar novas fundacións non dará comezo ata trinta anos despois da fundación do convento santiagués, momento en que os relixiosos se instaloron na vila ourensá de Ribadavia; fundación que volve ser puntual, posto que a implantación en Galicia dos membros desta comunidade relixiosa non se xeneralizará ata os anos setenta do século XIII¹, década a partir da cal a Orde de San Domingos consolida a súa presenza en Galicia co establecemento da maioría das súas casas conventuais nas principais cidades galegas.

Para a implantación destes conxuntos conventuais, a diferenza do que sucedeu con outras ordes relixiosas, coma a dos franciscanos, que realizaron fundacións nun número maior de cidades, os dominicos seleccionarán para as súas residencias espazos urbanos estratéxicos e determinados pola prosperidade económica²; polo que non resulta estraño que unha das elixidas fose a cidade do Lérez. Nela instálanse nun momento en que esta poboación non só conta cun ámbito netamente urbano³, senón tamén cunha puxante actividade económica.

1. Seguindo a Manso Porto, os trinta anos que transcorren desde a fundación do convento de Compostela ata a da segunda das súas casas en Galicia, en concreto do convento de Ribadavia (ca. 1246-50), explícase pola crise económica e política que atravesara Galicia a partir do ano 1230, situación que afectou non só a Orde de Predicadores, senón tamén a de frades menores. A pesar da data de fundación desta segunda casa, o certo é que a expansión xeral da orde en Galicia se produce con posterioridade á década dos setenta deste mesmo século XIII. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 35.

2. A diferenza entre os asentamentos das chamadas ordes mendicantes é que os membros da Orde de Santo Domingo tiveron unha implantación máis reducida en Galicia que a da Orde de San Francisco, xa que, a diferenza dos frades menores, os predicadores optaron por instalarse de forma selectiva nos conxuntos urbanos e estableceron casas conventuais nun menor número de cidades, pero as máis dinámicas en canto a prosperidade económica e crecemento urbano.

3. Do mesmo xeito que sucedeu nas cidades francesas, a implantación das ordes mendicantes nos espazos urbanos débese relacionar co progreso na ocupación do solo, situación que, no caso da cidade do Lérez, coincide cun momento no que o recinto urbano está definido de forma nítida e se están a reedificar os elementos definidores da poboación: a ponte e a muralla. ARMAS CASTRO, X.: *Pontevedra en los siglos XII al XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera medieval...* *Op. cit.*, p. 57.

O asentamento dos relixiosos en Pontevedra prodúcese na década dos anos oitenta do século XIII; en concreto, aínda que se descoñece a data exacta, presuponse que esta fundación se realizou antes do mes de xaneiro de 1283⁴, data na que dous frades predicadores do convento de Santiago de Compostela, frei Juan de Aveancos e frei Pedro de Aurea, xa residían na cidade⁵. Estes relixiosos instaláronse á súa chegada a Pontevedra nun soar doado por Pedro de Lorenzo no lugar das Corbaceiras⁶, xunto ao muíño da Aceña, nas proximidades dunha fonte que recibiría, tras a instalación dos frades, o nome «dos frades», lugar do que se conserva unha descrición grazas á cal se coñecen os límites do terreo no que se edificou a primitiva casa da orde na cidade:

4. Tal e como recolle Villaamil y Castro, D. Fr. Juan López ao escribir as Fundaciones del Reyno de Galicia, no capítulo XXXVIII da terceira parte da *Historia general de Santo Domingo y de su Orden*, respecto do conxunto de Pontevedra, indicaría: «no tiene escritura alguna de la qual conste el año en el que se fundó», o que se complementa coa información achegada polo libro da provincia, no que figura que na era de 1321 se comprou o sitio no que se levantaría o convento. . VILLAMIL Y CASTRO, J.: *Iglesias gallegas de la Edad Media*, Madrid, Imprenta de San Francisco de Sales, 1904, p. 170; outra información complementaria é a que se contén no tomo de Santo Domingo, no que se indica: «(...) La fundación de este Convento, cuyo principio parece haber sido en la era y año de 1321 día de Navidad (...)». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 1.

5. FORTES BOUZÁN, X.: *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña, Galicia Editorial, 1993, p. 131.

6. O espazo no que se asentaron os frades foi doado por Pedro de Lorenzo, segundo a escritura outorgada o 9 de xaneiro de 1283 ante o notario Pedro Núñez, pola que o seu sobriño Rodrigo Pérez lles cede aos monxes unha parcela de terra para edificar o mosteiro. PARDO VILLAR, A.: *Historia do convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 15; Apéndice 1.º, p. 147; no tomo de Santo Domingo, consérvase, respecto da fundación deste convento: : «(...) Es cierto que en la era de 1321 (que fue el año de 1282, tenían los religiosos ya casa en la que vivieron en la feliglesia de Santa María, según consta en escritura que paso por testimonio de Pedro Eáns, notario jurado de Pontevedra, su fecha en seis de febrero de dicha era de 1321, por la cual Don Tomas mercader de Pontevedra y Don Maria Paez (p. 6) su mujer, vendieron al prior Frai Juan de Blancos y a Frai Pedro de Uria, frailes de la Orden de los predicadores, y en precio de dos libras de monedas alfonsinas, todo o seu quiñon daquela leira, en el cual dichos religiosos habían puesto y asentado la casa que habían hecho en la villa de Pontevedra (...)». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, pp. 5-6.

(...) a cual herdade sar de la Carreira que vay por cabo do muro da viña bella, que foy de Domingo Martin Juez da dira vila e departese polo marco que esta cabo da banda da dita casa e voy ferir puso en dereito o muiño que ficieron Voz de Nuño Queisada e de partese pola coutra herdade que foi de Don Juanino da Ponte, e bai ferir ao marco que esta entre o dito muiño, e outro muiño que e de Dona Maria Araz e de Nuño Perez da Pontevedra según la vendedora lla había ganado de su padre Don Payo y este de su (...) de Caldas, por donde se conoce que este año tenían ya casa de habitación los religiosos (...)»⁷.

Tres días antes da adquisición deste espazo para edificar o convento pontevedrés, a comunidade relixiosa recibira unha doazón na que Sancha Eáns lle lega *prol anima* outro terreo para a construción da casa conventual⁸; propiedades ás que habería que sumarlles aquelas que compran os membros da orde, transaccións coma a que efectúan os frades no mes de febreiro dese mesmo ano, e pola que adquiren uns terreos lindeiros a aquel no que se atopaba o convento xa construído⁹, cos que se incrementaba o espazo e a presenza da orde no núcleo urbano pontevedrés.

7. *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampetro, 21-1/1, p. 6; información que se completa coa que figura nun documento do 10 de xuño de 1513, e no que a comunidade lles afora aos veciños de Pontevedra Juan Fernández de Torres e a súa muller María Fernández uns terreos nas Corbaceiras, para a edificación da casa, terreos que Pardo Villar considera que se poden corresponder con aqueles nos que estivera o primeiro emprazamento dos frades na cidade: «(...) todo o noso chao dizimo a Deus do dito Mosteiro que ena abaixo da Fonte que chaman dos Frades, e bay dar ena Ponte noba, das Corbaceiras, e baya o longo do Camiño que bay da Ponte para a Moureira, edali fasta dar eno Rio que dicen das Corbaceiras, e da Ponte todo o Chao fasta as pedras que eztan contra As Corbaceiras cerca do Porto dos Buraces (...)». PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 20.

8. A primeira das doazóns das que se ten constancia documental destinada a levantar esta casa conventual é a que se produce o 6 de xaneiro de 1283 ante o notario Pedro Núñez, pola que Sancha Eáns, filla de Juan Núñez da Ponte, doa un formal para a construción do mosteiro, documento que incluía unha cláusula de revogación no caso de que no soar doado non se inclúsen algunha das dependencias monásticas ou o claustro da casa que os dominicos levantaban. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 15; apéndice 2.º, p. 148.

9. Tal e como figura na escritura pública asinada ante Pedro Eáns o 6 de febreiro de 1283 os frades adquirenlles a María Páez e ao seu marido, o mercador D. Tomei da vila de Pontevedra, a cuarta parte que lles restaba por adquirir da leira «ena qual voso posestes e asentastes a casa que fecestes». PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 15; apéndice 3.º, pp. 148-149.

A pesar de contar xa cunha casa conventual, a estancia dos relixiosos neste primeiro emprazamento da cidade do Lérez foi moi breve, xa que só tres anos despois de establecerse na vila, antes do mes de maio de 1285¹⁰, xa se atopaban no lugar que se converterá no seu asentamento definitivo en Pontevedra; do mesmo xeito que o anterior, o novo emprazamento situábase extra muros da poboación, pero nun espazo máis preto a esta que o anterior, ao localizarse moi próximo a unha das sete portas principais de entrada ao recinto amurallado, polo que se permitía o acceso á urbe, porta á que o convento de predicadores lle deu nome¹¹; deste sitio no que os frades instalaron o seu convento consérvase unha descrición no tomo, no que se indica:

(...) Conforme deixo escrito el Padre frai Juan de Manzanas año de 1568 el sitio de esta casa comienza como saben por la puerta de la Villa que llaman de Santo Domingo á la punta de los dos caminos que vienen para el crucero y para la Congostra que va junto al huerto que está tras la Capilla mayor y sale á la tablada y va rodeando la viña y torna á entrar por la otra congostra que sale junto al crucero del Campo y de allí vuelve por el Camino que viene por medio del Campo á entrar en la Villa (...) ¹².

Do mesmo xeito que sucedera co primeiro dos emprazamentos, o soar para construír esta segunda casa fora froito dunha doazón á Orde de Predicadores, neste caso, realizada por Mayor Aras¹³; neste terreo os dominicos construírán a súa casa conventual, que, nun primeiro momento,

10. Pardo sinala que existe no arquivo da comunidade un documento no que se indica que o soar ao que se trasladan os membros da orde lle foi adquirido no ano 1283 a dona Sancha Roca Elada, cando os frades aínda se atopaban no asentamento primixenio. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 17; no tomo de Santo Domingo faise referencia a que este traslado da comunidade se produciu no propio ano de 1284 ou con anterioridade a el, ao indicar «(...) En el año de 1284, ya los religiosos se habían pasado a este sitio en que hoy se conserva la comunidad, según se infiere de otra escritura en latín por ante dicho Pedro Nuñez, su fecha en dos de Mayo de dicho año, en la cual dono al convento Mayor Nuñez la parte de agro que había sido de Don Juan de Caldas su abuelo, la que estaba sita sobre el molino de Azeña que iacet circa vestra domo in qua primitus habitastis. De que se prueba que ya este año de 1282 se habían pasado los religiosos de su primera casa de fundación de las Corbaceiras, a esta pues la tierra que les daba estaba cerca de la casa en que habían vivido antes». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, pp. 6-7; Manso Porto proporciona para este traslado a data de antes do mês de maio de 1285. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 486.

11. FERNÁNDEZ VILLAMIL Y ALEGRE, E.: «La puerta de Santo Domingo y las murallas de Pontevedra», en *El Museo de Pontevedra*, III, 1944, pp. 107-118; na descrición da cidade de Pontevedra que realiza frei Martín Sarmiento indícase que, entre as sete portas principais da vila, se atopaba a de San Domingos. SARMIENTO, M.: «Descripción de la ciudad hecha en 1793 por el «Reverendo P. Fr Martín Sarmiento», en *Colección de documentos inéditos para la historia de Pontevedra*, tomo I, Pontevedra, Imprenta José Fernández, 1896, p. 22.

12. *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 1.

13. Seguindo a escritura asinada o 17 de febreiro de 1315, pola que Esteban Fernández renuncia, no seu nome e no da súa muller, María Fernández, aos dereitos que poida ter sobre os terreos que ocupa o convento e a horta de San Domingos. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra ... Op. cit.*, p. 18; apéndice 5.º, pp. 149-150.




Fig. 7. Pontevedra: plano do seu recinto de muro, torres e portas no século XV: interior da vila en 1800

se levantará baixo a advocación de «Santa María a Noba»¹⁴; titularidade que a partir de 1304 pasaría a ser substituída pola do santo fundador: san Domingos¹⁵, advocación coa que chegaría aos nosos días.

14. «(...) Debajo de la vocación de Nuestra Señora y no en el sitio que ahora está sino mas hacia el río y Corbaceras de haber sido tan buen principio el de esta casa parece (p. 2) tener por patronos particulares al buen Jesus y su Gloriosa madre estar obligados los religiosos de ella á tener mucha cuenta con el servicio particular de ellos y á llevar adelante sus cofradías (...).» *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, pp. 1-2.

15. Pardo Villar sinala diversas hipóteses para esta advocación. Así indica que, talvez, como apuntan Antonio de la Iglesia e o autor do tomo de 1799, puido darse esta advocación para distinguilo do templo parroquial de Santa María; igualmente, outra das hipóteses que baralla este autor é que esta advocación garde relación coa que posuía o convento dominico de Compostela, do que procedían os frades que se instalaron en Pontevedra. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 18; apéndice 5.º, pp. 149-150.

Crese que é neste mesmo ano de 1285, no que os frades se trasladan a este segundo emprazamento, cando se inicia a construción do edificio conventual, cuxos restos nos chegaron. As obras deste novo conxunto conventual deberon de avanzar con certa rapidez na última década dese século, xa que coñecemos que a finais do século XIII a comunidade experimentaba un importante crecemento en canto ao número de membros¹⁶, polo que a casa conventual debía de ter capacidade suficiente para poder albergar os recentemente chegados á comunidade pontevedresa.

É talvez este incremento no número de membros o que provoca a necesidade de ampliar as dependencias conventuais, obras que se deberon prolongar no tempo. En consecuencia, é esta intervención de ampliación a que motiva a necesidade de contar co material necesario para acometela, polo que os membros da comunidade de frades predicadores e, no seu nome, frei Gonzalo de Souto, adquiren unha canteira no lugar de Pernetá¹⁷. Con esta adquisición tratábase de garantir que a comunidade de relixiosos dispuxese da pedra necesaria para emprender a reforma da súa casa conventual, obras que se relacionan co primeiro cuarto do século XIV.

Xunto con este dato asociado á adquisición dunha canteira para a renovación da casa conventual, outro que avala a importancia que estaba a adquirir o conxunto conventual dentro da cidade é o feito de que neste momento este contaba xa cun espazo para enterramento, ámbito no que recibían sepultura aqueles fiéis que, aínda que alleos á comunidade dominica, decidían escoller a casa conventual que os frades tiñan en Pontevedra como derradeira morada¹⁸.

A significación que adquire esta orde relixiosa na cidade propicia que sexa a destinataria e beneficiaria de numerosas doazóns e mandas testamentarias; legados que enriquecen o convento e lles permiten aos seus moradores financiar sobradamente as obras necesarias para a construción do conxunto arquitectónico; iso é posible porque durante os séculos XIV e XV é este ámbito relixioso o que ocupa, seguido polo próximo dos franciscanos, o primeiro posto nas preferencias

16. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 486.

17. Sobre esta canteira, Sampedro y Folgar indica que foi empregada no século XIX polos franciscanos para a construción do claustro do convento pontevedrés: «los padres de San Francisco han abierto cantera en aquel sitio y sacan piedra superabundante para su obra (...) la que les concedió la villa sin ser señora della, a lo menos de la mayor parte». SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 314.

18. A localización do cemiterio no conxunto dominico non é clara, xa que Pardo alude á súa posible existencia tanto dentro coma fóra da igrexa. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 19; respecto das laudas atopadas ou fragmentos de laudas procedentes deste espazo funerario, Sampedro y Folgar sinala a presenza da de Pedro de Oubiña, quen faleceu en 1301, e de María de Baion, que o fixo en 1299; ambas as dúas están gravadas con caracteres monacales e foron atopadas por Juan Manuel Pintos no chamado campo de San Domingos, lugar no que se atopaba o antigo cemiterio do convento en 1858. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...* *Op. cit.*, pp. 110-111.



Fig. 8. Francisco Zagala (1842-1908). Vista da cabeceira exterior da igrexa do convento de San Domingos de Pontevedra, ca. 1883

dos habitantes de Pontevedra e dos seus núcleos máis próximos como lugar de enterramento¹⁹, cos beneficios económicos que esta elección implica para a comunidade relixiosa.

As mandas testamentarias daqueles que elixían o convento pontevedrés como derradeira morada constitúen, polo tanto, fontes destacadas á hora de estudar o proceso de construción do antigo convento dominico. Así, a primeira das que se conserva e fai referencia á construción da casa conventual está relacionada cronoloxicamente co século XIV, en concreto co ano de 1320. Esta, a diferenza do que acontecerá con outras posteriores, presenta un carácter xenérico ao non especificar a que parte da obra ou a que espazo concreto se destina a cantidade doada. Neste documento figura un legado «cien maravedís para la obra»²⁰. Esta tendencia xeneralista tamén se aprecia noutros certificados de derradeiras vontades conservados²¹, o que indicaría, tal e como apunta Manso Porto, que neste período se estarían a acometer obras de reforma ou de ampliación no edificio conventual, intervencións datadas por esta autora entre 1360 e 1380²².

19. Armas Castro sinala que a preferencia polos conventos mendicantes como lugares de enterramento se pode explicar porque estes espazos se converteron nas institucións relixiosas mellor adaptadas aos modos de vida urbanos. As razóns para esta afirmación baséanse en que estes ámbitos relixiosos se caracterizaban por presentar un maior nivel de vida cultural que o resto dos espazos seculares e unha rigorosidade maior na observancia das regras morais e profesionais na arte do sermón, o que implicaba unha fidelización dos fieis, á vez que un incremento na acollida de enterramentos e nas mandas testamentarias que recibían. ARMAS CASTRO, X.: *Pontevedra en los siglos XII al XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera medieval... Op. cit.*, p. 227.

20. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 22; respecto das obras que se levarían a cabo nestes momentos no convento hai que indicar, tal e como sinala Manso Porto, que o dormitorio conventual pontevedrés se estaría a edificar arredor do ano 1328, momento en que se produce a escritura notarial entre o cabido da catedral de Tui e os frades predicadores da mesma cidade para a instalación do convento. O feito de que o dormitorio figure nesta escritura baséase en que é este espazo pontevedrés o modelo que en altura deben de seguir os predicadores de Tui para a creación da súa nova casa. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 486.

21. Entre as doazóns que se producen neste século que encerran este carácter xenérico para as obras do convento, sen precisar a que estancia se refiren, pódense mencionar a modo de exemplo a de Teresa Eáns, filla de Juan Núñez Solla e viúva do xuíz de Fragoso Gonzalo Muñiz, recollida no seu certificado de últimas vontades datado en 1336, quen manda enterrarse no convento de San Domingos de Pontevedra, e deixa vinte libras para a obra do mosteiro; este mesmo principio tamén se establece no legado de Teresa Eáns, muller do notario de Pontevedra Gonzalo Ruíz, quen, en testamento datado en 1361, ordena, do mesmo xeito que a anterior, ser sepultada no conxunto de San Domingos, convento ao que lle deixa cen maravedís «para o lume e para obra»; principio que tamén recolle María Eáns, na súas últimas vontades, datadas no mes de xaneiro de 1366, quen, xunto ao desexo de ser enterrada no convento, legaba «20 maravedís pra o lume e pra a obra de dito Mosterio»; xunto coa presenza destas doazóns pecuniarias, tamén as había en especias, coma a que realiza o 14 de febreiro de 1368 o escudero Testal Gonzalo Rouco, quen expresa, xunto coa vontade de ser enterrado no convento, «una pareja de bueyes para la obra del monasterio». PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, pp. 22-27.

22. Manso Porto atribúe esta cronoloxía baseándose nas achegas documentais e nos restos conservados do alzado deste conxunto e do de San Francisco, templos que comparten tipoloxía e estilo. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, pp. 486-487.

Pero estas doazóns complementáanse, á súa vez, con outras máis específicas ao relacionarse con espazos concretos do edificio conventual, o que as converte en fontes destacadas para a análise da evolución construtiva do convento. Así, partindo destes documentos e seguindo a Manso Porto, crese que os frades, neste segundo emprazamento, levaron a cabo a construción de dous templos, dos que o primeiro desaparecería coa construción do segundo. Este último, cuxos restos conservamos, caracterizaríase por presentar maiores dimensións que o anterior e é no que se observa, de forma máis nítida, a influencia do veciño templo que os franciscanos levantaran previamente na cidade pontevedresa e que serviu de modelo para o segundo que os predicadores edificaron.

Boa proba da influencia desta igrexa franciscana sobre a que construíron os predicadores na cidade pontevedresa apréciase na importancia que adquirirá a cabeceira do templo con respecto ás demais partes; en concreto, o seu protagonismo faise patente na amplitude que presenta a ábsida central en detrimento das laterais ou na incorporación no interior da Capela Maior do friso de arcos cegos que percorre a zona inferior do seu alzado²³, características que implican que, coa construción deste segundo templo, os dominicos superaron amplamente, tal e como se observa nos restos hoxe conservados, o modelo tipolóxico franciscano.

Polas mandas testamentarias conservadas crese que o primeiro templo que os frades de San Domingos construíron neste solar, ao que se desprazaron desde o asentamento primitivo, estivo probablemente marcado pola simplicidade. Esta construción, seguindo as achegas documentais, probablemente se iniciase ao redor de 1330 pola Capela Maior, xa que é este ano cando o notario de Redondela, Martín Pérez, e a súa esposa, María Fernández, conceden cen libras pequenas de portuguesas para «aiuda de faser o coro»²⁴. Este templo será moito menos ambicioso que aquel cuxa construción emprenderán os frades cara a finais desta mesma centuria. Así, este respondería a unha tipoloxía de nave única con cabeceira organizada con tres ábsidas, das que a central adoptaría unha solución hemipoligonal, e as laterais, debido á necesidade de controlar o gasto,

23. Manso sitúa a construción da igrexa franciscana entre 1310 e 1360, o que a converte en modelo para as novas igrexas mendicantes que tanto as monxas de Santa Clara coma os frades de Santo Domingo constrúen na cidade. Prototipo que tamén funcionará para outros templos galegos, coma o de San Domingos de Tui. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 488.

24. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 23; Con respecto a esta doazón, Villaamil y Castro apunta que é este ano cando se deberon de iniciar as obras da cabeceira do templo, xa que «á la qual se le designó en la citada escritura con la palabra coro, que con mucha frecuencia aparece aplicada al ábside mayor de las iglesias». VILLAAMIL Y CASTRO, J.: *Iglesias gallegas en la Edad Media...* *Op. cit.*, p. 171. Xunto con este legado, ao ano seguinte, un veciño da cidade, Domingo Martínez, dispón no seu testamento unha cantidade de tres mil maravedís para a «obra da capela do altar grande», encargándolle ao prior, en calidade de testamenteiro, que fose leal no destino da cantidade asignada. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 23.



Fig. 9. Joaquín Pintos (1881-1967). Vista parcial da cabeceira e cerramento do convento de San Domingos de Pontevedra




Fig. 10. Arquivo Novás. Ruínas de San Domingos. Interior da capela maior, ca. 1896

responderían a plantas rectangulares. Esta cabeceira completaríaase cun sinxelo transepto e unha nave, realizados con materiais de non demasiada calidade²⁵.

Xunto co legado de Martín Pérez e a súa esposa, María Fernández, para a construción da Capela Maior, tamén se conservan outros, datados nesta mesma década, que fan referencia a doazóns para as capelas de Santa Catalina de Alexandría ou da de San Xurxo²⁶, espazos que se atoparían no ámbito conventual, probablemente nas inmediacións do claustro, xa que este non se comezou a construír antes de 1373²⁷.

En canto á construción do segundo dos templos que os dominicos levantaron neste asentamento urbano²⁸, crese que as obras de renovación deberon comezar pola cabeceira da igrexa, do mesmo xeito que sucedía co anterior, e ao redor de 1383, afirmación que se establece pola información que achegan dous legados testamentarios realizados polo tendeiro Alfonso Eáns, quen no mes de xaneiro dese mesmo ano lles destina no seu certificado de derradeiras vontades ao convento pontevedrés e á súa comunidade relixiosa dúas cantidades de diñeiro importantes. Así, na primeira fai referencia á construción da cabeceira do templo «(...) para obra da cabeza de dito Mosteiro que esta comezada, trescentos maravedís (...)» e, na segunda, destina unha cantidade maior para o mesmo fin:

25. Manso Porto apunta, seguindo a tipoloxía doutras igrexas mendicantes, esta configuración para o desaparecido templo do convento pontevedrés. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 488.

26. A doazón para a capela de Santa Catalina realízana Duran Pérez e a súa esposa, Elvira Eáns, veciños de Pontevedra, en 1330. Ambos os dous se definen como propietarios e padróns da capela, e por ela deixan unha renda anual de medio quintal de aceite para a lámpada; o mesmo sentido que esta doazón é o que está presente na que realiza María Páez para a capela de San Xurxo. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, pp. 23-27.

27. Para establecer esta cronoloxía Manso Porto baséase en que, a pesar do elevado número de mandas testamentarias que se posúen desta construción, non se conserva ningunha cronoloxicamente anterior a esta data que faga referencia ao claustro do convento. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 486.

28. A construción deste segundo templo explícase polo elevado número de solicitudes de inhumación que recibían os frades e que se acompañaban de importantes doazóns, ben en forma de legados testamentarios ou ben por motivos piadosos. Este incremento de recursos permitiulle á orde acometer a construción dun segundo templo, dunhas dimensións máis monumentais que o anterior. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 488.



Fig. 11. Capela maior de San Domingos de Pontevedra. Foto actual

(...) Item mando máis que den para aquela obra deste dito Mosteiro de San Domingo que se agora faz en aquelas Capelas, e cabeza deste dito Mosteiro a miña parte dos sete mil maravedís de brancas (...)».

Junto con estos dos legados, establece un terceiro en el que ordena que el remanente de los bienes que posee en Pontevedra, en Sevilla y en Franza, lo destinen a «obras pías y a la (...) obra do Mosteiro de San Domingos de Pontevedra para axuda da cabecera que se faz (...)»²⁹.

A pesar de que a obra debeu de contar con importantes doazóns que axilizaron a súa construción, crese que esta non se concluíu ata os anos 1390 ou 1400, xa que é o 19 de xullo de 1390 cando o doutor frei Antonio de Quireza lle doa ao convento unha casa que posuía na Rúa da Feira, e pola que, unha vez acabada a obra ou cando esta se atopaba nun estado de construción xa moi avanzado, se lle recoñecía «(...) por muita prestanza e axuda de boso que figestes a obra da cabeza do dito Mosteiro para que a dita casa foi mandada, atanto que nos outorgamos por entergos e ben satisfeitos de todo o justo prezo (...)»³⁰.

En función destas achegas documentais crese que o inicio das obras do primeiro dos templos que os predicadores levantaron na cidade pontevedresa comezou ao redor de 1330 e, seguramente, as súas obras empezaron pola cabeceira. A construción da casa conventual dominica debeu de prolongarse ata 1350, xa que o seu templo foi rapidamente substituído por outro moito máis ambicioso, situación que non é exclusiva da construción impulsada polos frades predicadores³¹, senón que foi común ás construcións que as ordes mendicantes levantaran no momento máis inmediato ao seu establecemento na urbe³².

29. Xunto con estas mandas testamentarias para a construción do novo templo, Alfonso Eáns expresaba tamén nas súas derradeiras vontades o seu desexo de ser enterrado no claustro do convento, para o que destinaba unha cantidade, a maiores das xa achegadas, para a celebración de cincuenta misas ao ano. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 30.

30. Pardo Villar informa que a devandita casa foi vendida nese mesmo ano, tal e como figura na escritura pública, por frei Alonso ao carnicero de Pontevedra Juan González por importe de 600 maravedís. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 32.

31. A renovación dos templos mendicantes de Pontevedra foi posible polo padroado que sobre eles exerceron a nobreza e a burguesía local, non só pontevedresa, senón tamén das inmediacións da cidade, o que lle permitiu ao conxunto no século XIV afrontar a renovación das súas fábricas. Situación que non só debeu de afectar os exemplos conventuales, senón que tamén se fixo extensiva a outros espazos pontevedreses de carácter parroquial; é o caso da igrexa de San Bartolomeu, que, en 1337, recibe nunha doazón testamentaria de «230 doubras de ouro para refacemento de igrexa de San Bartolomeu» e dous anos despois, outra «para a obra de san bartolomeu». VILLAAMIL Y CASTRO, J.: *Iglesias gallegas en la Edad Media... Op. cit.*, p. 200.

32. Nestes mesmos anos, tanto os franciscanos coma as clarisas, do mesmo xeito que fixeran os dominicos, substituíron os seus primitivos templos por outros novos. Así, polo que respecta ao templo franciscano, a súa renovación, seguindo a Manso Porto, levouse a cabo na primeira metade do século XIV, mentres que no conxunto de Santa Clara está documentada a substitución da cabeceira do templo nos primeiros anos da segunda metade do século XIV, proxecto que substituiría, do mesmo xeito que sucedeu no caso de San Domingos, outro espazo determinado por unha maior simplicidade. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, pp. 487-488.

Esta segunda construción, do mesmo xeito que a primeira, foi posible polo alto número de mandas testamentarias das que se beneficiaron a comunidade relixiosa ou os propios frades na segunda metade do século XIV; compromisos que nos séculos finais da Idade Media converterían o convento pontevedrés nun importante propietario de terreos urbanos, que incluían, xunto con terreos e inmobles, outros medios de produción coma adegas, muíños, lagares ou tendas urbanas, dos que a comunidade conventual obtiña importantes réditos. A estas posesións habería que engadirllas os amplos terreos e hortas nos que se atopaba o convento de predicadores³³.

A estes ingresos habería que sumarllas os que percibía a comunidade relixiosa dos membros máis relevantes da sociedade en concepto de doazón, xa que estes doantes destinaban significativas cantidades para o mantemento dos espazos funerarios que, ben coa dotación de capelas ou ben sen elas, se establecían no interior dos conventos. Así, para o caso do conxunto edificado en Pontevedra destaca o respaldo outorgado pola liñaxe dos Sotomayor, que fixeron da Capela Maior deste templo o seu lugar de enterramento e cuxo padroado foi recoñecido en 1615 polo propio convento³⁴:

(...) El patronato de este Convento era libre, hasta el año de mil y quinientos que la casa de Sotomayor se introdujo en el sin que hubiera contrato alguno, por donde el convento debiera reconocerle por Patrono, y así en 30 de Agosto de mil quinientos noventa y cuatro, gano provisión de la Real Audiencia para hacer información (como la hizo) en que probo que el patronato de dicho Convento no era de Diego de Sotomayor ni de su casa. Por esta razón el 17 de abril de 1619, ante Alonso Cabral de numero de esta Villa el Convento de la una parte y de la otra Don Fernando de Sotomayor y doña Maria de Abreu su mujer haciendo relación de pleitos, por mil y cien ducados que el Convento pedía al sobredicho, por razón de dos legados. Uno de Doña Teresa de Sotomayor en que manda doscientos ducados para que se comprase renta y dotasen dos misas cada semana. Otro de Don Paio de Sotomayor de quinientos, los ciento para reparos de la Capilla Maior y los cuatrocientos para dotación de otras dos misas. Y otros tres que habían dejado Fernando Yañez de Sotomayor y Doña Mayor de Sotomayor y no haber quedado vienes libres para dichas dotaciones. Se convinieron de que el Convento les reconoce por patrono insolido de la Capilla maior con todas las circunstancias necesarias

33. Entre as posesións que se relacionan co convento de San Domingos, ademais do espazo no que se atopaba o convento, cómpre mencionar na vila máis de vinte casas e soares, adegas e lagares localizados nas rúas Cega, dos Caas e da Correaria; un muíño no Burgo Pequeno, e unhas canteiras nas Corbaceiras. A estas propiedades habería que engadirllas as pezas de viña que tería nas freguesías de San Mamed de Moldes, Santa María de Bora, Santa María de Mourente, San Miguel de Marcón e algunhas outras afastadas da propia cidade. ARMAS CASTRO, X.: *Pontevedra en los siglos XII al XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera medieval... Op. cit.*, p. 229.

34. En 1615 os frades de San Domingos recoñecéronlle a don Fernando de Sotomayor e a dona María de Abreu o padroado da capela principal do convento. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra... Op. cit.*, p. 128.

y se obligan a decir la misa maior por su intención y responso rezada (p. 10) y se extinguen las fundaciones de las siete misas rezadas. Y dicho Don Fernando ha de dar al Convento, mil y cien ducados: los ciento para reparos de dicha capilla dentro de seis meses, los 200 en contado para necesidades del Convento y los 800 se obligan a emplear en renta. Y mientras no se obligan a los reditos*, que son 40 ducados. Hipotecó dicho Don Fernando su renta del Partido de Tomera y Marcón, y dicha Doña Maria de Abreu sus bienes dotales, con condición. Que si el sobre dicho o sucesores sacasen bulla para (...) de renta eclesiástica para dicho convento queden libres de los 40 ducados. Y si excediere de dicho seis ducados hasta 120 ha de tener el convento una carta de moral y si no llegase a los 120 es condición que el exceso de los 60 ha de disponer dicho Don Fernando o sucesores (con parecer del Prior) en misas u otra obra pia de dicho convento (...)»³⁵.

Xunto con esta liñaxe, outra que tamén estableceu o seu padroado nesta mesma cabeceira, aínda que nunha capela diferente, foron os Montenegro³⁶, que fundaron o seu espazo funerario no propio templo, que tiña, segundo nos informa o tomo de San Domingos, dous espazos: o primeiro sería o da «Capilla del Espíritu Santo Vieja o de Soriano»³⁷ e o segundo, a chamada no documento «Capilla del Espíritu Santo Nueva, hoy del Rosario»³⁸, que se atoparía na zona norte da nave do cruceiro.

35. *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, pp. 9-10.

36. ARMAS CASTRO, X.: *Pontevedra en los siglos XII al XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera medieval...* *Op. cit.*, p. 232.

37. «(...) Esta capilla es la que hoy llaman de Soriano es la de los Montenegro, no hallo papel autentico solo si que en el año 1554 Teresa Sanchez de Montenegro, Viuda de Pedro Cru avimento sus bienes en Lope de Montenegro su nieto y se mando enterrar en dicha capilla del Espíritu santo vieja, que queda de sus antepasados, y donde esta enterrado Tristan de Montenegro su hijo y sobre dicho vínculo se lo digan en dicha capilla tres misas rezadas cada semana con un carnero de ofrenda, 2 reales de pan y 3 azumbres de vino. Pasi este vínculo ante R Garcia de numero de esta villa (...)». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 17.

38. «(...) Esta capilla es donde esta al presente Nuestra Señora del Rosario; también de los Montenegro que por haber recaído el derecho de las dos capillas en uno, las pongo juntas. Lope Sanchez de Montenegro, gran canciller de Milan, el año de 1557 otorgo su testamento en el avincula sus bienes con la obligación de que sus herederos han de hacer decir en este Convento y Capilla nueva del Espíritu Santo dos misas cada semana, y otra de Requiem cantada día de Difuntos; y por sus herederos a Don Luis y a Don Antonio Montenegro sus hermanos, que Don Luis sea usufructuario y a su muerte herede Don Antonio. Parece que Don Luis reedifico esta capilla y por su remate entro Don Antonio». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 17.



Fig. 12. Francisco Zagala (1842-1908). Vista das capelas do lado da Epístola. Pontevedra. Museo de Antigiüidades

Grazas a estes ingresos, froito das diversas doazóns, o convento puido afrontar a renovación da igrexa conventual cunha obra de maiores dimensións do que era habitual nos templos das ordes mendicantes; as razóns desta grandilocuencia arquitectónica baseábanse, por unha banda, en darlles resposta ás necesidades espaciais dos predicadores e, por outra, na reafirmación do poder que esta orde estaba a adquirir na cidade.

Este templo, a pesar dos escasos restos que se conservan, que se limitan ao espazo da cabeceira e da nave do cruceiro, respondería, desde o punto de vista tipolóxico, seguindo un plano de cronoloxía posterior³⁹, a unha igrexa de planta de cruz latina, cunha única nave organizada en varios tramos, transepto saínte, e unha cabeceira, moito máis complexa que a precedente,

39. *Historial y planos de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra (1869-1985)*, AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-19.




Fig. 13. Plano do convento de San Domingos de Pontevedra. Fonte: *Historial y planos de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra, 1869-1985*, AMPo, Comisión Provincial de Monumentos, 1-19

constituída por cinco ábsidas hemipoligonais, das que a central presenta unhas dimensións maiores que as súas colaterais, non só en altura, senón tamén en profundidade.

Crese que este segundo templo se comezou a construír arredor de 1380 e, do mesmo xeito que no primeiro que os frades levantaron, as obras comezaron pola cabeceira, e as cinco ábsidas que a compoñen rematáronse aproximadamente na última década do século XIV (1390-1400). Unha vez concluído este espazo, a actividade construtiva proseguiu, seguindo o procedemento habitual neste tipo de construcións, polo transepto e a nave, espazo para o que Caamaño Martínez propón unha cronoloxía «no anterior al último cuarto del siglo XIV»⁴⁰, aínda que se pensa que estas obras se prolongarían durante o primeiro cuarto do século XV⁴¹.

No que respecta á cabeceira do templo, a construción da Capela Maior foi posible ao contar o convento cunha dobre fonte de financiamento; por unha banda, os ingresos que proceden das achegas da nobreza e da burguesía e, por outra, os relacionados coa propia orde relixiosa. Sábese

40. Caamaño Martínez establece esta cronoloxía para o transepto da igrexa de San Domingos, ao relacionala, canto ao estilo, coa obra da cabeceira do templo. CAAMAÑO MARTÍNEZ, J. M.: *Contribución al estudio del gótico en Galicia*, Valladolid, Imprenta-Server-Cuesta, 1972, p. 193.

41. Manso Porto atribúe para a construción do transepto e da nave do templo unha cronoloxía de 1390-1415. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia los dominicos...* Op. cit., p. 489.




Fig. 14. Arquivo Novás. Vista xeral das ábsidas de San Domingos, ca. 1904

que en 1410 Juan Pérez do Forno establece unha manda para que lle sexan entregadas anualmente ao convento dominico tres libras de cera para que se alume o altar maior ata que se consuma o día de Pascua de Resurrección⁴², doazón que implicaba que nesta data este espazo xa fora construído.

A importancia desta Capela Maior radica, como se indicou, en que foi esta a seleccionada pola poderosa liñaxe dos Sotomayor como capela funeraria, para o que Fernán Yáñez de Sotomayor realizaría dúas importantes doazóns, unha en 1428 e outra en 1433, nas que se alude á fundación do padroado e á construción de catro sepulcros neste espazo⁴³.

42. Para iso, Juan Pérez do Forno hipotecará unha casa que se atopa na rúa «do Campo da Herba», que será entregada ao convento polo seu sobriño en 1433. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 32.

43. En 1428 adquire a Capela Maior para enterro seu e dos seus descendentes, á vez que funda unha misa cantada nela, e a dota de 150 maravedís vellos sobre os seus bens máis próximos á vila de Pontevedra; pola súa banda, en 1433 realizará outra escritura na que alude á do ano 1428, na que declara que se estaban facendo catro monumentos funerarios sepulcrais na Capela Maior, para el, para a súa nai e para os seus dous avós, dos que tres xa estaban asentados. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 32.

Xunto co padroado dos Sotomayor na Capela Maior, tamén cómpre sinalar o que establece Diego Álvarez de Sotomayor na segunda capela ao lado da Epístola, ámbito que se converte na súa capela funeraria. Esta, aberta baixo a advocación de santo Tomás⁴⁴, aparece xa citada en 1406 nas súas derradeiras vontades, argumento que aduce Manso Porto para atribuír a conclusión desta obra cara ao ano 1405⁴⁵; nela, anos despois, recibirá tamén sepultura o seu fillo Payo Gómez de Sotomayor, quen en 1454 reitera no seu testamento que a capela fora financiada polo seu pai e por el; xunto con este recoñecemento ordenaba tamén a construción do seu sepulcro e o do seu irmán⁴⁶.

Outra das liñaxes importantes que asentaron os seus espazos funerarios e fundaron padroado é a dos Montenegro. Estes establecéronse na primeira capela absidal ao lado da Epístola, espazo aberto baixo a advocación de san Pedro Mártir, e que sería coñecido desde 1491 como do Bo Xesús. Crese que esta capela se construíu ao redor de 1383, aínda que en 1491 debeu de ser obxecto dalgunha remodelación importante, tal e como figura no testamento do mercador Gonzalo López de Montenegro, no que ordena o seu enterro neste espazo: «(...) ena Capela do Bon Jesus que se ahora labra eno dito Mosteiro eno Moimento que dentro da cita Capela esta e se faze (...)»⁴⁷.

Canto ás capelas absidais ao lado do Evanxeo, a segunda capela ábrese baixo a titularidade de santa María Magdalena, advocación que xa se relaciona co convento en 1360, data na que María Eáns de Berducido lle legaba a unha capela aberta baixo esta mesma advocación un azume de viño; debido ao temperán da cronoloxía na que se realiza esta doazón, e ao ter presente que a cabeceira deste conxunto, como se indicou, non se comezaría a construír ata a década dos oitenta do século XIV, crese que esta manda estaría destinada a outra capela que, baixo a mesma titularidade, se abría no primeiro dos templos que os dominicos construíron na cidade⁴⁸.

44. Esta capilla con posterioridade recibiu o nome de Santo André e, na actualidade, o de San Pedro Mártir. Dela no tomo indícase: «(...) Esta Capilla fue de Diego Alvarez de Sotomayor el cual el año de 1406 le dejo el Casal de Bara con otros que tenia ya dejado, y le digan cada día una misa esta esta escritura en pergamino suelto (...)». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 23.

45. Manso Porto establece esta cronoloxía alegando que a capela xa se atopaba en funcionamento cando Diego Álvarez de Sotomayor outorga testamento. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 489.

46. Payo Gómez de Sotomayor dispoñía no seu testamento que nesta capela se fixese o seu sepulcro e que, mentres este non se concluíse, se depositasen os seus restos mortais no do seu pai, á beira do que deberían de construír o seu. Igualmente ordena que se levante outro sepulcro para o seu irmán Juan, na parte de fóra da capela, por non haber sitio no interior. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 115.

47. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 113.

48. Manso indica que esta doazón poñería de manifesto que a igrexa antiga en 1360 aínda se conservaba, e iso tamén serviría para reafirmar o feito de que as doazóns que a orde recibiu fosen destinadas á fábrica conventual. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 490.



Fig. 15. Francisco Zagala (1842-1908). Vista das capelas do lado do Evanxeo. Detalles do Museo

Esta, en época moderna, vinculouse a Antonio Sarmiento de Montenegro, quen en 1586 fundou nela o seu padroado baixo a advocación do Espírito Santo e estableceu nela a súa capela funeraria e a da súa familia, á que pertenceu ata o ano 1627, cando pasou a estar rexida polo padroado da Casa de Tebra, titularidade que se mantivo ata 1835⁴⁹.

A primeira das capelas absidais do Evanxeo, pola súa banda, ábrese tamén baixo a advocación do Espírito Santo⁵⁰, e o seu padroado pertencía, do mesmo xeito que na anterior, á familia dos Montenegro, liñaxe coa que se relaciona ata 1835⁵¹. Será este espazo no que recibe sepultura Tristán

49. Tal e como indica Prado, en 1835, don Apolinar Suárez de Deza pagáballe ao convento, por padroado e misas da fundación, a cantidade de cento noventa e cinco reais. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 113.

50. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 490.

51. Pardo sinala como neste espazo recibiría sepultura don Tristán de Montenegro, do que se conserva unha inscrición que así o indica e o seu bisneto don Fernando de Montenegro. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 113.

de Montenegro e, a diferenza do sucedido noutros espazos absidais, nesta non se materializaron transformacións ou cambios significativos.

Unha vez acabada a obra de renovación do templo dominico, o labor da orde centraríase probablemente na fábrica conventual, na que, do mesmo xeito que sucedera coa igrexa, se emprendeu a reforma e ampliación das dependencias comunitarias, obras que deberon de continuarse no tempo e foron posibles, tal e como ocorrera coa propia igrexa, grazas ao alto número de legados que a burguesía pontevedresa lle outorgou ao convento de predicadores e que se centraban basicamente en doazóns destinadas á iluminación dos altares do templo.

Unha das obras que se inicia a finais da Idade Media e que terá relevancia debido á importancia do espazo é a Sala Capitular. A capela do Capítulo, tamén coñecida como dos Reis ou das Neves, estaba situada no lenzo sur do claustro e organizaba o seu espazo en dous tramos, separados entre si por un arco. Esta capela, a partir de 1612, por un acordo asinado o 30 de marzo dese mesmo ano entre o propio convento e Antonio Pazos de Figueroa, cabaleiro da Orde de Santiago, ante o escribán de número de Pontevedra, Rodrigo de Bugarín, pasa a ser do seu padroado, de acordo coas seguintes cláusulas:



Fig. 16. Francisco Zagala (1842-1908). Arcos da capela do Capítulo

- (...) 1. Que dicho Don Antonio de Pazos ha de dar a dicho Convento cada año 120 ducados castellanos, y dicho Convento le ha de ceder dicha Capilla y decir una misa diaria.
2. Que dicha capilla ha de quedar impperpetu y para el y sus sucesores, con lo a ella anejo y perteneciente para siempre.
3. Que en dicha capilla no se ha de enterrar religioso, jamás ni de esta Orden ni de otra ni persona de cualquiera cualidad que sea sin consentimiento suyo o de sus sucesores.
4. Que el convento ha de levantar el paño del Claustro y sino lo haga Don Antonio y sus herederos a costa de los 120 ducados y que se le han de decir las misas.
5. Que pueda romper las paredes de dicha capilla si necesitare para su seguridad, así por la parte de adentro como de afuera, para fundar estribos como no salgan al claustro, ni impidan las procesiones, y si alguno impidiere el tránsito de la escalera por donde se sube al Convento, que dicho Don Antonio a su costa á de dar echa la escalera, por otra parte mas conveniente. Y si debajo de tierra de dicha capilla quisiese hacer bóveda u otro cualquier edificio pueda hacerlo a su voluntad.
6. Que dicho Convento ha se sacar el altar del Espíritu Santo y pasarlo a otra parte.
7. Que se pueda abrir ventanas a la huerta, si necesitase luz.
8. Que, por la parte de afuera, o dentro en la pared de dicha Capilla, pueda poner las ramas, molduras y letreros que le pareciere.
9. Que los ornamentos que quisiera poner han de servir solo para su capilla.
10. Que se ha de decir imperpetuy [sic], una misa rezada cada día con responso pare el y sucesores, los días de precepto a las once en invierno y a las diez en verano y se ha de hacer señal con la campana grande.
11. Que el día de Nuestra Señora de las Nieves, la misa sea solemne con ministros y sermon.
12. Que si en algún tiempo faltaren dichas misas y el Convento cumpliese de su parte dichas Capitulaciones e cada una de ellas, haya de devolver (p. 12) dicho convento a Don Antonio y sus Herederos, todo lo que hubiere gastado y puesto en otro edificio (...) ⁵².

52. *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, p. 23.




Fig. 17. Arcos da sala Capitular, 1956

O elemento máis destacable deste espazo é a súa arcada de ingreso; xunto coa importancia das súas formas, o seu valor radica en que é unha das escasas arcadas de salas capitulares que, procedentes de edificios conventuais mendicantes, se conservan en Galicia relacionadas coas formas estilísticas propias do estilo gótico⁵³; xunto con esta significación formal, tamén cómpre considerar que, neste caso, este xogo de arcos sintetiza a historia do propio convento, xa que é unha estrutura que sobreviviu á acción da picaraña, actuación que supuxo a práctica desaparición das dependencias conventuais, procedemento no que os arcos deberon de ser obxecto de desmonte⁵⁴, para posteriormente ser trasladados fóra da cidade de Pontevedra, ata

53. Caamaño Martínez sinala que son unicamente dúas as arcadas das salas capitulares que se conservan dos conventos galegos, a de San Francisco de Santiago e a de San Domingos de Pontevedra. CAAMAÑO MARTÍNEZ, J.: *Contribución al estudio del gótico en Galicia... Op. cit.*, p. 315.

54. «(...) Arcada de cinco ojivas equiláteras. Siglo XV. Hallase desmontada y perteneció al antiguo convento de Santo Domingo. Hallabase en el lienzo meridional del Claustro. Se componía de cinco ojivas con archivoltas de flores cruciformes prismáticas, y cada ojiva contenía dos arquiteos gemelos trebolados y un rosetón cuadrifolio. En el ingreso dos cabezas de leones (...)». Balsa de la Vega, R.: *Catálogo monumental de la provincia de Pontevedra* (vol. 1), 1908, p. 114.



Fig. 18. Finca González Besada en Poio, ca. 1929

que, tras unha decisión da Comisión Provincial de Monumentos e a instancia do Servizo de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional, se produce o seu posterior retorno ao edificio, cando este xa se convertera no Museo Arqueolóxico.

Estes arcos, aínda que con restauracións posteriores, entre as que destaca a ordenada polo cardeal Payá no século XIX⁵⁵, relaciónanse cronoloxicamente cunha obra do século XV. Con todo, a súa importancia radica non só en que non foron obxecto de destrución, coma outros presentes no espazo conventual, senón tamén en que serán os seleccionados en 1944 para monumentalizar o acceso ás dependencias do Museo Arqueolóxico Provincial⁵⁶, o que, sen dúbida, obrigou a novas

55. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 120.

56. Tal e como figura na acta da reunión celebrada o 29 de agosto de 1945 da Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos, a comisión aprobou a proposta remitida polo comisario da zona do Servizo de Defensa do Tesouro Artístico Nacional para colocar os arcos no «muro que separa las Ruinas del actual patio», co que se trataría de obter «una mejor perspectiva de las Ruinas de la Iglesia de Santo Domingo y pudiéndose exponer los expresados arcos que eran uno de los elementos más interesantes del antiguo convento (...)». «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda al respecto de la colocación de los arcos en las ruinas del Convento de Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 29 de agosto de 1945. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 65-67.

intervencións nesta arcada de entrada ao antigo Capítulo. Tamén se aprecian restauracións na capela na que se atopaban, espazo que no século XVII, a pedimento do seu padrón, Antonio Pazos de Figueroa, sufriu unha importante remodelación e actualización arquitectónica que eliminaría calquera resto de obra gótica que nela se atopase.

É neste mesmo século, no XVII, cando se emprenden intervencións de mellora nalgunhas das partes do convento que, sen dúbida, se atopaban en mal estado de conservación ou, pola contra, nunha situación pouco apropiada cos ditados do gusto do momento. No marco destas actuacións o convento modernízase coa creación de novas dependencias, coma é o caso da botica⁵⁷. Así, é agora cando dá comezo, xunto coa remodelación de estancias xa existentes para adaptalas ás premisas dos novos estilos, a creación doutras ou a actualización das funcións ás que se destinaban as antigas dependencias conventuais.

Esta actualización da fábrica conventual pontevedresa, tal e como sinala Taín Guzmán, concreouse na renovación do corpo de celas «(...) que mira al conbento de San Francisco de la dicha villa, que es desde el campanario de la ygleçia de dicho convento asta la ventana y mirador que sale a la güerta nueva (...)»⁵⁸, na creación dunha nova sancristía, cinco anos despois de que o espazo para os dormitorios da comunidade fose obxecto de renovación⁵⁹, e na creación dun retablo maior e dunha custodia para a igrexa gótica. Trátase dun conxunto de obras que afectaron de maneira máis directa o edificio conventual que o templo, aínda que neste último espazo as actuacións documentadas se limitaron á renovación do mobiliario litúrxico.

57. Seguindo a Pardo Villar, esta dependencia foi construída en 1756. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 96.

58. O 18 de abril de 1684 os carpinteiros pontevedreses Pedro de Carabelos, Gabriel Martínez, Benito Dorrio, Antonio López e Antonio Durán Dias concertan reedificar o corpo das celas, aínda que a súa intervención pódese dicir, seguindo a Taín Guzmán, que foi de urxencia, xa que só se renovaron aqueles materiais danados de solos, portas, tabiques e tellados. TAÍN GUZMÁN, M.: «Obras en el convento de Santo Domingo de Pontevedra a finales del siglo XVII», en *Archivo Dominicano*, Anuario XVIII, 1997, pp. 161-162.

59. O 2 de abril de 1696 os mestres de obras Benito de Pintos e Benito González axustan a construción no prazo dun ano dunha nova sancristía, que tería unha planta rectangular. TAÍN GUZMÁN, M.: «Obras en el convento de Santo Domingo de Pontevedra a finales del siglo XVII»... *Op. cit.*, p. 163.

Dentro da mellora das dependencias que se realizan neste convento dominico no século XVII cómpre mencionar a que afecta a capela do Rosario. A diferenza do acontecido con outras que tamén foron obxecto de intervención, para a remodelación desta capela os frades solicitáronlle permiso ao Concello da cidade, xa que afectaba o chamado Campo de San Domingos⁶⁰.

Se as reformas do século XVII se centraban basicamente en actuacións nas dependencias nas que os frades desenvolvían a súa vida comunitaria, esta tendencia seguiríase mantendo na seguinte centuria. Así, no século XVIII, tal e como figura no tomo do convento de San Domingos, en 1723 foi necesario prestarlle atención ao estado no que se atopaba o convento, o que levou a emprender novas obras. En consecuencia, a partir deste ano produciuse a renovación do «(...) cuarto nuevo, por la penuria que había de Celdas, fábrica de la Campana grande, y otras dependencias del oficio»⁶¹. Estas intervencións poñen de manifesto, seguramente, que o estado de conservación das estancias conventuais presentaba notables deficiencias que os frades trataron de emendar. Se durante os séculos XVII e XVIII o interese das actuacións de renovación se centrou nas dependencias conventuais, esta tendencia vai experimentar un cambio nos primeiros anos do século XIX, no que os frades predicadores centrarán a súa atención no templo, que tamén adoeecía dunhas condicións de conservación pouco adecuadas.

Así, nada máis empezar a nova centuria, os dominicos decidiron iniciar a renovación da fábrica do templo. En concreto, acordan derrubar a antiga nave gótica e substituíla por outra que construírán seguindo o gusto grecorromano. As razóns para esta reforma pódense vincular cunha dobre causa; por unha banda, a deterioración que a fábrica da antiga igrexa gótica debía de presentar e, por outra, a necesidade de adecuar o templo conventual, que seguía dependendo dos estritos parámetros medievais, aos gustos estéticos dos primeiros anos do século XIX.

60. En 1652 os frades solicitáronlle ao Concello un permiso para poder alongar o espazo da capela do Rosario, baseándose na extensión do campo de San Domingos, que era propiedade do propio convento; con todo, a pesar desta situación, en 1798 o Concello de Pontevedra fíxose cargo do mencionado campo, e apropiouse da totalidade do terreo. Iso provocou que cando se fixo o camiño da Peregrina, por orde do conselleiro de Estado, don Pedro de Acuña, o Concello se apropiara dunha franxa de terreo de oito cuartas de ancho, todo ao longo do espazo, sen ningunha indemnización, ante o que o convento se viu obrigado a reconstruír o muro de cerramento do convento. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* Op. cit., p. 90.

61. Tal e como se recolle no tomo, Domingo de Arredondo, autor da compilación dos documentos do convento, respecto destas obras, indica: «Y cuando estaba para emprender esta importante obra en año de 720 me hicieron salir con segundo Precepto, á Prior de Monforte, de donde vine el de 23 por Prior á este. Mandé hacer este libro, pero no pude emprender esta obra. Por haber entrado en la del cuarto nuevo, por la penuria que había de Celdas, fabrica de la campana grande y otras dependas de el oficio, las que no me dieron lugar á ello.». *Tumbillo de Santo Domingo (1283-1721)*. AMPo. Sign. Sampedro, 21-1/1, pp. 26-27.



Fig. 19. Ruínas de San Domingos, cos restos da «igreja nova». MANSO PORTO, C.: “El exconvento de Santo Domingo de Pontevedra”, *Pontevedra, Revista de Estudios Provinciais*, n.º 3 (1987), pp. 33-41

Estas razóns alegadas pola comunidade non reflectían a realidade desta construción, nun deplorable estado de conservación, que se relacionaba, en parte, cos danos producidos en 1719, ano no que tivo lugar o ataque inglés á cidade⁶², ao que habería que engadirle as reducidas dimensións do templo medieval. Segundo estes criterios, era necesario ampliar este espazo para poder realizar os oficios coa dignidade debida e de forma adecuada desde o punto de vista espacial, xa que, tal e como apunta Manso Porto, a asistencia de fieis aos oficios relixiosos celebrados no templo dominico debía de ser importante e frecuente.

62. FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Prólogo», *Labras heráldicas del Museo de Pontevedra*. Ruinas de Santo Domingo. Pontevedra. Excma. Deputación Provincial, 1991. p. 2.

Para conseguir estes fins, o prior e a comunidade do convento expoñen o 16 de abril de 1804, nun escrito dirixido ao Concello da cidade, que:

(...) hallándose con una Yglesia tan deteriorada y diferente de la hermosura del Campo en que se halla, determinaron derribarla y construir otra para mejor culto del Señor, y servicio de esta Villa; Para esto necesita ensancharse como unas dos o tres varas acia el Campo por el lado del Camarin de Nuestra Señora del Rosario, por no echar a perder el paño del claustro de dice a la misma Yglesia.

Ygualmente exponen a Vuestra Señoría que para los cimientos de la Iglesia necesitan de alguna piedra mas dura y solida que la común, y de la misma calidad que la que se halla en las canteras de los Campos de San Roque o San José y considerando que dicha obra no es solo para servicio del Señor y de la Comunidad, sino también para hermosura y beneficio del Pueblo.

Esperan del justificado proceder de Vuestra Señoría tendrá a bien concederle dicho ensanche, y cortar la piedra necesaria para los cimientos en uno de los parages que parezca mas conveniente a Vuestra Señoría y demás comodidad al referido Convento en que recibiran especial merced (...)⁶³.

A corporación municipal acepta esta solicitude tras realizar un acto conxunto para a medición do espazo que vai ocupar a nova nave, na sesión celebrada o 4 de maio de 1804, na que participan Domingo García de Caamaño, capitular do Concello, Pedro de la Riega, síndico e procurador xeral, e Manuel Antonio González, mestre de obras e fontaneiro titular desta vila, na que acordan:

(...) Teniendo como tienen de largo el fundo que ocupaba el lienzo de Pared de la Yglesia que acaba de demolerse por orden de la Comunidad desde su frontis asta tocar con la del Camerin de la Capilla de Nuestra del Rosario, treinta y una baras y media castellanas, y manifestando Fray Josef Alvarez, Maestro que corre con la obra, la nueva hidea con que se promete dirigirla y construirla de nuevo. Declara el Maestro de la Villa, ser muy suficientes tres baras y media castellanas de ensanche contra el Campo del Publico desde los zimientos de la pared vieja desde la del costado del repetido Camerin, que dice a la parte del bendabal siguiendo en derechura a la Portería del Combento por donde se entra para los claustros, o antes de ella, o mas atrás si antes de llegar a ella se quiere formar la fachada de la Yglesia; y conformándose con ello el repetido Fray Joseph Alvarez y Reguera, se mando señalar por los

63. «Escrito del prior y la comunidad del Convento de Santo Domingo al Ayuntamiento de Pontevedra en el que solicitan una ampliación de terreno para la construcción de la iglesia nueva y disponer de una cantera para extraer la piedra para los cimientos». *Instancia del prior del convento de Santo Domingo de Pontevedra al Ayuntamiento para construir una iglesia nueva. Acompaña del señalamiento de terrenos y cantera para dicho fin*. 16 de abril de 1804. AMPo. Sign. Samp Pedro, 18-1, p. 1.

Señores Comisionados las tres baras (p. 4) y media de terreno Publico con una cruz que se formo con un Pico en la repetida pared del Camerin que dice al bendabal. En seguida se paso al Campo de la Tablada que hoy se llama de San Josef, y en el arrimado, o al frente del muro que divide los bienes de los herederos de Felipe Vazquez, se le señalo cincuenta y tres baras castellanas a lo largo acia la parte de arriba, y de ancho cincuenta y una, todo ello de terreno para cantera sin excederse de los límites de la fuente que allí se halla, y del camino que antes bajaba desde el Campo a la Tablada, desde el que Congrosta llamada de los Frailes, y del que asi mismo ba desde la Puerta esta de la villa nombrada del Campo de las Ruedas, por que dicha cantera ha de abrirse dentro de la citada medición siempre encima de la derecha conforme se baja a la Tablada, lo qual se procederá poner presente al repetido Padre Maestro Prior para su inteligencia y que cuide o disponga cuidar como tan digno Prelado no se exceda por el Maestro y operario del terreno y sitios que ban señalados. Asi lo dijeron y firman con dichos maestros de que yo doy fee (...)»⁶⁴.

A pesar desta autorización, concedida polas autoridades en 1804, e de que os relixiosos tiveron que vender algunhas das súas propiedades, coma as que posuían en Santa María de Nigoi, para o que a comunidade lle solicitaría licenza ao provincial da orde, talvez para sufragar parte dos gastos destas obras⁶⁵, estas intervencions de reforma e ampliación do templo, seguindo o establecido no documento, correrían a cargo de frei Josef Álvarez, membro da comunidade e responsable da construción da nova nave do templo. A pesar de que o proxecto se aproba con anterioridade, os traballos de renovación non comezaron ata quince anos máis tarde, en concreto en 1819. Deste espazo, que agora se constrúe, consérvase unha superficial descrición, realizada por Murguía, que permite coñecer como sería o conxunto pontevedrés neste momento:

64. «Acta del señalamiento del terreno y de la cantera para la construcción de la iglesia nueva de Santo Domingo». *Instancia del prior del convento de Santo Domingo de Pontevedra al Ayuntamiento para construir una iglesia nueva. Acompaña del señalamiento de terrenos y cantera para dicho fin.* 4 de maio de 1804. AMPo. Sign. Sampedro, 18-1, pp. 3-4.

65. O documento asinado no convento de Santo Tomás de Madrid, e datado o 2 de agosto de 1805, indica: «(...) El Maestro Fray Francisco Gomez Provincial de la Provincia de España, de la Orden de Predicadores. Por la presente, y por la autoridad de mi oficio, doy Licencia (por comisión especial que tengo de nuestro reverendísimo) al Reverendo Padre Prior y comunidad de nuestro Convento de Santo Domingo de Pontevedra para que pueda vender las posesiones y bienes que dicho convento tiene y posee en el lugar de Santa Maria de Nigoi, precediendo el consentimiento de los padres del consexo, quienes deberán juzgar de la utilidad y conveniencia, que resultará al convento dicha venta, y conviniendo en ella la mayor parte de la comunidad, a quien deberá proponerse Junta y congregada capitularmente, y observando todo lo ordenador y dispuesto por Reales cédulas, Pragmáticas (...). *Autorización de Fray Francisco Gómez, Provincial de la provincia de España de la Orden de Predicadores, al convento de Santo Domingo de Pontevedra, para que se pueden vender los bienes y las posesiones que tiene en Santa María de Nigoi.* 2 de agosto de 1805. AMPo. Sign. Sampedro, 18-2, p. 1.

(...) los que, en otros tiempos, cuando todavía no había puesto el hombre la mano destructora en estas ruinas, las hemos visitado, pudimos hacernos cargo de lo que ha sido aquel templo que los mismos frailes habían empezado a sustituir por otro. El pórtico y nave principal eran ya grecorromanos, de muy buena mano, a la verdad, pero que no compensaba la parte destruida. La sacristía estaba cayéndose, pero mostraba su techo plano con artesonado de granito, que de por sí decía la época de su construcción, y valiosísimos restos de su primitiva ornamentación, entre los cuales recordamos dos bustos, uno de la Virgen y otro de Jesús, dignos de todo aprecio por el tiempo y la ejecución que recordaba la de los mejores del Pórtico de la Gloria de Santiago. En el claustro se veían asimismo los arcos florenzados que daban paso al capítulo (...)»⁶⁶.

O atraso no inicio das obras de renovación da nave, que só uns anos máis tarde se denominará «iglesia nueva», sen dúbida debe de ter a súa explicación nos acontecementos producidos nos primeiros anos do século XIX, en concreto na guerra da Independencia, enfrontamento que, do mesmo xeito que ocorreu noutras cidades, tamén afectou a Pontevedra. Así, durante este conflito armado, coa invasión da cidade por parte do exército francés, o convento, convertido en cuartel para as tropas invasoras⁶⁷, foi saqueado e serviu como aloxamento para os soldados franceses, situación que, sen dúbida, alterou os plans trazados para a renovación da nave do templo.

Sexa cal fose a causa⁶⁸, o certo é que esta cronoloxía para o inicio das obras de renovación da nave, finais da segunda década do século XIX, supuxo un atraso significativo e impediu, debido aos sucesos históricos posteriores, coma o abandono das dependencias conventuais pola comunidade de relixiosos, que a obra fose concluída. Cando ten lugar a exclaustación dos frades do edificio conventual pontevedrés a nave atopábase inconclusa, ao faltarlle as bóvedas e o remate do muro occidental, polo que o convento se viu sometido a unha situación de risco, agravada pola acción dos axentes atmosféricos, o que carrexou deplorables consecuencias⁶⁹.

66. MURGUÍA, M.: *Galicia*, Barcelona, 1885, p. 724.

67. Durante a guerra da Independencia o prior do convento, Bartolomé Fernández, fuxiu ás montañas e foi asasinado polos soldados franceses. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 98

68. Nun documento do Arquivo Municipal que se conserva no Arquivo Provincial de Pontevedra, indícase respecto desta obra: «(...) que en un extremo de la Alhameda de esta capital existe un formal de una obra que hace unos años principió a construirse, con destino a Iglesia, los religiosos dominicos, a fin de unirla a su convento, a que está contigua. La guerra de independencia y las vicisitudes de los tiempos subsiguientes los obligaron a suspender dicha obra que desde entonces quedó abandonada, reducida a cuatro tapias, que no solo causaron una deformidad que daña el ornato (...)». DIAS MONTENEGRO, P.: *Pontevedra 1834-1868: Actividad artística de una capital de Provincia... Op. cit.*, p. 218.

69. MARTÍNEZ, A.: *Memorias de Galicia*, T. I, 1856, p. 108.

Boa proba desta situación de deterioración é a descrición que proporciona Antonio de la Iglesia, quen, tras deixar constancia do excepcional que supón a conservación destes restos, xa que «(...) hace decenas de años que lo principal de los mismos se hayan sin tejados ni armaduras, y expuestos sin la menor defensa y abrigo á la constante acción de las lluvias y de toda intemperie del cielo, así como de las furiosas arremetidas de la tierra (...)»⁷⁰, proporciona información tanto da súa fachada coma do seu espazo interior, datos que permiten achegarnos á desaparecida construción. Así, respecto do cerramento indica:

(...) Poco podremos detenernos ante la fachada occidental del templo de Santo Domingo, cuya obra greco – romana quedo por terminar antes de los capiteles de las cuatro pilastras que la adornan sobre el basamento o zocalo, y que constituyen el cuerpo de que se compone, ofreciendo comprendida en ellas la base de las torres con las que se flanquearía la fachada, y de las cuales asoman en lo alto el principio del segundo cuerpo que debían adquirir, si la obra prosiguiese. Abrese el centro de la fachada el vano rectangular de la puerta principal de la iglesia, y arriba la hornacina para la colocación de la estatua del Patrono.

Recorrida luego la vista externa de ambos fastiales, nada presenta de particular la reedificación, a no ser la falta de euritmia y del criterio de las restauraciones, hasta llegar al crucero (...) ⁷¹.

Esta referencia complétase coa información que proporciona respecto da organización interior desta nave que, do mesmo xeito que o resto da construción, estaba determinado pola simplicidade. Así, indica o seguinte:

Penetrando al interior, extiéndese el renovado cuerpo de la iglesia por una superficie de 120 pies de largo, por 36 de ancho, hasta dar en el crucero (...).

A los 60 de la entrada principal termina la extensión que se había regulado para el coro alto, llegando a empezarse los arranques de las cinco arcadas en las que había de sustentarse aquella obra. Cinco pilastras jónicas distribuyen luego los espacios de los muros laterales del templo entre el crucero y el coro, dando origen a otros tantos arcos o capillas, tres de ellas para altares, compartiéndose los otros dos intermedios en cuatro nichos, dos cada una de basa cornisamiento y capiteles, con las repisas o impostas de los arcos, todo bueno. Excusado será manifestar que la obra nueva no pudo alcanzar á construír ninguna bóveda (...) ⁷².

70. IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: «Papeles arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra». *El Anunciador, Diario de la Coruña y de Galicia*, 13 de enero de 1884, p. 2.

71. IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: «Papeles arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra». *El Anunciador... Op. cit.*, p. 2.

72. IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: «Papeles arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra II». *El Anunciador, Diario de la Coruña y de Galicia*, 29 de xaneiro de 1884, p. 3.



Fig. 20. Francisco Prieto (1853?-1892). Vista xeral da cabeceira de San Domingos, ca. 1888

O século XIX suporá para o convento de San Domingos, do mesmo xeito que para moitos outros, un século de problemas e contratempos que marcan o declive e a decadencia do que fora un dos conventos máis importantes e florecentes da cidade pontevedresa e, por extensión, da Orde de Predicadores en Galicia. Polo tanto, este século será un punto de inflexión na historia do conxunto pontevedrés, marcada ata ese momento polo esplendor e crecemento continuo do convento e da súa fábrica.

A pesar do que se pode pensar, as causas deste declive teñen a súa orixe en circunstancias diversas; unhas xerais, que afectan a todos os conxuntos relixiosos españois, e outras particulares, propias da casa dominica pontevedresa. Estas situacións fan que, no seu caso, o declive xeneralizado que sufriron todos os centros relixiosos, polas medidas promovidas e implantadas polo Goberno español, fose especialmente acusado no caso do convento pontevedrés, o que orixinou que a súa fábrica quedase reducida de forma sensible e conservase, practicamente de forma exclusiva, a maxestosa cabeceira do seu templo, que, convertida en ruína e hoxe consolidada, se mantén como símbolo da importancia e esplendor da grandeza do antigo convento dominico.

Dentro dos aspectos de carácter xeral que explican a decadencia do conxunto pontevedrés cómpre mencionar a política desenvolvida polos gobernos liberais, que aprobarán unha serie de medidas transcendentais en relación coas institucións relixiosas e coas súas propiedades; propostas que suporán a práctica desaparición dos mosteiros e conventos en todo o territorio nacional, así como un radical cambio na situación dos bens vinculados a eles.

Xunto con esta política governamental, imprescindible para entender a situación que atravesan os conxuntos monacais e conventuais, tamén hai que facer referencia, no caso da casa dominica pontevedresa, ás circunstancias particulares propias do inmovible nos primeiros anos do novo século. A combinación destes factores xerais e particulares provocará o marco idóneo para que se produza o final da etapa de bonanza que se prolongou, para o convento de San Domingos de Pontevedra, durante máis de seis séculos.




Fig. nº. 21. Elías Díez Altable. Ruínas de San Domingos, ca. 1913

As primeiras medidas aprobadas polo Goberno que afectaron a casa conventual dominica gardan relación co impulso dado polo Estado ao proceso de desamortización dos bens eclesiásticos. Para poñer en marcha este proxecto estableceuse un procedemento, común para todos os casos, que se centraba en tres grandes fases: a primeira correspondíase coa incautación polas autoridades dos bens das comunidades exclaustradas, a segunda consistía na venda, en poxa pública, das propiedades que pertencían ás antigas comunidades relixiosas e que non foran eximidas expresamente polo Estado de ser obxecto de alleamento, e a terceira e última centrábase na exclaustración das comunidades relixiosas¹.

Coa adopción destas medidas, o Goberno perseguía, por unha banda, recortar o poder económico das institucións relixiosas, grandes posuidoras de bens raíces e, pola outra, poñer as súas propiedades á disposición do Estado para, coa súa venda, sanear as maltreitas finanzas españolas. Para iso xerárase unha complicada armazón de leis e decretos que, tras a súa aprobación polas Cortes e a súa entrada en vigor, debilitarán as institucións relixiosas e provocarán a perda, non só dos seus mosteiros ou conventos, xa que na súa maioría os relixiosos foron obrigados a deixar as súas casas conventuais ou monásticas, senón tamén dun importante número de bens raíces asociados a eles.

En relación con esta política governamental, a primeira das medidas que entra en vigor adoptouse o 11 de outubro de 1835; con ela, aludindo a un decreto aprobado polas Cortes o 23 de outubro de 1820, dispoñíase a disolución das ordes relixiosas. Nela recollíase:

1. Quedan suprimidos desde luego, como dispuso por la expresada determinación, todos los monasterios de ordenes monacales, los de canónicos reglares de S. Benito de la congregación claustral Tarraconense y Caesaraugustana; los de San Agustín y los Premostratenses, cualquiera que sea el número de monges o religiosos de que en la actualidad se compongan².

Unha vez producida esta disolución, o seguinte dos pasos que emprende o Goberno afecta xa non as comunidades relixiosas, senón os bens que eran propiedade destas comunidades disoltas. Esta medida resolverase coa entrada en vigor do Decreto do 19 de febreiro de 1836, polo que se

1. REVUELTA GONZÁLEZ, M.: *La exclaustración (1833-1840)*, Madrid, BAC, 1976, pp. 337-339.

2. Tal e como se establece no real decreto, esta medida viña motivada por «(...) los graves males que causaba á la Religión y al Estado la subsistencia de tantos monasterios y conventos faltos del número canónico de individuos que se necesita para la disciplina religiosa, todavía las representaciones que se me han dirigido de varias partes de la monarquía me hacen estimar indispensable y muy urgente una reforma más extensa, considerando cuan desproporcionado es a los medios actuales de la nación, el número de casas monásticas que queda, cuan inútiles o innecesarias son la mayor parte de ellas para la asistencia espiritual de los fieles, cuan grande perjuicio que al reino se le sigue de la amortización de las fincas que poseen, y cuanta la conveniencia pública de poner estas en circulación para aumentar los recursos del estado, y abrir nuevas fuentes de riqueza (...)». «Reales Decretos», *Gaceta de Madrid*, núm. 292, 1835, mércores 14 de outubro, p. 1.

regulaba a incautación por parte do Estado das propiedades que as ordes suprimidas posuían e a súa venda en poxa pública. Con esta normativa establecíase o alleamento:

Art. 1º. (...) desde agora de todos los bienes raíces de cualquier clase que hubieran pertenecido á las comunidades y corporaciones religiosas extinguidas, y los demás que hayan sido adjudicados a la nación por cualquier título o motivo, y también todos los que en adelante lo fueren desde el acto de su adjudicación. Art. 2º. Se exceptúan de esta medida general los edificios que el gobierno destine a servicio público, o para conservar monumentos de las artes, ó para honrar la memoria de hazañas nacionales (...)³.

A estes dous decretos sumariáselles un terceiro que completaría a lexislación, para materializar de forma efectiva o control por parte do Estado das ordes relixiosas e das súas propiedades; o 8 de marzo dese mesmo ano ordenábase a supresión dos centros regulares masculinos e indicábase:

(...) quedan suprimidos todos los monasterios, conventos, colegios, congregaciones y demás casas de comunidad o de instituciones religiosas de varones, incluidas las de clérigos regulares y las de las cuatro órdenes Militares y San Juan de Jerusalén, existentes en la península, islas adyacentes y posesiones de España en África⁴.

Só restaría, para provocar a total desaparición destes centros relixiosos, que o Goberno decretase o 29 de xullo de 1837 a extinción de todo o territorio nacional de «todos los monasterios, conventos, colegios, congregaciones y demás casas religiosas de ambos sexos»⁵.

Esta lexislación, como non podía ser doutro xeito, afectou plenamente o convento de San Domingos de Pontevedra, cuxa comunidade, da que era prior frei Miguel de Adán, e seguindo o establecido pola normativa aprobada, abandonaba o edificio o 8 de decembro de 1836⁶, cando a obra de renovación da nave do templo aínda non se concluíra e con iso a «iglesia nueva» non se terminara.

Unha vez abandonado o convento polos membros da comunidade de frades predicadores, o edificio, seguindo o procedemento habitual para os bens alleados, entregóuselle á Xunta de Alleamento de Edificios e efectos dos conventos suprimidos da provincia de Pontevedra, organismo que tres anos despois de que os relixiosos abandonasen o edificio, o 17 de febreiro de 1939, llo cedeu ao Concello da cidade para convertelo en casa asilo, tal e como se recolle no escrito remitido polo Concello ao ministro de Facenda, no que se indica:

3. «Artículo de oficio», *Gaceta de Madrid*, 1836, núm. 426, xoves, 21 de febreiro, p. 2.

4. «Real Decreto», *Gaceta de Madrid*, 1836, núm. 444, xoves, 10 de marzo, p. 1.

5. «Artículo de oficio», *Gaceta de Madrid*, 1837, núm. 977, venres 4 de agosto, p. 1.

6. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 98.

(...) El Ayuntamiento de la Ciudad de Pontevedra, Capital de provincia del mismo nombre a Vuestra Excelencia con el mas profundo respeto expone: que por Real Orden de 17 de Febrero de 1839 fue cedido al municipio el Ex-convento de Santo Domingo sito en los extramuros de la misma para Casa asilo sin clausula de rebersión al Estado ni otra alguna que pudiera afectar el derecho de propiedad que conserva desde entonces, así como en quieta y pacifica posesión que por nadie ha sido interrumpida hasta la fecha⁷.

A cesión do antigo convento pontevedrés non se fai efectiva ata un ano despois, en concreto ata o mes de maio de 1840; con todo, a pesar do tempo transcorrido entre o abandono do edificio polos relixiosos e a súa cesión ao Concello, as xestións para iso, tanto por parte da corporación municipal coma dos organismos oficiais, comezaran ao pouco tempo de concederlles o inmovible ás autoridades rexedoras da cidade⁸; esta cesión non comprendía a totalidade da antiga casa conventual dominica, senón que afectaba soamente as dependencias conventuais e o terreo no que se atopaban, o que implicaba que o templo e a parte da horta do convento coñecida como a «granxa de Santo Domingo» quedasen excluídos da doazón estatal⁹. Razón pola que a granxa, como espazo deslindado daquel no que se atopaba o edificio conventual, seguindo o procedemento habitual, foi obxecto de venda en poxa pública.

Como resultado desta transacción, a granxa foi adquirida por «Don Fernando Noboa, vezino de Marin como apoderado de don Clemente Fernandez Elias, vezino de Madrid» o 23 de febreiro de 1844, alleamento que xeraría un litixio e un posterior acto de conciliación, entre o Concello e Clemente Fernández, sobre a titularidade dalgúns bens incluídos na propiedade do segundo, xa que, o 9 de agosto dese mesmo ano o apoderado do propietario, Fernando Novoa, denuncia a intención da corporación municipal de apoderarse de certas construcións, entre as que se

7. *Escrito del Ayuntamiento de Pontevedra al Ministro de Hacienda en el que solicita que se le reconozca la propiedad del Convento de Santo Domingo para proceder a su derribo.* 12 de marzo de 1874. AMPo. Sign. Sampedro, 18-3, p. 1..

8. Tal e como figura na acta municipal do 30 de abril de 1840, o Concello exprésalle ao comisionado a súa intención de facerse cargo do antigo convento dos dominicos da cidade. É no mes de maio, en concreto o día 18, cando don José Martínez, rexedor da poboación, informa a corporación municipal, coa lectura da dilixencia de entrega, que o Concello xa se fixo cargo da peza do convento. DIAS MONTENEGRO, P.: *Pontevedra 1834-1868: Actividad artística de una capital de Provincia...* *Op. cit.*, p. 110.

9. Na acta da sesión municipal do 15 de xuño de 1940, o xefe político solicítalle un informe ao Concello sobre as causas polas que ao «hacerse cargo del edificio que fue de los dominicos de esta ciudad, no lo hizo de la iglesia proyectada y de la piedra sobrante; y se acordó contestarle que la causa había sido no haberle entregado la Amortización por no considerarlo parte del edificio (...)». DIAS MONTENEGRO, P.: *Pontevedra 1834-1868: Actividad artística de una capital de Provincia...* *Op. cit.*, p. 111.

atopaban un hórreo e un alpendre¹⁰, que pertencían ao espazo da granxa e que, en consecuencia, foran adquiridas por Clemente Fernández.

Para solucionar este conflito, tras moitas xestións, celébrase un acto de conciliación nos antigos terreos do convento o 5 de outubro de 1844, no que se reúnen todas as partes implicadas, representadas por: José Patiño de Pedrosa, como administrador de Bens Nacionais da Provincia, Bernardo Suárez Cobián, en representación do Concello, e Fernando Novoa, en calidade de apoderado de Clemente Fernández Elías, propietario da granxa, para fixar o espazo e os bens que dentro desta propiedade lle corresponderían a cada un dos titulares; así, en función deste acto, ao Concello perténcelle:

(...) todo el terreno que se halla unido al motivado edificio por la parte de mediodía y lebante cogiendo desde el portal de entrada que tiene ya y dice al Campo de Santo Domingo y ba recto pegado a las cuadras que hay a la mano derecha de dicha entrada hasta un tinglado que esta dentro del patio o corralon del combento, y cuyo tinglado también queda al mismo Ayuntamiento: desde ahí sigue la demarcación del mismo hasta tocar en la esquina de la panera de piedra, y desde esta sigue otra vez en línea recta de poniente a lebante por un muro que divide la Huerta de la Granja vendida hasta tocar en la muralla que cierra ambas fincas por la parte del Campo de San Jose, donde concluye la demarcación de todo lo que pertenece al Ayuntamiento (...)»¹¹.

10. «(...) Al tiempo de hacerse la tasa de la Granja de Santo Domingo para anunciar su subasta, se amojono e hizo el deslinde de acuerdo con el Regidor General del Ayuntamiento, concediendo al edificio un retal de terreno para su servicio y a la Granja en compensación una cuadra. El horreo siempre fue parte de la Granja según resulta de la entrega hecha del edificio a la municipalidad en Mayo de mil ochocientos cuarenta, por consiguiente se esta en el caso de hacer efectivo a este interesado su remate de lo cual no se puede prescindir y de hacerlo así conocer al ayuntamiento Vuestra Señoría sin embargo acordara lo mejor (...). *Testimonio de demarcación y amejonamiento del terreno que corresponde a este Ilustre Ayuntamiento pegado al edificio que fue convento de Santo Domingo de esta Capital concedido por Real Orden al mismo*. 1844. AMPo. Sign. Sampedro, 18-3, pp. 9-10.

11. *Testimonio de demarcación y amejonamiento del terreno que corresponde a este Ilustre Ayuntamiento pegado al edificio que fue convento de Santo Domingo de esta Capital concedido por Real Orden al mismo*. 1844. AMPo. Sign. Sampedro, 18-3, pp. 11-12.

Mentres que Clemente Fernández tería a superficie restante, na que debía realizar as intervencións necesarias para que desde a súa propiedade non se tivese comunicación directa co espazo que lle correspondía ao Concello, para separar así nitidamente ambas as propiedades; para cumprir con este mandato acórdase tamén que este proceda á realización doutras entradas para o acceso á granxa, diferentes daquelas polas que se accedía ao edificio e ao terreo en poder da corporación municipal¹².

Pero este acto de conciliación, realizado en 1844, non supuxo ningunha mellora para o antigo convento, que seguía inmerso nun proceso de imparable deterioración, tal e como se aprecia na descrición realizada en 1849, na que se indica:

En el Campo de Santo Domingo (...) existió un convento de dicha Orden: cuyo edificio, aunque muy deteriorado sirve hoy de cuartel, construido en el siglo XIII, el área que ocupa incluso la huerta, fue donación del ayuntamiento de Pontevedra; encerraba su antigua iglesia algunos monumentos e inscripciones que pudieran convenir a la arqueología y esclarecer algunos hechos históricos; pero todo ha desaparecido y tan solo quedaron en pie parte de las paredes, y de la nueva iglesia que allí se ha empezado, solo hay una parte de la fachada y dos paredes colaterales hasta la altura de los capiteles de las pilastras interiores, puntos donde principiaban los arranques de la bóveda que debía cubrirlas¹³.

O mal estado de conservación desta construción, recollido no texto de Madoz, do mesmo xeito que no doutros autores coetáneos, vese incrementado pola falta de actuacións para o seu mantemento, o que supoñería a adopción das medidas necesarias para preservar adecuadamente

12. Tal e como se expresa no documento, a Clemente Fernández Elías corresponderíalle: «(...) todo el restante terreno que hay a la parte del mediodía, incluso las cuadras de que habla la primera parte de este combenio, y la panera de piedra tejada que también ba mencionada, vajo la espresa condición de que el Don Fernando Noboa por su principal Fernandez Elias ha de cerrar y tapear con piedra firme no solo la puerta de madera que tiene una de dichas cuadras frente al terreno de entrada que pertenece al Ayuntamiento; sino también el otro portal avierto que se halla junto al tinglado atrás referido; que también ha de tapear la otra puerta que en su parte inferior tiene abierta la panera hacia la huerta que pertenece al ayuntamiento; y de igual modo ha de tapear la puerta de la citada panera que dice al corral del combenio, abriéndosela por la parte del lebante porque de esta forma se sirve para ella por el terreno de su Granja como es debido; y asimismo ha de llevar la escala de madera con las piedras que sirbian de apoyo a esta para subir a la panera, e igualmente le queda un pequeño hueco que hay entre dicha panera y el tinglado de forma que de este modo quedan ambas fincas independientes una de otra, cerradas y muradas perfectamente; pudiendo el Don Fernando Noboa abrir la puerta o puertas que le acomode (p. 13) para la entrada y servicio de dicha Granja por cualquiera parte des a muralla, con tal que no sea por el terreno y corral del edificio cedido al Ayuntamiento, porque a este ya le quedan espeditas y francas sus entradas y salidas, y el Noboa aun tiene que hacerlas por donde le combenga para su servicio (...)». *Testimonio de demarcación y amejoramiento del terreno que corresponde a este Ilustre Ayuntamiento pegado al edificio que fue convento de Santo Domingo de esta Capital concedido por Real Orden al mismo*. 1844. AMPo. Sign. Sampedro, 18-3, pp. 12-13.

13. MADOZ, P.: «Voz Pontevedra», *Diccionario Geográfico, Estadístico e Histórico de España y sus posesiones en Ultramar*, T. XIII, 1849, p. 148.



Fig. 22. Valentín Mendía (1852-1912). Vista xeral das Ruínas de San Domingos, 1880

os restos do conxunto conventual e posibilitar a conservación da súa fábrica de acordo cos seus valores histórico-artísticos.

A afirmación anterior non implica que o Concello non realizase intervencións neste conxunto, aínda que as que emprendeu deberon limitarse a actuacións de mantemento mínimo, centradas basicamente en pequenas reparacións ou na adecuación e mellora dalgunhas das estancias para as súas novas funcións¹⁴, entre as que se atopaba a de cárcere de mulleres ou espazos de

14. Sábese que o Concello da cidade, segundo figura nas actas municipais, realizou en 1846 labores de mantemento no antigo convento dominico por un importe de dous mil reais; actividade que tamén, sempre seguindo o recollido nas actas municipais, se repite en 1853, no que ordena «(...) retejar el tramo del exconvento de Santo Domingo en el que se sitúa la cárcel de mujeres, la habitación del Alcalde y del Conserje de dicho edificio (...)». Acta de 5 de febreiro, 18 de setembro de 1846 y acta de 9 de setembro de 1853. DIAS MONTENEGRO, P.: *Pontevedra 1834-1868: Actividad artística de una capital de Provincia... Op. cit.*, pp. 135, 140 e 170.

ensino, aínda que a máis importante e prolongada, de forma case continua no tempo, foi a de hospicio, tal e como se recolle nun escrito que o Concello lle dirixe ao ministro de Facenda o 12 de marzo de 1874:

(...) Fiel el municipio al compromiso contraído recogió los pobres que no tenían donde albergarse de la inclemencia de las estaciones y les auxilio con raciones del Hospital para hacer mas llevadera su desgraciada situación. Posteriormente escitadas algunas personas caritativas por el Ayuntamiento establecieron el Hospicio en dicho edificio en el cual permanecieron mucho tiempo, hasta que haciéndose visible el deterioro fue preciso trasladar dicho Establecimiento volviendo á admitir los pobres que no tenían cabida en aquel, cumpliendo así lo dispuesto en la Real orden citada (...)¹⁵.

A pesar destas obras, e debido ao estado de ruína no que nos chegou a fábrica, é evidente que as accións destrutivas, ou polo menos a falta de actuación por parte dos responsables en materia de conservación dos seus elementos, foron moito máis frecuentes do que sería de desexar. Así, do mesmo xeito que sucedía con outros edificios da propia Pontevedra, os seus materiais, especialmente a pedra, empregáronse para construír novos espazos públicos na cidade, proceso que será denunciado en 1846 por González Zúñiga, quen xunto cunha superficial descrición do estado ruinoso do convento¹⁶, indica: «[...] una mano ignorante i osada arrancándolas de aquel paraje para pavimentar calles i plazas, nos privó de los ausilios que estas inscripciones pudieran prestar á la arqueología»¹⁷.

Estas denuncias non só foron realizadas por intelectuais pontevedreses, senón tamén por outras personalidades da cultura, entre outras¹⁸, Antonio de la Iglesia, quen realizaba unha en relación coa deplorable conservación dunha parte significativa da nosa riqueza patrimonial, na que se indicaba:

15. Escrito do Concello de Pontevedra ao ministro de Facenda no que solicita que se lle recoñeza a propiedade do convento de San Domingos para proceder ao seu derrubamento. 12 de marzo de 1874. AMPo. Sign. Sampedro, 18-3, p. 1.

16. Este autor indica, respecto do convento: «(...) adonde se halla hoy casi todo derruido i lo mismo su iglesia, que según su arquitectura indica del siglo 14. En este templo aun se conservan muchos sepulcros i lápidas llenas de inscripciones, que hoy dia pudieran muy bien esclarecer é ilustrar algunos hechos oscuros de la historia de aquellos siglos...». GONZÁLEZ ZÚÑIGA, C.: *Historia de Pontevedra*, Pontevedra, *Estudio tipográfico viuda de Pintos*, 1846, p. 59.

17. GONZÁLEZ ZÚÑIGA, C.: *Historia de Pontevedra... Op. cit.*, p. 59.

18. Neste sentido, Fernández Sánchez e Freire Barreiro indicaban respecto destas condutas na conservación dos monumentos: «(...) una revolución tan bárbara como impía que al poner en nombre de la libertad y el progreso, su mano sacrílega sobre aquellos asilos de la virtud y del saber, descargó un golpe mortal sobre las artes de lo bello». FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, J. M. e FREIRE BARREIRO, F.: *Santiago, Jerusalén y Roma. Diario de una peregrinación*. T. I. Santiago de Compostela, 1880, p. 315.

(...) Nosotros, que imitamos en España todo cuanto malo se habla y practica en las naciones de que nos apresuramos a ser monos imitadores, no tenemos inconveniente alguno en desechar lo bueno que ello nos están enseñando en muchas cosas, y en particular en lo que atañe a la conservación de sus monumentos histórico y artísticos; y mientras los extranjeros vienen á España y gastan en la primera ocasión setenta mil duros en copiar o modelar en yeso el pórtico de la Gloria de la Catedral de Santiago, para llevar el facsímile á sus Museos, nosotros o más bien el caciquismo, que es lo que piensa, ordena, elige y lo decide aquí todo por nosotros, queramos o no queramos, funda y demuestra en esas punibles devastaciones el problema de nuestro avance hacia el progreso, la ilustración y bienandanza.

Si existe alguna población en España que se haya distinguido ó se distinga en el planteamiento y demostración de este malhadado problema, ninguna pueda aventajar, ni igualar siquiera, á lo que en este sentido lleva Pontevedra demolido en los últimos años. Derribó los muros de la ciudad; echo abajo las puertas de la misma, con sus rastrillos, torreones, adarves y escaleras; barrió los castillos y torres de su histórico Puente del Burgo, del que toma en nombre, y aun sigue formando con aquellas fortalezas el ilustre blasonado de su inmemorial escudo; arrasó a San Bartolomé; hizo saltar de un punto para otro de su campo, y diole una vuelta completa a la capilla de San Roque; despedazó la magnífica fuente de la plaza de la Herrería; pulverizó las torres y almenas de los Churrichaos, con el palacio arzobispal y fortaleza a la que habían pertenecido; permitió la destrucción del monasterio de San Salvador de Lérez en el campo, y la del monumental palacio de San Román en la villa: voló la iglesia de la Tercera Orden, y, por último, —para no cansarnos más— dejando á cañaveral el solar y formales de la casa de los Nodales, en el barrio de la Moureira, continua constantemente ocupada en la alteración y demolición de Santo Domingo¹⁹.

A utilización do material para outras construcións supoñía un capítulo máis na imparabile destrución do antigo espazo conventual, xa que é este mesmo ano de 1846 cando se produce o derrubamento dalgunhas partes que se atopaban incompletas, demolición que permite reutilizar o material obtido da fábrica do convento para o pavimentado das rúas pontevedresas²⁰ e mesmo

19. IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: *Galicia. Revista Regional* (febreiro de 1887), A Coruña, p. 90; IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: «Papeles arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra». *El Anunciador... Op. cit.*, p. 2.

20. HOYOS, M. M. de los: *Registro historia de nuestra provincia*. Madrid, Sucesores de J. Sánchez Ocaña y Cía, 1966, pp. 162 e163; tal e como figura nun informe que emite a Comisión Provincial de Monumentos respecto das desfeitas producidas na igrexa do exconvento: «(...) los antecesores de los que hoy se afanan para demoler los elegantes ábsides del templo, no se preocuparon en poner á salvo dichos sepulcros, que quizá alguno figure hecho pedazos en el montón de ruinas que la urbanización de Pontevedra, cuyas exigencias se evocan para derribar, no ha cuidado en removerlos, ni aun hallándose en un sitio de los mas visibles de dicha ciudad (...)». Informe sobre o valor das ruínas do exconvento de San Domingos, encomiando o celo co que actúa para a súa preservación a Comisión de Monumentos, pero sinala que o devandito valor, máis artístico que histórico, debe preocuparlle principalmente á Academia de Belas Artes. Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/partes/574173/expediente-referente-a-la-venta-de-la-iglesia-del-convento-de-santo-domingo>

parte das lápidas do seu cemiterio para estas mesmas obras, aspecto amplamente denunciado por Casto Sampedro cando indica:

(...) pero nuestros propios bárbaros, no los extranjeros, han creído y por desgracia lo han ejecutado, que la mejor manera de guardar y respetar tales Monumentos y tales Cenizas, era la de empedrar Plazas como la del Teucro; y hacer inmundas cloacas, como la que existe en la calle de San Román, con las mismas losas sepulcrales que sus antepasados habían puesto al abrigo de la Cruz y de la Piedad (...) ²¹.

Xunto coa utilización destes elementos como materiais de construción para pavimentar os espazos urbanos, tamén os extraídos das obras de demolición do antigo convento se empregaron na creación de diversos edificios públicos que, nestes momentos, se edificaban na cidade. Estes formaban parte do proceso de renovación urbana, impulsado polas autoridades municipais e que non afectaba soamente a cidade de Lérez, senón que era común, nos anos centrais do século XIX, á maioría das cidades españolas. Proba desta renovación urbana en Pontevedra é o teatro que nestes anos se edificaba na cidade ²².

A pesar do emprego dos materiais procedentes do antigo convento de San Domingos para estas novas construcións, que perseguían o engrandecemento e a modernización da arquitectura da capital provincial, o inmovible continuaba estando operativo, e seguía acubillando no seu interior diferentes usos; unha diversidade de funcións que obrigaba, en ocasións, a acometer obras para adaptar o edificio ás novas funcións que adquiría polos diferentes cambios, ou, sinxelamente, para garantir que estes puidesen desenvolverse nun inmovible que cada vez presentaba maiores deficiencias.

Entre as funcións principais que nesta época acolleu o antigo convento destacan: Caja de Quintos, casa cuartel da Garda Civil, lugar de ensino, cuartel de tropas, casa de maternidade... ²³; todas elas, aínda que diversas, contemplábanse no Real decreto de 26 de xaneiro de 1836, polo que se establecían os usos aos que podían destinarse estes inmoibles cedidos polo Estado:

21. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...* Op. cit., p. 138.

22. Na acta municipal do 8 de setembro de 1843 figura «(...) así mesmo acuerda el Ayuntamiento que la misma comisión se acerque a la Exma Junta de Gobierno i le recomiende la concesión que tiene solicitado la corporación, la piedra existente del exconvento de los dominicos, con aplicación a la misma obra del teatro (...)». DIAS MONTENEGRO, P.: *Pontevedra 1834-1868: Actividad artística de una capital de Provincia...* Op. cit., p. 127.

23. Sobre os usos aos que o Concello da cidade destinou o inmovible no século XIX, pode consultarse, SOTELO RESURRECCIÓN, E.: «Un informe sobre el convento de Santo Domingo», En *XIX Ruta Cicloturística del Románico*, Fundación Cultural Rutas del Románico, Pontevedra, Anduriña, 2001, pp. 215-216.

(...) para que los edificios que fueran monasterios y conventos en esta corte se destinen, desde luego al beneficio de los acreedores del Estado, comodidad y ornato de los pueblos. S. M. desea que esta medida sea extensiva a los demás del Reino, tanto para que se mejore el aspecto público, las cárceles, los cuarteles y establecimientos de Beneficencia, como para que se de trabajo al gran número de brazos que se encuentran hoy en inacción por efecto de las circunstancias políticas²⁴.

Se a década dos corenta e a dos cincuenta foran pouco favorable á preservación dos restos do convento, a dos sesenta non foi moito mellor, xa que a tendencia desenvolvida desde os primeiros anos do século XIX non só se mantén, senón que se agrava, o que provoca un problema de conservación cada vez maior para as maltreitas ruínas da antiga casa da Orde de Predicadores.

É nestes anos, e ante o abandono do inmovible por parte das autoridades municipais, o momento en que se produce un intento de recuperación por parte da comunidade de relixiosos do antigo convento; en concreto, o misioneiro frei Andrés María Solla tenta adquirilo para instalar nel un seminario e realizar as obras necesarias para incrementar a capacidade do hospicio²⁵; tentativa que, aínda que nun primeiro momento parecía factible, fracasou debido ás dificultades impostas polo propio Concello na finalización dos trámites. Esta situación contribuíu, sen dúbida, a agravar máis a deterioración do inmovible, tal e como se desprende do informe que o arquitecto municipal realiza en 1869, no que informa do estado no que se atopa o antigo exconvento:

(...) En vista de su atenta comunicación fecha 21 del presente, he pasado al Hospicio de esta capital y despues de un detenido reconocimiento resulto que los muros del Hospicio propiamente tal no ofrecen el menor cuidado por ahora. En cuanto a los suelos del forjado existen algunos que amenazan ruina, sino inminente, a causa de no habitarse los altos, por lo menos próxima debido al deterioro que han causado las aguas en las cabezas de las vigas, además de la gran flecha que tiene (p. 4) la curva formada en las mismas por los esfuerzos de flexión y hallarse en muy mal estado gran parte de los pontones; los suelos que ofrecen mas cuidado son los del dormitorio de mujeres, el de niños, la academia de música y el comedor del Norte; el cuerpo de la antigua Iglesia donde existe la torre, se halla en ruina inminente

24. NIEVA, J. M.: *Decretos de la Reina Doña Isabel II, dados en su Real Nombre por su augusta madre La Reina Gobernadora, y Reales Ordenes, Resoluciones y Reglamentos generales expedidos por la secretaria general del Despacho Universal desde 1^o de enero hasta fin de diciembre de 1836*. Tomo XXI, Madrid, Imprenta Nacional, 1837, p. 32.

25. O proxecto expuña a reforma do edificio, que sería custeado polo dominico, a cambio de que o Concello lle cedese a propiedade do soar no que se atopaba o inmovible. Con todo, as trabas postas pola corporación municipal fixeron que o frade desistise de levar a cabo o citado proxecto. MANSO PORTO, C.: «El Exconvento de Santo Domingo de Pontevedra», *Pontevedra, Revista de Estudios Provinciales*, 1987, p. 37; Ao respecto deste intento de recuperación levado a cabo por este dominico, véxase PARDO VILLAR, A., *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 98.

total y cuyo desplome podría causar algun resentimiento o tal vez desplomes parciales en el edificio hospiciano.

No se ocultara a la penetracion y al celo de esa municipalidad, la urgencia y la reconocida importancia que debe darse a este asunto, (p. 5) la necesidad que hay de adoptar prontamente las convenientes medidas para evitar los gravísimos males y las desgracias que pudieran acarrear la realización de los temores que abriga el Arquitecto municipal (...)»²⁶.

En función do estado de conservación deplorable que presenta o edificio, e baseándose no informe emitido pola Comisión de Facenda, Economía e Policía Urbana do Concello da cidade, no que se facía referencia á falta de recursos, tanto da corporación municipal coma da propia sociedade benéfica encargada da xestión do hospicio, que posibilitasen realizar as obras de reparación necesarias no inmovible, coas que se garantisen as mínimas condicións de seguridade tanto para os residentes do hospicio coma para os propios habitantes da cidade de Pontevedra, esta comisión municipal recomendáballe ao Concello que lle solicitase ao gobernador provincial o traslado dos hospicianos das dependencias do exconvento²⁷.

Para iso, a comisión aconsellaba no seu informe:

(...) que el Ayuntamiento esta en el caso de rogar al Señor Gobernador tenga la dignación de ordenar sean admitidos los hospicianos en el convento de Santa Clara cuya propiedad para el Hospital tiene pedido el municipio al Poder ejecutivo, encomendándole la necesidad de que lleve a cabo tal medida vista la falta de recurso con que se cuenta hoy de hacer obras de reparación de ninguna clase de la cuantía a que ascenderían ni de que se trata (...)»²⁸.

26. «Escrito del Gobierno Civil de la provincia al Ayuntamiento de Pontevedra en el que comunica el informe del arquitecto municipal del reconocimiento del Hospicio». Expediente sobre la traslación de los hospicianos al Convento de Santa Clara por hallarse el que ocupan de Santo Domingo en un estado de inminente ruina. 22 de abril de 1869. AMPo. Sign. Sampedro, 18-4, pp. 3-5.

27. «(...) La comisión que sabe no existen fondos algunos en el municipio, ni en la sociedad benéfica encargada de dicho hospicio, no puede proponer medio alguno para evitar la desgracia que se presiente. Tratase sin embargo de hacer desalojar de un edificio a unos seres desgraciados e inútiles para el trabajo; a quienes sostiene la caridad publica, por que en otro caso están expuestos a una muerte efecto de la ruina que amenaza a el local y estas circunstancias afligen el animo de toda persona que tenga conocimiento de ello (...)». «Informe de la Comisión de Policía urbana del Ayuntamiento de Pontevedra sobre el informe emitido por el arquitecto sobre la necesidad de reparar dependencias del exconvento de Santo Domingo». Expediente sobre la traslación de los hospicianos al Convento de Santa Clara por hallarse el que ocupan de Santo Domingo en un estado de inminente ruina. 1 de maio de 1869. AMPo. Sign. Sampedro, 18-4, pp. 19-20.

28. «Informe de la Comisión de Policía urbana del Ayuntamiento de Pontevedra sobre el informe emitido por el arquitecto sobre la necesidad de reparar dependencias del exconvento de Santo Domingo». Expediente sobre la traslación de los hospicianos al Convento de Santa Clara por hallarse el que ocupan de Santo Domingo en un estado de inminente ruina. 1 de maio de 1869. AMPo. Sign. Sampedro, 18-4, p. 20.



Fig. 23. Francisco Zagala (1842-1908). Vista da cabeceira de San Domingos co primeiro dos seus pechamentos, ca. 1889

Esta recomendación foi aceptada polas autoridades e autorizada polo gobernador o 13 de maio dese mesmo ano, quen lle comunicou tamén á presidenta da fundación do hospicio a cesión do inmovible do convento de Santa Clara para este fin. En resposta a este escrito, a presidenta insiste, novamente, en que se axilicen os trámites para a entrega das chaves do novo convento, xa que «(...) estando el edificio de Santo Domingo declarado ruinoso, no puedo estar tranquila mientras no se trasladen de el los pobres recogidos, pues temo que suceda una catástrofe cualquier día y perezcan aquellos infelices (...)»²⁹, testemuño que nos proporciona idea do deficiente estado no que se atopaban xa as dependencias do antigo convento da Orde de Predicadores.

29 «Escrito de la Presidenta de la Asociación benéfica de Señoras de Pontevedra al Ayuntamiento en el que solicita se le den las llaves de Santa Clara para poder trasladar a los hospicianos». *Expediente sobre la traslación de los hospicianos al Convento de Santa Clara por hallarse el que ocupan de Santo Domingo en un estado de inminente ruina*. 1 de maio de 1869. AMPo. Sign. Sampedro, 18-4, pp. 51-52

Unha vez trasladados os hospicianos ao seu novo emprazamento no convento das Monxas Claras de Pontevedra, outro inoportuno contratempo pon novamente en perigo a seguridade dos acollidos cando unha parte «del edificio viejo de Santa Clara que está junto al bosque del mismo» se derruba, e, en consecuencia, a presidenta da fundación do hospicio solicita que o arquitecto municipal inspeccione e avalíe os danos causados polo afundimento desta estrutura no resto do convento. Unha vez realizada a visita e inspección técnica, o arquitecto emite un informe, con data de 21 de decembro de 1869, no que indica que:

(...) habiendo reconocido la parte arruinada y el estado de la que le sigue, no cabe reparación alguna y si el derribo inmediato de todo aquel departamento, el qual podría hacerse á cuenta de los materiales. Además de lo expuesto sería muy conveniente que se bajen la chimenea del claustro contiguo al del hundimiento por hallarse algo desplomada y tener mucha altura, asi como los balcones de madera que existen en el patio, los cuales se hallan en malísimo estado, evitando de este modo las desgracias que podían ocasionarse³⁰.

Mentres estes acontecementos ocorrían no próximo convento de Santa Clara, agora convertido en casa-hospicio, o antigo convento de San Domingos presentaba un estado de conservación lamentable. Unha proba das súas deficiencias é a descrición que realiza do edificio o arquitecto Juan Ancell, quen, ademais de facer constar que o inmovible non reunía as condicións necesarias para seguir mantendo a función de acollida, indica que:

(...) reconocido el edificio con detenimiento resúlta, que aun cuando se hacen precisas, indispensables y hasta urgentes varias demoliciones parciales por el inminente riesgo que ofrecen algunos trozos de pared, como sucede en la que sirve de arranque á la torre de venirse á tierra con esta, al propio tiempo se encuentra lo general de los muros del anterior de todas las demás construcciones con elementos no pequeños que aprovechados cual corresponde, dispensan por de pronto que se arrase el edificio actual hasta sus cimientos con el objeto de levantar otro de nueva planta para igual destino. Además, el que hoy existe, practicadas que sean algunas demoliciones y realizadas luego las obras de reparación y conservacion que á continuación se proponen y reclama imperiosamente, si ha de ser verdad la tendencia benéfica de la nueva institución á que esta dedicado, proporcionará por su disposición amplia localidad no tan solamente con destino a Sala de Maternidad para alguno que dicho caso eventual que pudiera ocurrir, sin principalmente espacio suficiente para un número de

30. «Informe del arquitecto municipal sobre la parte arruinada del convento de Santa Clara. Ayuntamiento de Pontevedra». *Expediente sobre la traslación de los hospicianos al Convento de Santa Clara por hallarse el que ocupan de Santo Domingo en un estado de inminente ruina*. 21 de decembro 1869. AMPo. Sign. Sampedro, 18-4, p. 81.

acojidos mayor que el duplo de los que actualmente se sostienen en él, y con independencia debida a la edad y sexo³¹.

Xunto con iso, tamén nos proporciona unha descrición do inmovible no que apunta que estaba conformado por:

(...) Un gran patio cuadrado circundado de claustros, y las construcciones genéricas peculiares del sistema conventual en todo su perímetro juntamente con la nave principal y única de la Iglesia, paralizada aquella, según parece, á luego de haberse comenzado á fabricar a principios de siglo, ó fines del anterior, compone el grupo de edificaciones del convento de Santo Domingo, que ninguna particularidad ofrecen, si se exceptúan los ábsides poligonales y sus bien rasgadas ventanas ojivales; los cuales asi como sus respectivas bóvedas no carecen de mérito, bajo el punto de vista artístico-monumental, por su esbeltez y valentía; aun hoy mismo en medio de los estragos causados, visiblemente por la incuria del tiempo; -y tambien no poco por la mano del hombre³².

Segue logo coa descrición das partes que deberían demolerse e revela:

Por último debo de llamar la atención de la autoridad local, que el abandono en que desde hace años se hallan las ruinas han producido una abundante vegetación de la trepadora hiedra sobre las bóvedas y los muros, que cual intrépido minero penetra sus fábricas, cuarteándolas con la forma de sus potentes raíces, conserva la humedad sobre aquellas, contribuyendo poderosamente a las filtraciones y a la descomposición de sus dovelas que amenazan ruina, con notorio peligro de las personas que allí concurren...⁶⁵.

64. «... sitio donde se desprenden emanaciones miasmáticas y pútridas debido a la acumulación de inmundicias y a que el agua pluvial se deposita en su centro descomponiendo varias plantas en putrefacción, dando lugar a un pequeño pantano y al desprendimiento de efluvios que son perjudiciales para la salud y causa de enfermedades infecciosas que pueden comprometer la existencia de nuestros habitantes ...». SOTELO RESURRECCIÓN, E.: «Informe sobre el convento de Santo Domingo...*Op. cit.*, p. 216.

65. SOTELO RESURRECCIÓN, E.: «Informe sobre el convento de Santo Domingo... *Op. cit.*, pp. 216-217.

A pesar dos reiterados intentos do Concello por conseguir a desaparición das ruínas, non só para eliminar o perigo que supoñían, senón tamén para poder edificar e reurbanizar o terreo en que estas se atopaban, este non conseguiu o seu obxectivo, xa que, para evitar a desaparición do antigo inmovible, a Comisión Provincial de Monumentos solicita o amparo e apoio da Real Academia da Historia para protexer o conservado do convento. Esta institución, tras realizar un resumo dos puntos principais do expediente⁶⁶, emite un informe no que indica:

(...) En vista de todos estos antecedentes y de lo que dispone el artículo 83 del Reglamento de la Ley de expropiaciones que aunque redactados para monumentos a que pueden afectar las reformas de grandes poblaciones, considera que por analogía es perfectamente aplicable a esa de que se trata, creo inútil entrar en consideraciones para probar que es inútil la venta solicitada por el Ayuntamiento, mientras no conste la conformidad del Ministerio de Fomento o este niegue los dos sistemas que para la conservación de los restos de ellos, propuso la Comision provincial de Monumentos.

66. «(...) del examen del expediente y de los hechos con el relacionados resulta: 1º. que el Ayuntamiento acordó el declarar de utilidad pública la expropiación de los artísticos restos del convento de Santo Domingo sin haber oído a la Comisión de Monumentos y sin haber precedido a la publicación en el Boletín Oficial de proyecto alguno ni la información pública consiguiente que la vigente ley de expropiaciones exige para la declaración de utilidad pública y aun para la declaración de terrenos cualesquiera cuando aquella declaración no es necesaria; 2º. Que según dos de los considerandos trata el expediente trata el Ayuntamiento de adquirir los restos dichos no para conservarlos, sino para demolerlos y destinar su solar á la prolongación y ensanche de una calle cuyas medidas no aparecen justificadas en ningún documento; 3º. que por haberse prescindido de la publicación e informe del proyecto si este se formo, no pudo reclamar oportunamente la Comisión provincial de Monumentos contra, el acuerdo del Ayuntamiento; 4º. que tan pronto esta Comision tuvo conocimiento del expediente que fue una vez pasado á la Delegación de Hacienda, ofreciendo mil quinientas pesetas por dichos restos, recorrió a la autoridad del Señor Gobernador Civil de 12 de Enero ultimo para que pudiera hacer respetar los preciados restos artísticos; 5º. Que el Gobernador en comunicación del 16 de dicho mes, dirigida al Señor Presidente del Ayuntamiento traslada en igual fecha, á la Comisión y no unidos al expediente, manifestando que este no había sido tramitado con arreglo a las disposiciones legales y no había de permitir se tocara a una solo piedra, de los mencionados restos mientras no hay una autorización termina de el, que compete en este momento al Ministerio de Fomento; 6º. que la Dirección General de Propiedades del Estado, á consecuencia del informe de la Delegación de Hacienda, favorable a la venta solicitada por el Ayuntamiento sobre el valor histórico y artístico de los restos que se intentan adquirir para demolerlos, y 7º. que sobre el valor entendidos en el concepto de merito y no de tasación redactó la Comisión el 27 de Diciembre último un amplio informe que fue remitido en el mes siguiente al Excelentísimo Señor Director de la Academia de Bellas Artes de San Fernando rogándole a aquella ilustre corporación propusiera al Ministerio de Fomento la reparación y conservación por el Estado de los precitados restos o la concesión de la cantidad calculada como precisa para la reparación inmediata.

A los datos anteriores debo añadir que la Academia de Bellas Artes, en comunicación de 30 de Noviembre de 1880 al contestar á otra del Sr Gobernador sobre suspensión de la demolición empezada por el Ayuntamiento en los restos del exconvento de Santo Domingo aplaude la determinación y reconoce en principio el merito de los restos y la conveniencia de su conservación y que la Real Academia de la Historia, en comunicación de 16 de Noviembre de 1884, reconociendo también el merito y conveniencia de ellas y el (...) por el mismo de que se iban a demoler aquellos restos pide con urgencia noticias sobre el particular (...). «Informe sobre el expediente de la venta de la iglesia del Convento de Santo Domingo». Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc8h066>

Y para el caso improbable de la Dirección General de Propiedades conceda lo que solicito el Ayuntamiento juzgo conveniente y aun necesario que se recurra a la autoridad del Señor Gobernador protestando de antemano contra la demolición de los referidos restos y que desde luego se de cuenta de lo que se acuerde en pliegos certificados á las Academias de Bellas Artes y de la Historia recordando el informe remitido y antes citado, a fin de que en ningún tiempo puedan hacerse cargos a esta Comisión por descuido o negligencia en el cumplimiento de su deber (...)»⁶⁷.

De igual maneira que sucedera coa Academia da Historia, a Comisión Provincial de Monumentos de Pontevedra púxose tamén en contacto coa de Belas Artes de San Fernando, nunha comunicación na que se alegaban os méritos que o monumento posuía⁶⁸ e se solicitaba:

(...) viendo del fuero de la Academia de San Fernando cuanto deba practicarse en el expediente para la salvación del monumento, a ella puede acudir su hermana la de la Historia, si así lo juzgase oportuno, manifestando la contrariedad que siente por los proyectos del municipio de Pontevedra y dar traslado de esta comunicación á la Comisión de dicha capital, aplaudiendo su celo en el interés de los monumentos confiados a su vigilancia, interés que corroborando los esfuerzos de varios escritores, también escitaron en Galicia dos ilustres individuos de número de esta Academia, Los señores Fernandez Guerra y P. Fita, cuando al contemplar las ruinas del ex-convento de Santo Domingo escribieron en su Recuerdos de un

67. «Informe sobre el expediente de la venta de la iglesia del Convento de Santo Domingo».

Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc8h066>

68. «(...) La iglesia del que fue convento de Santo Domingo en Pontevedra, obra del arte ojival del siglo XIV, es hoy un montón de escombros, el cual (...), derrumbados sus techumbres, pequeños restos de los muros laterales á intactos los ábsides del templo que en número de cinco dan gallardía, muestra de lo que fue aquella hermosa fábrica.

No debo entretenerme en la descripción minuciosa de tan interesantes ruinas. Varias son las publicaciones que describen minuciosamente la traza de aquellos ábsides con sus esbeltas ventanas agimezadas, cuyo conocimiento difundieron la fotografía y la litografía. Bastanse consignar que no cuentan las provincias gallegas, con otro monumento ojival que ofrezca al artista tantos y tan nuevos elementos de estudio. Por ello esta justificado sobradamente el interés de la Comisión por conservar dentro de Pontevedra aquella simpática ruina, pivota de pasadas grandezas arquitectónicas y mucho mas en una capital que de buenos monumentos no esta sobrada.

Pero si la iglesia del ex-convento de Santo Domingo debe llamar y llama la atención de la Real Academia de San Fernando, nada dice a la ciencia que cultiva este instituto, ya que carece de interés histórico relevante. Sus recuerdos se reducen a las escasas noticias que de la construcción se conservan, unidas a las pias donaciones que ayudaron al crecimiento de la casa conventual, y una relación de los enterramientos, algunos de personas principales., cuyos restos mortales guardaba el templo. Los sepulcros, sus estaturas yacentes, han desaparecido (...)». *Informe sobre el valor de las ruinas del ex-convento de Santo Domingo, alabando el celo con que actúa para su preservación la Comisión de Monumentos, pero señala que dicho valor, más artístico que histórico, debe preocupar principalmente a la Academia de Bellas Artes.* Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/partes/574173/expediente-referente-a-la-venta-de-la-iglesia-del-convento-de-santo-domingo>

viaje «apresúrense quien debe y puede á reparar y restaurar monumento de tamaño valia, dedicandole a fecundos y patrióticos fines (...)»⁶⁹.

Os escritos da Comisión Provincial de Monumentos á Real Academia de Belas Artes de San Fernando e á da Historia deberon ter o efecto desexado, dado que o Estado prohibiu en 1889 o alleamento das ruínas⁷⁰, baseándose para iso nas seguintes razóns:

(...)1º. que el ayuntamiento acordó declarar de utilidad publica la expropiación de los artísticos restos del ex-convento de Santo Domingo sin haber oído a la Comisión de Monumentos y sin haber precedido la publicación en el Boletín Oficial de proyecto alguno ni información pública consiguiente, que la vigente ley de expropiaciones exige para la declaración de utilidad publica y aun para la ocupación de terrenos en cualesquiera cuando esta declaración no es necesaria; 2º. que según dos de los considerandos del expediente trata el Ayuntamiento de adquirir los restos dichos no para conservarlos sino para demolerlos y destinar su solar a la prolongación y ensanche de una calle, cuyas medidas no aparecen justificadas en ningún documento; 3º. que por haberse prescindido de la publicación e informe del proyecto de este se informó no pudo reclamar oportunamente La Comisión provincial de Monumentos contra el acuerdo del Ayuntamiento; 4º. que tan pronto como esa comisión tuvo conocimiento del expediente que fue después de haber pasado a la Delegacion de Hacienda, ofreciendo mil quinientas pesetas por dichos restos, recurrió a la autoridad del Señor Gobernador Civil

69. *Informe sobre el valor de las ruinas del ex-convento de Santo Domingo, alabando el celo con que actúa para su preservación la Comisión de Monumentos, pero señala que dicho valor, más artístico que histórico, debe preocupar principalmente a la Academia de Bellas Artes.* Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/partes/574173/expediente-referente-a-la-venta-de-la-iglesia-del-convento-de-santo-domingo>

70. *Copias de acuerdos, resoluciones y actas para la conservación de las ruinas de Santo Domingo (1874-1897).* Archivo do Museo de Pontevedra. Signatura: Sampedro, 18-7; este alleamento foi rexeitado tendo en conta que, tal e como figura nun escrito do delegado de Facenda: «(...) Resultando que el propósito de dicha corporación al solicitar las ruinas, es según, se acredita en el expediente, proceder a su demolición para ensanchar la calle Riestra y otros fines. Resultando que la Comisión de Monumentos Artístico e Históricos se opone a esta enagenación fundamentando en que tienen pregunta la restauración de dichas Ruinas a la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando y en que tanyo esta como la de la Historia. Las consideran dignas de aprecio en su concepto respectivo, hallándose pendiente de la resolución del Ministerio de Fomento su conservación p restauración. Considerando que la Hacienda que ahora administra dichos artísticos restos, no debe privar al ramo de fomento de condiciones o términos hábiles para dictar oportunamente una resolución, lo cual necesariamente sucedería si se accediese a la actual pretensión del Ayuntamiento. S. M el Rey, Que Dios Guarde, y en su nombre la Reina Regenta del Reino ha tenido a bien desestimar y ordenar que la delegación de Hacienda de la provincia no solo se abstenga de las diligencias de venta o cesion de los restos que se trata, sino que se cuide de conservarlos en el mejor estado posible, para en su dia entregarlos si procede al Ministerio de Fomento (...)». «Escrito del Delegado de Hacienda al Sr Presidente de la Comision provincial de Monumentos en el que le comunica la Real Orden por la que se desestima la enajenación de los restos de Santo Domingo en favor del Ayuntamiento». *1885-1897 Oficios, informes y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja.* 21 de marzo de 1889. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, pp. 129-133.

en 12 de febrero último, para que pudieran respetar los precitados restos artísticos; 5º. que el Señor Gobernador en comunicación de 16 de dicho mes, dirigida al Sr Presidente del Ayuntamiento trasladadas en igual fecha a la Comisión y no unidos al expediente manifestó que este no había sido tramitado (...) 16 de Noviembre de 1884, reconociendo también el mérito y conveniencia de estos y el (...) por el mismo de que se iban a demoler aquellos restos pide con urgencia noticias sobre el (...)»⁷¹.

Esta negativa comporta que se lle ordene ao delegado de Facenda da Provincia que adopte as medidas necesarias para a súa conservación e para que deixen de ser un foco de inmudicia, situación motivada en parte polo estado de abandono⁷² no que se atopaban.

Para levar a cabo a conservación destes restos arquitectónicos, debido á actividade de urbanización realizada polo Concello na zona do convento, novamente intervén a Comisión de Monumentos co fin de protexer as ruínas, e solicita:

(...) al Sr Presidente del Excmo Ayuntamiento de esta capital remita copia del plano del terreno y solares en que están situados el ex-convento y su iglesia, el hospicio, y las nuevas edificaciones con las rasantes en proyecto de las nuevas calles y paseos contiguos, planos y rasantes que seguramente habrán sido levantados y están dados ya con carácter definitivo, antes de proceder a la construcción que se esta realizando (...)

Así, a comisión acorda o cerramento por medio dun enreixado⁷³ que xa, desde 1886, se concibiú como provisional, e para o que o arquitecto Alejandro Sesmero presentaba un orzamento

71. *Informe sobre el expediente de la venta de la Iglesia del Convento de Santo Domingo*. Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/informe-sobre-el-expediente-de-la-venta-de-la-iglesia-del-convento-de-santo-domingo/>

72. Proba deste abandono é o texto no que Murguía describe o estado do conxunto: «Ya no restan al presente sino las paredes de las tres capillas absidiales ojivas y dignas de todo encomio, en las cuales se abren las estrechas y largas ventanas propias del estilo y bajo cuyas bóvedas se abrigaban sepulcros que debían de ser sagrados para todo hijo de Pontevedra, por las gloriosas cenizas que encerraban. Cajas sepulcrales, estatuas yacentes, inscripciones, altares ante los cuales tantas oraciones se elevaron al cielo, todo está fuera de su sitio y roto, esparcido por el suelo como huesos insepultos, tal vez para dar prueba de la nada de las grandezas humanas, tal vez para que los que viven enamorados de la gloria, sepan cuanto dura y lo que vale». MURGUÍA, M.: *España. Sus monumentos y sus artes. Su naturaleza y su historia... Op. cit.*, pp. 724-725.

73. «(...) Uno de los principales deberes de esta Comisión provincial es velar por la conservación de los monumentos histórico y artísticos de la provincia. Entre estos se hallan los restos del abside y capillas a el contiguas de la que fue iglesia del Ex-convento de Santo Domingo de esta ciudad, cuya conservación es necesaria, por ser los únicos que en Galicia suman a lo racional de su construcción la belleza artística que reconocen y admiran las personas inteligentes y la pureza en sus proporciones además de ser un recuerdo eterno del progreso artístico alcanzado en esta provincia en los siglos medios. Para llevarla a cabo acordó esta Comisión, en vista del perfecto aislamiento que quedan por efecto de las edificaciones modernas, realizadas en sus inmediaciones empezar por aislarlas por medio de una verja a fin de evitar conlleven mutilaciones (...). «Escrito de la Comisión provincial de monumentos a la Diputación provincial sobre la necesidad de colocar una verja en las ruinas de Santo Domingo». 1885-1897. *Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja*. AMPo, Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, p. 7.




Fig. 30. Proxecto de verxa de cerramento das Ruínas, de Antonio Crespo, 1885-1897. *Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja.* AMPo. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2

que ascendía a 828 pesetas; igualmente, con este acordo fíxanse as condicións facultativas ás que debería de axustarse o enreixado. Este, realizado en madeira, foi proxectado polo arquitecto Antonio Crespo en 1889. Desta cerca coñecemos o seu trazado, e para a súa execución contaba cun orzamento de 800 pesetas concedidas pola Deputación Provincial.

Un ano despois de adoptarse o acordo para proceder ao cerramento das ruínas, o 16 de decembro de 1889 Rogelio Lois ofrécese como «(...) amante de su pueblo y deseando dejar recuerdo del certamen musical que acaba de celebrar y del que fue uno de los organizadores», para, despois de «aislar con una verja de madera las ruinas de Santo Domingo, el convertirlas en



Fig. 31. Ruínas de San Domingos, 1889-1898

jardín»⁷⁴, efectuar unha solicitude á Comisión Provincial de Monumentos para iso⁷⁵, proposta que realiza ante os membros da Comisión de Monumentos Manuel de la Fuente e José Casal, quen establecerían «el modo y la forma en que este señor ha de llevar a cabo las obras de limpieza y conservación y adorno de las ruinas»⁷⁶.

Só un ano máis tarde estes mesmos compoñentes da Comisión Provincial de Monumentos e comisionados no proxecto de conservación das ruínas acordaron, tal e como figura na acta correspondente levantada o 16 de setembro de 1889, referente ao cerramento e limpeza das ruínas, efectuar os seguintes traballos:

(...) 1º. aislar las ruinas durante los trabajos con una valla provisional que evite todo peligro y que permita librar de imprudencias, lo que se vaya descubriendo y limpiando; 2º. Desembrozar bien el terreno contiguo a las ruinas por efecto del acta levanta del 27 de Octubre de 1881, y firmada por la Comisión mixta de individuos del Excmo Ayuntamiento de esta Capital y de la Comisión de Monumentos, nombrados entonces para designar el limite al que podían llegar con el aprovechamiento del terreno y la demolición de la obra relativamente moderna que se hallaba en prolongación de las ruinas hacia la parte del Sudoeste; 3º. rebajar dicho terreno hasta descubrir el enlosado y escaleras de los ábsides procurando recoger y reunir las tapas de los sepulcros, estatuas yacentes, molduras y todo lo que proceda de dichos restos y se halle cubierto por los escombros allí arrojados; 4º. Reparar y rejuntar las bóvedas de los ábsides con un acuñado de piedra y mortero medianamente hidráulico en toda la extensión que fuera indispensable para evitar desprendimientos, acabando por recubrir el trasdós de las bóvedas con una capa de hormigón hidráulico de unos quince centímetros de espesor, sobre la que debe echarse otra capa de tierra de unos veinte centímetros; 5º. limpiar las ruinas de la maleza y vegetación cuyas raíces se hayan alojado en las juntas de la fabrica y puedan

74. *Resumen general de las comunicaciones, acuerdos y resoluciones tomadas acerca de la conservación de las Ruinas de la ex-iglesia del ex-convento de Santo Domingo de Pontevedra por la Comisión Provincial de Monumentos histórico y artísticos de Pontevedra*. 12 de novembro de 1874-1 de xullo de 1897, AMPo, Sign. Sampedro, 18-7, p. 43.

75. «(...) Esta Comisión provincial enterada de su atenta solicitud de 27 de Agosto último en la que solicita se la autorice para aislar los restos artísticos de Santo Domingo de esta Capital con una verja de madera pintada y convertir en jardín el terreno contiguo a aquellas, acordó en sesión del día ocho del corriente manifestar a V: su gratitud por tan patriótico pensamiento y acceder a la indicada petición, nombrando a tal efecto una comisión, compuesta de los Señores Manuel de la Fuente y Jose Casal Lois (...). «Escrito de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra a Don Rogelio Lois en relación con la verja para el cerramiento de las ruinas de Santo Domingo». 1885-1897. *Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja*. 10 de setembro de 1889. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, pp. 175-176.

76. Filgueira Valverde considera que este acto, celebrado nas ruínas de San Domingos, supón os cimentos da Sociedade Arqueolóxica e do Museo de Pontevedra. FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Don Casto Sampedro y la Sociedad Arqueológica»... *Op. cit.*, p. 17.

perjudicar a esta, cuidando de no tocar a las enredaderas y resto de la vegetación que no perjudiquen a la estabilidad y que deben conservarse tal cual se hallan, para no quitar nada de lo que contribuye a embellecer y caracterizar dichas ruinas; 6º. reponer en los paramentos alguno sillares desprendidos cuya falta podría ocasionar desperfectos mayores y aun una ruina completa de los restos que se trata de conservar; 7º construir una verja o valla pintada, y provista de puerta, que aisle las ruinas y permita solamente entrar a examinarlas con la autorización competente; 8º hacer un pequeño jardín en el terreno contiguo y anejo a las ruinas dando salida a las aguas pluviales, para que allí no queden encharcadas; y 9º restaurar las estatuas, sepulcros y molduras, en cuanto fuere posible, sin privarle de su carácter distintivo y del sello de antigüedad que les caracteriza (...)»⁷⁷.

Esta cerca tería un cerramento realizado en materiais máis nobres: un enreixado de ferro levantado sobre un zócalo de pedra, para o que o Sr. Lois lle encarga un proxecto a Andrés de los Reyes, de cuxo orzamento informa o Sr. la Fuente, quen considera que «la cantidad presupuestada no es exagerada, por entender que ni las pilastras están prefabricadas ni la forma de la verja es la corriente porque resulta la debida armonía con el estilo de las ruinas»⁷⁸.



Fig. 32. Proxecto de cerramento das Ruínas, de Andrés de los Reyes, 1885-1897. Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja. AMPo. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2

77. «Acta sobre el modo de proceder para la conservación y cerramiento de los restos del ex-convento de Santo Domingo». Copias de los acuerdos, resoluciones y actas para la conservación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra. 16 de setembro de 1889. AMPo. Sign. Sampedro, 18-7, pp. 9-13.

78. *Resumen general de las comunicaciones, acuerdos y resoluciones tomadas acerca de la conservación de las Ruinas de la ex-iglesia del ex-convento de Santo Domingo de Pontevedra por la Comisión Provincial de Monumentos histórico y artísticos de Pontevedra*. 12 de novembro de 1874-1 de xullo de 1897, AMPo. Sign. Sampedro, 18-7, p. 45.

A década dos noventa suporá un importante cambio na política desenvolvida con respecto ao exconvento dominico, xa que en primeiro lugar o monarca, Afonso XIII, e no seu nome a rexenta, María Cristina de Habsburgo, lle autorizaba á corporación municipal, o 14 de xuño de 1892, a construción dun novo edificio para hospicio, medida que supoñía un cambio substancial, posto que implicaba a cesión ao Concello do pleno dominio do exconvento, situación que variaba porque ata esta data a institución municipal só posuía o antigo convento en usufruto, e a propiedade quedaba en mans do Estado. Con todo, esta autorización dependía do cumprimento das seguintes condicións:

(...) Art. 2º. La casa hospicio se instalará en el nuevo local siempre que reúna las condiciones higiénicas, y de seguridad y de capacidad que sean necesarias para la consulta de la Junta de Beneficencia y Sanidad y aprobación de la autoridad superior civil de la provincia.

Art. 3ª. El Ayuntamiento de Pontevedra invertirá en la adquisición ó construcción del edificio una cantidad cuando menos equivalente al producto en venta del que se cede

Art. 4ª. Queda obligado el Ayuntamiento a la conservación y embellecimiento de las ruinas de la antigua Iglesia del Convento de Santo Domingo, bajo la inmediata inspección de la Comisión de Monumentos histórico y artísticos de la provincia (...)»⁷⁹.

Se nos primeiros anos da década dos noventa a conservación das ruínas, coa construción do hospicio, pasaba a ser responsabilidade do Concello da cidade, nos anos centrais desta mesma década vaise producir un cambio importante que reverterá esta situación. Así, o 14 de agosto de 1895 promúlgase a lei pola que se oficializa que a protección do conxunto de San Domingos, cuxos restos pasaban a ter a consideración de monumento nacional e a ser responsabilidade do Estado, en concreto do Ministerio de Fomento. Con este cambio o ministerio conservaba a potestade de ditar as disposicións para «la conservación, decoro y custodia»⁸⁰ das ruínas, que agora pasarían, pola propia normativa a depender da Comisión de Monumentos.

79. «*Ley de Alfonso XIII, por la que se cede en propiedad las ruinas del convento de Santo Domingo al Ayuntamiento de Pontevedra, para la construcción de un hospicio*». 1885-1897. *Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja*. 12 de xuño de 1892. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, p. 203.

80. «Decreto de 14 de agosto», *Gaceta de Madrid*, núm. 229, de 17 de agosto de 1895, p. 611.




Fig. 33. Copia o plano con medidas e cerramento do Sr. Calvo.

Fonte: Breve historial y planos de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra, AMPo, Sign., 1-19

Será neste mesmo ano cando desde a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra se adopten medidas para garantir a protección do antigo exconvento de frades dominicos, a cal solicita para iso o apoio de Eduardo Vicenti, medidas que terían a finalidade de colocar un novo enreixado de cerramento nas citadas ruínas⁸¹.

É solo un ano máis tarde, e tras o establecemento oficial da súa tutela polo Estado, cando se adopta unha política de mantemento continuado nas ruínas. Dentro destas directrices tendentes á conservación do inmovible, unha das primeiras medidas que se aproba, do mesmo xeito que xa sucedía noutros monumentos da provincia, é o nomeamento de Bernardo Iglesias como garda conservador destas. Tras este nomeamento, o director xeral de Instrución Pública ordénalle á Comisión Provincial de Monumentos que se «(...) sirva dictar las oportunas instrucciones para el mejor desempeño del expresado cargo, así como de proponer a la superioridad lo más acertado para la conservación y el embellecimiento de dichas ruinas y del circuito en que se hallan enclavadas (...)»⁸².

81. «Se acordó también dirigirse al Ilustrísimo Señor Eduardo Vicenti, para que gestionen con destino al Museo algunas reproducciones de los objetos que figuraron en la última exposición histórico-europea, con destino a la Sección Segunda del Museo y la construcción de una verja que cierre las ruinas de Santo Domingo». «Acta de la sesión de 10 de septiembre de 1895». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 10 de setembro de 1895. AMPo, Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 16.

82. Escrito da Dirección Xeral de Instrución Pública en relación co nomeamento de don Bernardo Iglesias e as medidas para adoptar pola Comisión de Monumentos na conservación das ruínas de San Domingos. 4 de outubro de 1893. AMPo. Fondo Com. Prov. Mon. Sign. 2-3, p. 8.

Así mesmo, xunto con esta designación, outra das medidas adoptadas para garantir a conservación das ruínas fai referencia ao seu cerramento. Así, tras as xestións da Comisión Arqueolóxica, ponse en marcha⁸³ baixo a dirección do arquitecto Arturo Calvo⁸⁴ o proxecto, que foi remitido en 1896 e aprobado pola Xunta de Construcións Cívís e pola Xunta Inspectorada das obras do Ex-Convento de Santo Domingo de Pontevedra⁸⁵. As obras de cerramento, seguindo o contido neste proxecto de conservación e cerramento das ruínas aprobado definitivamente en 1897⁸⁶, termínanse en xuño de 1898⁸⁷, cando o conxunto xa albergaba, desde facía catro anos, o Museo Arqueolóxico Provincial⁸⁸. Xunto co cerramento das ruínas para a súa protección, Calvo foi tamén o arquitecto responsable da restauración do conxunto, actuación que implicou a colocación dunha cuberta de cemento sobre as bóvedas das ruínas⁸⁹

-
83. «Dio cuenta el Señor Presidente de las gestiones practicadas para la concesión de la verja que ha de cerrar las ruinas de Santo Domingo, las cuales han tenido un resultado satisfactorio, gracias al decidido apoyo que la Junta halló en el Ilustrísimo Señor Eduardo Vicenti, habiéndose nombrado ya al Arquitecto que ha de hacer el estudio y proyecto. Acordó que se diesen las mas espresivas gracias al Señor Vicenti». «Acta de la Sesión de la Sociedad Arqueológica de 8 de marzo de 1896». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 8 de marzo de 1896. AMPo, Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 23
84. «Breve historial y planos de las ruinas del convento de Santo Domingo de Pontevedra». AMPo, Sign. Comisión Provincial de Monumentos, pp. 1-19.
85. Esta Xunta foi constituída o 22 de xuño de 1897, data na que deron comezo as obras do mencionado enreixado. «Acta de constitución de la Junta Inspectorada de obras de cerramiento y reparación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». 1885-1897. *Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja*. 22 de xullo 1897. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, pp. 235-236.
86. «El Señor Presidente manifestó que el objeto de la reunión era dar cuenta de la aprobación del proyecto de conservación y cierre de las Ruinas de Santo Domingo en las que se halla instalada la sección segunda del Museo arqueológico, proyecto que como la Sociedad sabe es debido á la iniciativa del Ilustrísimo Señor Eduardo Vicenti, Diputado á Cortes por este Distrito, que fue quien nombró el Arquitecto que estudió y formuló el proyecto, y á cuya incansable perseverancia se debe principalmente su aprobación. Cooperaron decididamente á los esfuerzos del Señor Vicenti, el Excelentísimo Señor Don Aureliano Linares Rivas, Ministro de Fomento y el Excelentísimo Señor Don Ezequiel Ordoñez, Diputado por Tuy, poniendo el primero su firma en el proyecto, y trabajando el segundo con todo interés para que sea un hecho lo que tanta importancia tiene para esta sociedad. Manifestó tambien el Señor Presidente que al recibir tan grata noticia había telegrafiado a los Señores dichos, expresándole el agradecimiento de esta Sociedad». «Acta de la sesión de la Sociedad Arqueológica de 24 de febrero de 1897». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 24 de febreiro de 1897. AMPo, Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 34.
87. MÉNDEZ FORTE, R.: *La conservación de los monumentos arquitectónicos en Galicia (1840-1940)*... *Op. cit.*, p. 406.
88. FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Don Casto Sampedro y la Sociedad Arqueológica»... *Op. cit.*, p. 26.
89. «Se discutió la conveniencia de cubrir con tierra las bóvedas de las Ruinas para evitar que se agriete con el calor la cubierta portland recientemente colocada, acordándose, para resolver oír la opinión del arquitecto Señor Calvo, autor del proyecto de restauración de dichas Ruinas». «Acta de la sesión de la Sociedad Arqueológica de 20 de octubre de 1897». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 20 de outubro de 1897. AMPo, Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 45.



Fig. 34. Joaquín Pintos (1881-1967). Interior do Museo Arqueolóxico Provincial coas súas seccións e dependencias nas Ruínas San Domingos, ca. 1951

Ao longo do século XX tamén se levarán a cabo unha serie de intervencións de conservación nas ruínas, aínda que estas revisten un carácter moito máis puntual que as realizadas na anterior centuria. Unha das primeiras medidas que afecta o conxunto é a creación do Instituto de Segunda Ensinanza, que volve facer perigar algunhas das estruturas, tal e como denuncia a propia Sociedade Arqueolóxica⁹⁰.

A seguinte das referencias é a que se produce tras falecer Casto Sampedro y Folgar, en cuxo homenaxe, celebrado o día 8 de abril de 1937, a Comisión Provincial de Monumentos reconece o

90. «Se acordó gestionar que se tomen las medidas necesarias para evitar la incipiente ruina del arco mayor que en el Museo da paso a la seccion de los escudos cuya ruina parece deberse a las obras del nuevo Instituto». «Acta de la sesión de la Sociedad Arqueológica de 20 de julio de 1906». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 20 de xullo de 1906. AMPo, Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 82.

seu importante papel no salvamento do conxunto dominico⁹¹, polo que o conxunto se integra en 1938 no Museo de Pontevedra⁹². É a súa inclusión nesta institución o que propicia unha política de mantemento e intervención continuada no tempo, tal e como o proban as diversas actuacións de conservación emprendidas neste espazo.

A partir deste momento e, en concreto, ata a década dos anos corenta, póñense en marcha unha serie de actuacións de conservación, centradas en realizar pequenas reparacións no monumento pontevedrés, que poden ser consideradas como meras intervencións de mantemento⁹³.

A partir de 1944 prodúcese a primeira das grandes intervencións que se levarán a cabo neste século nas ruínas do antigo convento, consistente na ampliación do Museo Arqueolóxico Provincial⁹⁴, proxecto que será redactado por Luis Menéndez Pidal. Este proxecto de intervención,

91. Tal e como se recolle na sesión do 8 de abril de 1937, na acta de homenaxe da Comisión de Cultura, na sesión na que se informou do falecemento de Casto Sampedro, recoñécenselle, entre os seus méritos: «(...) fundador y presidente de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Director del Museo, miembro de número de la Real Academia gallega, Académico correspondiente de la Real Academia de la Historia, hombre meritísimo de universal saber en las ciencias históricas, que a sus profundos conocimientos en lenguas clásicas, arqueología, numismática, epigrafía, folklore musical, etc. y a sus trabajos numerosísimos sobre la historia, espacialmente en lo que a Pontevedra y su tierra se refiere, unio una constante labor en la defensa del patrimonio artístico, salvando del olvido monumentos inestimables de la antigüedad y del medievo, labor que culminó con el salvamento de las ruinas de la Iglesia conventual de Santo Domingo (...)». «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra, en la que se alude a la labor desarrollada por Casto Sampedro y Folgar en la protección y conservación de las Ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 8 de abril de 1937. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 21-22.

92. «(...) Se da cuenta de que habiendo desaparecido la Sociedad Arqueológica que tantos objetos recogió para los museos de esta capital y que tenía a su cargo las Ruinas de Santo Domingo (monumento nacional) ha pasado todo lo perteneciente a esta sociedad a la entidad “Museo de Pontevedra” la que continua con el Museo establecido en Santo Domingo (...)». «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra, en la que se alude a que las Ruinas de Santo Domingo han pasado a integrar el Museo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 8 de xaneiro de 1938. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 23-24.

93. Entre as intervencións que se levaron a cabo estes anos, pódense mencionar as actuacións de arranxo do xardín, de limpeza ou de colocación de cartelería para as pezas da colección. Os labores de arranxo do xardín realizáronse xa en 1939, tal e como se constata pola información que Filgueira lle transmite a Sánchez Cantón, na que indica «En las Ruinas se arregló el jardín, de verdad, se enarenaron las carreras, etc. ...». Polo que respecta aos labores de limpeza, Filgueira infórmanos en maio de 1940 que «... La limpieza de las ruinas que ocupó durante quince días a unos pobres obreros que hicieron el número escalofriante de quitar jaramagos y... hiedras». FORTES ALÉN, M.^a J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón- Filgueira Valverde. 1926-1943*, Museo de Pontevedra. Deputación de Pontevedra, 2017, pp. 222-242.

94. *Proyecto de ampliación del claustro del Convento de Santo Domingo de Pontevedra para la ampliación del Museo Arqueológico Provincial de Pontevedra*. 15 de xuño de 1944. Arquitectos Luis Menéndez Pidal. Arquivo do Instituto de Patrimonio Español, Signatura PI 1631/34.




Fig. 35. Plano do proxecto de Pons y Menéndez

aprobado pola Comisión Provincial de Monumentos na sesión do 29 de agosto de 1945, consiste en:

(...) ceder al Instituto de Enseñanza Media la habitación que hoy ocupa el Museo instalado en estas Ruinas a cambio de una zona triangular del patio de este centro de enseñanza, con lo que podrían colocarse en el muro que separa las Ruinas del actual patio, los arcos,

obteniéndose una mejor perspectiva de las Ruinas de la Iglesia de Santo Domingo y pudiéndose exponer los expresados arcos, que eran uno de los elementos más interesantes del antiguo convento (...) ⁹⁵.

Polo tanto, tratarase dunha actuación que se centrará basicamente no cruceiro do espazo conventual, proceso para o que o arquitecto toma como modelo o debuxo que Pérez Villaamil realizara do interior das ruínas do antigo convento ⁹⁶. Así, grazas a este proxecto, restitúense os arcos da antiga sala capitular ao monumento.



Fig. 36. Enrique Mallo. Debuxo de Jenaro Pérez Villamil (1807-1854) do convento de San Domingos de Pontevedra

95. *Proyecto de ampliación del claustro del Convento de Santo Domingo de Pontevedra para la ampliación del Museo Arqueológico Provincial de Pontevedra*. 15 de xuño de 1944. Arquitectos Luis Menéndez Pidal. Arquivo do Instituto de Patrimonio Español, Signatura PI 1631/34.

96. Respecto deste tema, Sánchez Cantón indica que a importancia deste debuxo de Villaamil, xunto coa calidade que posúe, é que «valiéndose del intenta ahora el arquitecto Menéndez Pidal restablecer el muro, incluso colocando en sus lugares los escudos que había». SÁNCHEZ CANTÓN, F. J.: «El pintor Villaamil en Pontevedra», *Museo de Pontevedra*, II, 1943, p. 171.



Fig. 37. Vista xeral da arcada da antiga Sala Capitular. Foto actual

Estes arcos, tras ser solicitados xunto con outras pezas pola Sociedade Arqueolóxica en 1903 para evitar a súa destrución con motivo das obras de construción do Instituto de Segunda Ensinanza da cidade⁹⁷, mantivéronse baixo custodia da sociedade pontevedresa ata 1911. Ese ano, tal e como se recolle na acta da reunión da citada institución, celebrada o 2 de agosto, cedéronse en concepto de depósito a Augusto González Besada⁹⁸. Unha vez no poder do político pontevedrés,

97. «Se acordó solicitar la arcada, ventanas ojivales y canecillos del ex-convento de Santo Domingo, con ocasión del derribo que ha de verificarse para construir el nuevo edificio para Instituto de 2ª enseñanza y que en el proyecto de dicho edificio se deje un local en comunicación con las ruinas, para instalar en él la segunda sección del Museo que actualmente ocupa uno de los bajos del Palacio Provincial». «Acta de la sesión de la Sociedad Arqueológica de 31 de Diciembre de 1903». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 31 de decembro de 1903. AMPo. Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 77.

98. «Vista la instancia del Excelentísimo Señor Don Augusto González Besada en solicitud de que se le facilite en deposito la arcada del que fue Claustro de Santo Domingo, se acordó acceder a ello fundándose la Junta en que dicha arcada no tiene colocación posible ni dentro de las ruinas, ni fuera en lugar adecuado, si bien respecto al depósito acuerda se hagan en las condiciones Reglamentarias». «Acta de la sesión de la Sociedad Arqueológica de 2 de Agosto de 1911». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*, 2 de agosto de 1911. AMPo. Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 92; FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Sumario de la sección lapidar del Museo». *Museo de Pontevedra*, 5, 1948-50, pp. 187-208.

os arcos foron remontados na leira propiedade da familia do antigo ministro de Facenda, no próximo concello de Poio, localización da que se conserva unha fotografía realizada en 1929 por Otto Wunderlinch (1886-1975)⁹⁹, na que se observan os cinco arcos dispostos sobre un podio corrido no medio dun espazo natural que se corresponde co xardín da citada propiedade.

Unha vez aprobado o «audaz» proxecto de remodelación, tal e como o cualificaba o propio Filgueira nunha das súas cartas dirixida a Sánchez Cantón¹⁰⁰, os membros da Comisión Provincial de Monumentos solicítanlles oficialmente aos herdeiros de González Besada a súa devolución¹⁰¹, por acordo do 29 de agosto de 1945, tras agradecerlles as condicións en que os preservaron, pero como as pezas tardaban en ser devoltas xerouse unha certa preocupación entre os responsables dos restos do exconvento dominico¹⁰².

99. Finca de Besada. Arcos in Park [Arcos en ruinas en el jardín del pazo. Arcos apuntados sobre fustes con finas columnas adosadas. Rodeados de vegetación]. Fototeca del Instituto de Patrimonio Cultural de España, Signatura WUN-08326, Disponible en: <http://catalogos.mecd.es/IPCE/cgi-ipce/ipcefototeca/O13193/ID639e4e0a/NT1>.

No arquivo do Museo de Pontevedra consérvanse dúas copias da mencionada instantánea fotográfica. Unha, sen indicar o autor, atópase tamén no AMPo. 716 *Apuntes sobre la iglesia del Convento de Santo Domingo de Pontevedra*. AMPo. Sign. Sampedro, 53-4, e a segunda, está catalogada no Arquivo Gráfico, baixo o título de Finca González Besada en Poio, Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra, Sign., Wunderlich, 1-95.

100. Na carta dirixida a Francisco Javier Sánchez Cantón, o 21 de marzo de 1944, Filgueira describía a intervención para realizar en San Domingos e indicaba: «En las Ruinas. La propuesta es más audaz todavía: los arcos del capítulo se colocan abriendo el muro del Instituto, pero no el que da a la salita actual, que se cedería a la Biblioteca, sino el que da a la galería y patio, que se reducen haciendo una logia con unos cuatro metros de fondo, a lo largo para colocar la epigrafía. La puerta se tapia, y se suprime la escalera. Los arcos van relativamente bajos. La puerta de San Bartolomé, que hay que trasladar pasa a detrás del arco cairelado, puesta en la pared calcada del fondo, que se cubre así con los perpiaños. Esta resuelto lo del enlosado de la Capilla Mayor, dejando unos diez centímetros nada más». FORTES ALÉN, M.^a J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde 1944-1952*. Museo de Pontevedra. Deputación de Pontevedra, 2017, p. 19.

101. «(...) La Comisión acuerda ver con satisfacción esta obra, expresando al Señor Comisario del Tesoro Artístico su agradecimiento por el interés que se toma en los asuntos de esta provincia y con respecto a la gestión que interesa sobre los arcos, solicitarlos de los herederos del Excelentísimo Señor don Augusto González Besada, los que dado el destino de los mismos, en el monumento nacional del que formarán parte, es de esperar no tengan ningún inconveniente y a los que hay que manifestar el agradecimiento por el buen estado de conservación en que los tienen (...)». «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda al respecto de la colocación de los arcos en las ruinas del Convento de Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 29 de agosto de 1945. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 65-67.

102. Retraso do que se fai eco Filgueira na correspondencia que mantén con Sánchez Cantón, cando o 25 de xullo de 1945 lle indica: «Estamos con la obra de la Ruinas pero itodavía! Sin los arcos, no contestaron a Chamoso. Espero que se dispongan a negarlos.» FORTES ALÉN, M.^a J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde 1944-1952...*, p. 84.



Fig. 38. Otto Wunderlich, (1886-1975). Arcos da Sala Capitular na propiedade de Augusto González Besada en Poio, 1929

Unha vez restituídos ás ruínas de San Domingos, estes arcos situáranse no lugar que se atopan na actualidade, fronte á cabeceira do templo e na mesma disposición que presentaban no antigo claustro do convento, que leva por título «Arcos del Claustro e ingreso al Capítulo o Capilla de los Reyes antes del derribo»¹⁰³. Con todo, a súa colocación tamén espertou certa problemática entre os responsables do museo e os arquitectos encargados de efectuar a intervención, tal e como se deduce da información achegada na correspondencia mantida entre Filgueira e Sánchez

103. Pardo Villar conserva unha imaxe destes arcos no primitivo emprazamento antes da demolición do seu interior e do claustro. Respecto do tema, véxase: PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, Lámina IV.




Fig. 39. Remonte dos arcos da antiga Sala Capitular. Proxecto de ampliación do Museo Arqueolóxico, ca. 1947

Cantón. Así, respecto desta intervención, indica Filgueira Valverde na carta dirixida a Sánchez Cantón o 6 de maio de 1946 o seguinte:

Para las ruinas, de acuerdo con tu idea, teníamos, ya muy concreta, una solución de arcos al fondo; Pons la rechaza de plano, arguyendo problemas de módulo, prefiere la ya hablada transacción de la segunda columnata sin arquería. Se sigue trabajando en la estructura, dejando todo lo polémico para el final¹⁰⁴.

Unha vez acabada e reordenada, coa colocación dos arcos da antiga sala do Capítulo, a coñecida como «salita de Santo Domingo», ese mesmo ano empréndese outra intervención consistente en dotar de novo empedrado as ruínas do antigo convento dominico, momento no que se descobre un contratempo imprevisto na Capela Maior, que no mes de outubro Filgueira lle comunica a Sánchez Cantón:

Tenemos un problema urgente y creo que sin solución buena en las Ruinas: se trata del nivel del nuevo empedrado. Resulta que la Capilla Mayor tuvo su solera muy por debajo de las laterales, en especial de las extremas lo que confirma la idea de su «adicionalidad» en planta. Nada menos que 70 centímetros por debajo de la rasante de la nave y casi un metro de la calle. No es posible bajar tanto, pero da ganas porque el ábside ganaría en esbeltez y porque existe decoración tapada. ...



Fig. 40. Remonte dos arcos da antiga Sala Capitular. Proxecto de ampliación do Museo Arqueolóxico, ca. 1947

104. FORTES ALÉN, M.^ª J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde 1944-1952...* p. 108; diferenzas que tamén se aprezan noutra das cartas que o director do Museo de Pontevedra lle dirixe a Sánchez Cantón o 22 deste mesmo mes de maio, na que lle indica: «Para las ruinas, de acuerdo con tu idea, teníamos, ya muy concreta, una solución de arcos al fondo; Pons la rechaza de plano, arguyendo diferencias de módulo; prefiere la ya hablada transacción de la segunda columnata sin arquería. Se sigue trabajando en la estructura dejando todo lo polémico para el final». FORTES ALÉN, M.^ª J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde 1944-1952...* *Op. cit.*, p. 108.

Se me ocorre que como deixar el enlosado alto sería pésimo y bajar los 70 centímetros es casi impracticable, pues daría un metro fuera, podría elegirse una solución intermedia por la línea que señalo y dejar detrás del altar un pozo de testigo en uno de los pilares. Habla con Pidal y dame respuesta rápida. De paso puedes ... empezar a sugerirle que, para la subida de jornales y subsidios (estos últimos importan ya un 112% sobre aquellos) empieza a encarecer la obra y que sería menester ir preparando un presupuesto para el enlosado, drenado, reparación de cemento en cubiertas, etc, etc., bastante alto. Yo no me atrevo a proponerle nada¹⁰⁵.

Os arquitectos Pons e Menéndez Pidal solucionaron esta situación rebaixando ao nivel primitivo o empedrado da Capela Maior¹⁰⁶, o que implicaría, tal e como se produce na actualidade, que para acceder a esta haxa que descender chanzos. Xunto con esta actuación, as intervencións proseguiron e, a finais da década dos corenta, en concreto en 1949, apróbase un novo proxecto para intervir no exconvento. Este proxecto de consolidación e restauración das ruínas de San Domingos¹⁰⁷ é redactado polos arquitectos Luis Menéndez Pidal e Francisco Pons Sorolla, o cal supuxo un importe de 49.999,84 pesetas, consistente en efectuar labores de conservación das citadas ruínas, consolidación de perpiaños e doelas desprendidas das ventás das ábsidas e unha serie de obras de limpeza¹⁰⁸.

105. FORTES ALÉN, M.ª J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde 1944-1952... Op. cit.*, p. 128.

106. «... Han estado aquí Pidal y Pons. Parece que les agrada cómo quedan las Ruinas ... Pidal tiene criterio que creo justo, de que se rebaje la Capilla Mayor hasta el nivel primitivo, aunque haya que hacer un escaión de bajada y no de subida y sea menester alcantarilla y drenaje; tiene razón: cabría duda si se tratase de un templo abierto al culto, no la hay al operar sobre un monumento que es ya solo eso, un monumento de «inda mais», un Museo, y donde lo cómodo ha de sacrificarse a lo auténtico. Me convencieron». FORTES ALÉN, M.ª J.: *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde 1944-1952... Op. cit.*, p. 133.

107. *Proyecto de restauración del solado y sillares de los ábsidas de las ruinas del convento de Santo Domingo de Pontevedra, 15-30 de mayo de 1949*. Arquitectos Luis Menéndez Pidal y Francisco Pons Sorolla, Archivo do Instituto de Patrimonio Español, Sig. PI 1631/36.

108. «Autorización del proyecto de intervención, consolidación y limpieza de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». Contas de 1949. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 3-7, p. 159.




Fig. nº 41. Plano do proxecto de Pons Sorolla, para reforma do cerramento das Ruínas

Xunto con esta actuación, entendida como obra de mantemento, será tamén Pons Sorolla o encargado, case a finais dos anos cincuenta, en concreto en 1958, de acometer a renovación do cerramento das ruínas, proxecto que presenta ante a Comisión Provincial de Monumentos o 5 de xaneiro dese ano, consistente na «(...) modificación del cierre de las ruinas del convento de Santo Domingo»¹⁰⁹ e que se termina no mes de setembro de 1959, tal e como figura na acta da sesión

109. Tal e como figura na acta da sesión do 5 de xaneiro de 1959, a obra de modificación do peche das ruínas, proxecto redactado por Pons Sorolla, será financiada, tal e como comunica o alcalde, polo concello cunha cantidade de 29.000 pesetas. O resto do diñeiro necesario para a execución do proxecto «(...) se obtendrá del aprovechamiento de la verja que se desmonte, en el cierre de la finca el vergel, del Instituto de Enseñanza Media. En esta forma no será necesario habilitar crédito especial para la reforma que gravará en menos la economía del Museo de Pontevedra que tiene instalada en las Ruinas su sección lapidaria». «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra de la Sesión de 5 de enero de 1959, en la que se acuerda la aprobación del proyecto de modificación del cierre de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 5 de xaneiro de 1959. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, p. 90.



Fig. nº 42. Félix Tilve Poceiro. Vista xeral da cabeceira do convento de San Domingos de Pontevedra, 1959

correspondente ao día 9¹¹⁰. Para poder realizar este novo cerramento, o Concello de Pontevedra outorgou unha subvención de 29.000 pesetas, tal e como se recolle na acta do 13 de maio de 1958:

(...) Dada cuenta del expediente tramitado para el nuevo cierre de las Ruinas de Santo Domingo de esta ciudad, con arreglo al proyecto del Arquitecto del Servicio de Defensa del Patrimonio Artístico Señor Pons Sorolla, y considerando que la subvención de veintinueve mil pesetas que interesa al Patronato del Museo de Pontevedra como compensación del terreno que se gana para vía pública con dichas obras, está debidamente justificada, y es

110. Na sesión correspondente ao día 9 de setembro indica: «Se da cuenta de haber sido realizadas obras de modificación del cierre de las Ruinas de Santo Domingo, de las que solo falta por acabar una pequeña parte del zócalo de piedra, que está casi ultimado (...)». «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra de la Sesión de 9 de septiembre de 1959, en la que se informe del estado de las obras de reforma del cierre de Santo Domingo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 9 de septiembre de 1959. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, p. 92.

conveniente para el Ayuntamiento por cuanto la valoración dada por la Dirección de Vías y Aguas con arreglo al Índice de Valores unitario vigente da un total de cincuenta y siete mil quinientas pesetas; y visto asimismo el presupuesto que formula el Director accidental de Vías y Aguas para la ejecución de las indicadas obras por un total de ochenta y nueve mil doscientas noventa y cinco pesetas con setenta y cinco céntimos, el Pleno Municipal acuerda por unanimidad, acceder a lo interesado por el Patronato del Museo de Pontevedra y por tanto conceder al mismo una subvención de veintinueve mil pesetas en compensación del terreno que se gana a vía pública con motivo de las obras del nuevo cierre de las ruinas de Santo Domingo (...)»¹¹¹.

A pesar de todas estas intervencions, Francisco Pons volverá intervenir no conxunto en 1961. Neste ano empréndese un novo proxecto de restauración dos restos do convento conservados, no que se consolida a ábsida da entrada, se coloca un parteluz nun das ventás da Capela Maior e se fai unha limpeza xeral desta¹¹².

111. «Escrito del Ayuntamiento de Pontevedra, en relación con la subvención de 29.000 pesetas que otorga el Ayuntamiento con el cambio de proyecto del cierre de Santo Domingo». *1895. Intervención en las Ruinas de Santo Domingo*. 4 de xuño de 1958. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 7-13, pp. 1-2.

112. «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artísticos de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda solicitar al Alcalde que el Ayuntamiento se encargue del mantenimiento de los jardines de Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 30 de decembro de 1961. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 101-103.

O que hoxe coñecemos como ruínas de San Domingos son os restos do antigo convento que chegaron aos nosos días e que de forma practicamente exclusiva se limitan á cabeceira do antigo templo medieval e a unha parte do espazo do cruceiro do templo, xa que a nave do conxunto, coñecida como «iglesia nueva», e proxectada polos frades dominicos cara a 1804, foi demolida na segunda metade do século XIX. Destrución da que tamén foi obxecto a maior parte da fábrica conventual, da que apenas se conservaron máis que pequenos fragmentos

A pesar do número escaso de restos da fábrica que nos chegaron, debido en parte ás actuacións seguidas tras a exclaustación dos frades dominicos de Pontevedra, a relevancia que estes posúen dentro da arquitectura gótica e, máis en concreto, da arquitectura das ordes mendicantes, é o bastante significativa como para valorar a importancia que este conxunto conventual debeu de ter, non só en canto ás formas, senón tamén dentro da propia cidade e no conxunto dos edificios da Orde de Predicadores. Isto pono de manifesto Pardo Villar cando afirma: «por lo que queda en pie de este hermoso conjunto se puede juzgar la importancia de lo destruido»¹.

Con todo, xunto co poder evocador dos restos conservados, hoxe en día cóntase cunha serie de descrições e imaxes do conxunto que, aínda que non son moi numerosas, senón máis ben todo o contrario, contribúen a achegar información sobre o espazo conventual hoxe desaparecido pola remodelación sufrida polo edificio. Estas transformacións producíronse no século XIX e nos primeiros anos do XX, a primeira para convertelo en hospicio, e a segunda, moito máis radical,

1. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 110.

que culminaría coa construción do Instituto de Segunda Ensinanza², que habería de ocupar o lugar no que se levantaban as antigas dependencias conventuais.

Entre estas fontes que nos informan sobre os restos desaparecidos destaca novamente a información proporcionada por Antonio de la Iglesia, que, aínda que describe a fábrica do convento, o fai cando este xa sufrira significativas alteracións e perdera parte da esencia medieval. Este autor, que basicamente se fai eco das transformacións producidas na época moderna, proporcionáanos un testemuño que se constitúe nun elemento importante á hora de valorar a fábrica do desaparecido edificio conventual, no que alude á visión externa do edificio, pero tamén á interna.

Así, este autor apunta:

(...) Pero no nos separemos de nuestro especial objeto, que es dar a conocer el amenazado, el herido y agonizante monumento de Santo Domingo, contrayéndonos en nuestras observaciones al año 1867, en que por primera vez le hemos visitado, y enlazándolas con las que pudimos visitar en agosto de 1880, en esa época de brillo y satisfacciones legítimamente adquiridas ...

Poco podremos detenernos ante la fachada occidental del templo de Santo Domingo, cuya obra greco – romana quedo por terminar antes de los capiteles de las cuatro pilastras que la adornan sobre el basamento o zocalo, y que constituyen el cuerpo de que se compone, ofreciendo comprendida en ellas la base de las torres con las que se flanquearía la fachada, y de las cuales asoman en lo alto el principio del segundo cuerpo que debían adquirir, si la obra prosiguiese. Abrese el centro de la fachada el vano rectangular de la puerta principal de la iglesia, y arriba la hornacina para la colocación de la estatua del Patrono.

Recorrida luego la vista externa de ambos fastiales, nada presenta de particular la reedificación, a no ser la falta de euritmia y del criterio de las restauraciones, hasta llegar al crucero, tocando a la obra antigua y gótica con su ventana circular de calado y bello rosetón á la cabeza de la nave del Norte, mirando al paseo, la de aljimez con ojivas frente á la misma,

2. O Instituto Valle-Inclán, que é o primeiro centro de segunda ensinanza que se instala na cidade de Pontevedra para darlle servizo a toda a provincia, foi inaugurado polo monarca Afonso XIII en 1927. Aínda que a iniciativa para a súa construción é moi anterior, en concreto de 1903, e parte da iniciativa do ministro de Instrución Pública e Belas Artes, Manuel Allende Salazar y Muñoz, neste proxecto xogou un importante papel Augusto González Besada. Para a construción deste edificio de segunda ensinanza chegouse a un acordo co Concello da cidade e co director da futura institución educativa. Por unha banda, o Concello, tal e como se aprobou na sesión do 31 de marzo, cedía os dereitos que tiña sobre o edificio do hospicio e a inclusa para, unha vez derrubado, levantar o novo instituto. A cambio, o Estado transferíalle ao municipio o local que ocupaba o antigo colexio dos xesuítas xunto á igrexa de San Bartolomeu para acoller o hospicio e a inclusa. Do proxecto do centro educativo encargáranse os arquitectos Joaquín Roji Lopez Calvo e José Lorite y Kramer. O proxecto comezouse en 1904 e non se remataría ata 1927, ano en que se inaugura o centro de ensino. TORRE, R. de la: «Cuando el instituto se instaló en la Alameda». *Faro de Vigo*, 27 de setembro de 2015. <https://www.farodevigo.es/opinion/2015/09/27/instituto-instalo-alameda-16808881.html>

en la otra cabeza de la nave por el Sur, y los cinco resaltados ábsides góticos, pintorescos y bellísimos, con que la fabrica del templo dominico termina por el Oriente, añadiéndose todavía en tiempos cercanos la ochavada torre conventual, elevada en el ángulo Sudeste del crucero, ahora últimamente derribada (...)³.

Se no exterior se centra neste aspecto, non acontece o mesmo no que respecta ao interior, no que realiza unha descrición detallada, tanto na nave que vai ser obxecto de desaparición coma na cabeceira e no cruceiro, os elementos máis destacados ao ser os que, en palabras de autor, «arrebatan inmediatamente la atención» do visitante. Así, con respecto ao interior do espazo, xa condenado a desaparecer, indícase:

(...) Penetrando ao interior, estender o renovado corpo da igrexa por unha superficie de 120 pés de longo, por 36 de ancho, ata dar no cruceiro. Outros 36 de longo por 36 de ancho mide cada un dos brazos da cruz e o fondo e anchura da intersección, ata a capela maior, outra igual cantidade. A ábsida da capela maior comprenderá así mesmo 36 de ancho por 33 de fondo, e cada un dos catro ábsidas laterais presentannos 15 de fondo por 18 de anchura. A altura corresponde á a magnitude e grandeza do todo.

Aos 60 da entrada principal termina a extensión que se regulou para o coro alto, chegando a empezarse os arranques das cinco arcadas nas que había de sustentarse aquela obra. Cinco pilastras jónicas distribúen logo os espazos dos muros laterais do templo entre o cruceiro e o coro, dando orixe a outros tantos arcos ou capelas, tres delas para altares, compartíndose os outros dous intermedios en catro nichos, dous cada unha de basea cornisamiento e capiteis, coas repisas ou impostas dos arcos, todo bo. Escusado será manifestar que a obra nova non puido alcanzar á construír ningunha bóveda (...)⁴.

Do mesmo xeito que sucede con esta obra, e dentro deste mesmo contexto, tamén habería que citar, pola importancia da información que nos traslada, a planimetría realizada en 1865 por Juan Ancell no marco do proxecto para a construción do Hospital Provincial. En concreto, no «plano del terreno para el emplazamiento»⁵, o arquitecto reflicte o estado do antigo convento, xa transformado en hospicio, onde indica os elementos que deben conservarse ou suprimirse para construír o novo hospital da cidade.

3. IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: Papeles arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra... *Op. cit.*, p. 2.

4. IGLESIA GONZÁLEZ, A. de la: Papeles arqueológicos. Santo Domingo de Pontevedra II... *Op. cit.*, p. 3.

5. *Planos y presupuestos para la construcción del Hospital Provincial*. AMPo. Sign. Archivo xeral, 84-4.




Fig. 43. Plano de emprazamento para o Hospital provincial. Planos e orzamentos para a construción do Hospital Provincial. AMPo. Arquivo xeral, 84-4.

Neste plano apréciase como as dependencias conventuais se dispuñan ao redor dun claustro de planta rectangular, organizado nos seus lados maiores con sete arcos, que descansan en columnas, mentres que, nos menores, só un conta con seis arcos, que descansarían tamén no mesmo tipo de soporte. É este espazo claustal o que organizaría a vida da comunidade, xa que permitiría o acceso a todas as dependencias conventuais. Este unicamente tiña tres renxías, pechadas en altura por un teitume plano de madeira conformado por vigas, polo que a obra estaría inconclusa, e sería a cuadrilla máis próxima á igrexa a que ben non se construíu ou ben desaparecería con anterioridade á data na que o arquitecto realizou a citada planimetría.

Igualmente, xunto con esta fonte gráfica, tamén habería que mencionar o plano que realiza o arquitecto Justino Flórez Llamas en 1874, xunto con outros de autoría anónima⁶, que nos permite aproximarnos á composición xeral do antigo espazo conventual, hoxe desaparecido.

En función destes documentos, sábese que este inmovible respondería a unha tipoloxía similar á doutros conventos mendicantes, organizado cun templo, e un edificio conventual constituído por un único claustro, ao que se abrirían unha serie de dependencias nas que os frades organizarían a vida na comunidade.

Do conxunto conventual consérvase unha completa descrición de Antonio de la Iglesia na que se indica:

(...) Pasando de la Iglesia provisional y sacristía de la obra del Claustro de Santo Domingo nos hallábamos con tres crujías o lienzos de á seis arcos en cada uno sobre columnas muy parecidas a las toscanas en el primer cuerpo de la obra, faltando la crujía del Norte, deshecha sin duda en el ensanche que el templo en su reedificación tuvo por aquella parte del claustro, la cual dejó interrumpido y cortado el marco espacioso del patio que no obstante media unos 138 pies del lado Sur por 120 en los de Oriente y Occidente, teniendo 15 de anchura las galerías cubiertas galerías (sic)

Diecinueve columnas y pilares alzaban los diez y ocho arcos de medio punto, pasando unos y otros a sostener el segundo cuerpo de la obra del claustro, dividido cada uno de sus frentes en doce espacios, limitados los treinta y seis para igual número de ventanas, por pilastras de capiteles caprichosos, con la voluta jónica invertida hacia lo alto, o sea al revés de las que en aquel orden se hallaban admitidas, sirviendo todas ellas a la cornisa general del claustro, con la cual la fábrica de este se terminaba ...

6. Consérvanse dous planos de Justino Flórez Llamas, un que se corresponde co plano da planta baixa, e un segundo, que é o da distribución da superficie do convento no terreo no que se levantaba. Xunto con estes planos existe outro dunha representación parcial do claustro, no que mesmo se acompaña das medidas. *Breve historial y planos de las ruínas de Santo Domingo de Pontevedra*, AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-19.




Fig. 44. Debuxo do claustro de San Domingos coas medidas. En *Breve historial y planos de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra*, AMPo. Comisión Provincial de Monumentos, 1-19

En el ángulo formado por la fachada occidental de la iglesia y la portería principal del monasterio al costado sur de aquellas, se abre la entrada del exterior para este claustro

Salen a la planta baja del mismo varias puertas, entre las que figura la del Sureste, la de la escalera principal que sube a la galería y departamentos elevados de la casa; puerta rectangular con escudo de armas por coronamiento, o sea la cruz de la Orden dominicana; mientras que por el Nordeste rompía otra de arco trebolado y en el promedio del lado Sur se admiraban en el muro con plenísima razón los cinco arcos de la arquitectura gótico-ojival que ofrecían ingreso y luz al costoso y bello capítulo del Claustro⁷.

7. IGLESIA, A. de la: *Estudios arqueológicos*, pp. 253-258.

A disposición deste edificio conventual con respecto á igrexa, situado no seu costado sur, é similar á que tería o primeiro dos edificios conventuais que os dominicos construíron na cidade de Santiago⁸; localización que seguramente veu condicionada, no caso pontevedrés, máis polas características do terreo ás que os frades se tiveron que adaptar na construción da casa conventual que pola tipoloxía que a orde desenvolvera na primeira das fundacións que os predicadores realizaron en Galicia, o conxunto de San Domingos de Bonaval.

Sábese, como xa se indicou, que a igrexa respondía tipoloxicamente ás características esenciais das levantadas polas ordes mendicantes. Así, esta organizábase nunha planta de cruz latina, de dimensións considerables⁹, con cabeceira conformada por cinco capelas, todas elas poligonais, das que a central presentaba maiores dimensións que as laterais. Esta cabeceira, anómala en canto á forma e tamaño con respecto ao que era norma habitual nos conxuntos mendicantes galegos, abríase a un transepto desenvolvido en altura e organizado por unha única nave que comunicaba coa principal, disposta de forma perpendicular ao transepto do templo e que, do mesmo xeito que este, se caracterizaba por organizarse nun espazo único con varios tramos que funcionarían a modo de capelas.

Deste templo consérvase un debuxo do século XVI que mostra o convento inserto na trama urbana da cidade, no que destacaría a igrexa conventual de San Domingos. Este debuxo, aínda que simple e esquemático ao carecer de proporción e cunha perspectiva un tanto torcida, permite achegarnos ao que foi a composición do templo medieval, e especialmente da nave que os frades, dentro do proxecto de renovación da igrexa, demolerían a partir de 1804 para construír outra nova seguindo as premisas do estilo neoclásico.

Así, nel aprécianse certos elementos de gran valor, coma as capelas que se organizaban nos tramos da nave ou as dúas dispostas nos últimos tramos deste templo, probablemente relacionadas con materializacións dos séculos




Fig. 45. Detalle do debuxo do convento de San Domingos de Pontevedra. En GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, S.: *Pontevedra a fines del siglo XVI: tres dibujos desconocidos*, Museo de Pontevedra, 1965, p. XI

8. MANSO PORTO, C. *Arte gótico en Galicia: los dominicos*, T. II... *Op. cit.*, p. 504.

9. Seguindo a Pardo Villar, as dimensións deste templo eran de aproximadamente «cincuenta metros de longitud por veintinueve de ancho en el crucero y nueve en la nave con trece de elevación». PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 110.

XV e XVI e independentes unha da outra, que sobresaírían do espazo da nave e que, probablemente, terían unha finalidade funeraria.

Igualmente, outro dos elementos arquitectónicos do que nos proporciona información este debuxo é a fachada occidental primitiva que desaparecería coa renovación deste espazo determinada pola construción da nave. Esta presenta certas similitudes coa do próximo templo franciscano e organizase cunha composición marcada por un van de acceso, que seguramente posuiría un carácter apuntado, dúas ventás ou nichos e un pequeno rosetón¹⁰.

Outro elemento destacable é o que se dispón no espazo do cruceiro. No seu brazo norte abrírase unha capela, tamén desaparecida, que posuiría sancristía propia e que, talvez, podería tratarse da Capela do Rosario¹¹. O feito de que esta capela teña un espazo destinado a sancristía, tal e como se observa no debuxo, non resulta estraño, xa que desde a época moderna se trataba dunha capela relevante, condición que lle faría adquirir protagonismo no interior do templo dominico; así, en 1662, coincidindo cun momento en que o convento renova parte das súas dependencias para modernizalas, o mesmo que ocorrera noutros mosteiros e conventos galegos, esta capela é obxecto dunha intervención de mellora e ampliación da fábrica.

Esta intervención debeu supoñer que a Capela do Rosario ocupase unha parte do Campo de San Domingos. Estas obras realizaríanse ao redor de 1676, ano en que son mordomos Domingo de Araújo e Francisco Mena Valdecillo¹². Xunto con esta capela, sita no brazo norte do transepto, no lado sur apréciase nun debuxo do convento a presenza dunha torre que aínda non leva engadido o corpo superior oitavado que se construíu no século XVII e que formaría parte do programa xeral de renovación e mellora que se produciu nesta casa conventual. Esta estrutura mantíñase aínda no século XIX, momento en que, xunto con outras partes do convento, foi obxecto de demolición.

De acordo coa tipoloxía mendicante á que respondía este templo pontevedrés, e aínda que tamén desapareceu, pódese presupoñer que esta igrexa estaría pechada en altura cunha cuberta de madeira a dúas augas, aínda que no cruceiro presentase cuberta independente e a catro augas¹³.

10. GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, S.: *Pontevedra a fines del siglo XVI: tres dibujos desconocidos*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1965, p. 20.

11. GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, S.: *Pontevedra a fines del siglo XVI: tres dibujos desconocidos... Op. cit.*, pp. 20-21.

12. Estas obras de ampliación da capela non afectaron unicamente aspectos relacionados coa construción arquitectónica, senón que, pouco despois de ampliada esta construción, se dotou tamén o espazo dun novo mobiliario litúrxico, para o que se edificou un novo retablo en tempos de don Pedro de Mena e o capitán don Francisco Sotomayor. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 119.

13. CAAMAÑO MARTÍNEZ, J.: *Contribución al estudio del arte gótico en Galicia... Op. cit.*, p. 162.

Todo o espazo interior do templo iluminaríase cunha serie de xanelas amaineladas, un total de sete, que se dispoñían no ámbito do cruceiro e da nave, e ás que habería que engadirllas as trece situadas na cabeceira¹⁴.

Desta construción soamente chegaron ata os nosos días a cabeceira e parte do espazo do cruceiro. Dos dous espazos que se conservaron, o máis notable é a monumental cabeceira da igrexa do conxunto conventual. A súa importancia xa aparece apuntada por múltiples autores, entre os que destaca Balsa de la Vega, que a define como «la más notable de todas las de su género y la más importante»¹⁵, aspectos que non impiden a existencia de informes en sentido contrario, coma o emitido polos facultativos municipais¹⁶.

Con independencia deste feito, son a significación deste elemento e a imaxe de grandeza estilística que desprende os que propician a conservación deste espazo arquitectónico, en boa parte auspiciada pola vontade dos membros da Comisión Provincial de Monumentos, que fixeron todo o posible por conseguir que esta non fose sometida ao mesmo proceso de destrución producido noutros espazos da antiga casa conventual dominica. Para iso, puxeron de manifesto a importancia do espazo, así como a grandeza das formas debedoras do estilo no que foron construídas, e indicaron respecto diso:

El estilo ojival en su nacimiento obedeció a las circunstancias históricas y necesidades sociales de aquella época, habiendo cumplido su fin con buenas proporciones, y tiene un carácter propio perfectamente expresado, reuniendo por consiguiente verdaderas condiciones de bellezas y marcando un progreso en el arte de la Arquitectura. Los restos que recuerdan aquel estilo conservado con más pureza en su primera época, deben ser respetados (...)»¹⁷.

14. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* Op. cit., p. 110.

15. Balsa de la Vega, R.: *Catálogo monumental de la provincia de Pontevedra*, vol. 1, p. 9, 118; Disponible en: http://aleph.csic.es/imagenes/mad01/0010_CMTN/html/001359506_VOIT.html#page/118/mode/2up

16. Rodríguez Sesmero, no informe que emite respecto do mérito artístico das ruínas, indica: «(...) Es evidente que el ábside central esta fielmente acomodado á las líneas sencillas y severas del ojival estilo, de bellas proporciones por lo que es muy natural que haya merecido alabanzas de personas ilustradas que lo hayan visto, pero estas son relativas; Ejemplares como el ábside en cuestión son muchos los que existen en la mayor parte de los pueblos de alguna importancia en España. En esta misma ciudad tenemos ocasión de contemplarlos en los conventos de Santa Clara y San Francisco y en la notable bóveda del presbiterio del templo de Santa María. Todos merecen las miradas de los viajeros sin que por eso hayan llegado a la categoría de monumento de primer orden, como por ejemplo la bóveda del cruceiro de la Catedral de Burgos; el gran Pórtico de Santiago y otras muchas que pudieran citarse (...)». «Expediente en relación con la expropiación por utilidad pública de las ruinas del convento de Santo Domingo, en la que se incluye el informe de las mismas que realiza el arquitecto Rodríguez Sesmero». *1885-1897 Oficios, informes y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja. 8 de Enero de 1888*. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, p. 149.

17. *Informe sobre los restos del convento de Santo Domingo y plano (1887)*. AMPo. Sign. Sampedro, 18-9, p. 14.



Fig. 46. Francisco Zagala (1842-1908). Ruínas de San Domingos, ca. 1896

A cabeceira do templo era, sen dúbida, o espazo máis destacado da antiga igrexa dominica, xa que as súas cinco capelas articulaban un amplo conxunto espacial que non tiña parangón en ningún outro exemplo galego. Así, nela, aínda que se denota en pequenos detalles a influencia do templo pontevedrés de San Francisco, non hai dúbida de que a maior débeda deste espazo se establece en canto ao número de capelas que presenta, o que levaría a conexións coa arquitectura lusa do século XIII¹⁸.

18. Manso Porto indica que, xunto con esta influencia para a cabeceira pontevedresa dos modelos lusos, tamén cómpre ter presente aquela que se deriva da existencia dos antecedentes hispanos en canto á profundidade dos espazos, tal e como sucede na catedral de Osma ou en exemplos da arquitectura cisterciense. Igualmente, a autora sinala que tamén deberían de terse presente os modelos da arquitectura mendicante italiana, en concreto aqueles de tipo toscano henil, en canto ao transepto saínte e á existencia de varias capelas laterais na cabeceira. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 109.



Fig. 47. Detalle da cabeceira de San Domingos. Foto actual

Desde un punto de vista formal, trátase dunha cabeceira que se caracteriza por presentar unha gran espacialidade e luminosidade, determinada polo alto número de capelas que posúe, un total de cinco, todas elas de planta poligonal, das que a maior responde a unha solución hemidecagonal, precedida dun tramo recto, e as adxacentes, tanto ao lado do Evanxeo coma do da Epístola, a solucións hemioctogonais, nas que tamén se observa a prolongación dos seus tramos rectos. Esta característica, a prolongación do tramo que precede as propias capelas, vincúlase coas solucións adoptadas no templo franciscano de Ourense, nas que se observa a presenza desta mesma solución arquitectónica.



Fig. 48. Francisco Zagala (1842-1908).
Capela lateral da cabeceira, 1896

Maior do templo veciño templo do convento de San Francisco de Pontevedra; arco que, sen dúbida, debeu de servir de modelo para o que se levanta nesta segunda igrexa dominica. Este arco triunfal descansa en alicerces formados por finas columniñas, que, á súa vez, o fan en plintos cuadrangulares elevados sobre zócalos.

Se o arco de entrada presenta unha riqueza decorativa, esta tamén se fai presente no seu interior, onde os lenzos murais están compartimentados verticalmente con fustes monolíticos que se sitúan nos ángulos do hemidecágono e os tramos rectos que lle preceden nada máis acceder á capela; compartimentación que coincide coa que se produce, desde o punto de vista horizontal,

Todas as capelas absidais responden ás mesmas premisas: planta poligonal e prolongación do tramo recto á entrada destas, coa excepción da segunda capela ao lado do Evanxeo, que adopta un trazado irregular, diferente ao das demais, ao estar condicionada a súa forma pola presenza do contraforte lateral ao lado do Evanxeo da Capela Maior, que se dispón de forma perpendicular ao eixe lonxitudinal da Capela Maior¹⁹; esta alteración, en canto ao establecido nas restantes capelas, podería significar que esta se construíu cando a Capela Maior xa estaba executada ou ser resultado dunha modificación da solución en canto á planta diferente.

De todas estas capelas absidais, a central sobresaie en amplitude e anchura con respecto ás laterais. A esta accédese, desde o cruceiro, por un arco apuntado e dobrado, de sección prismática con arestas achafranadas e bocel sobre escocias, tanto na dobradura interna coma na externa. En cando á solución formal que este arco triunfal presenta, evoca unha forte similitude co que dá acceso á Capela

19. Manso apunta como explicación para a disposición deste contraforte a posibilidade de que nun primeiro momento a planta desta capela respondese a unha solución rectangular que se mantería ata a altura da cuberta, para a partir dese punto optar por un plan hemipoligonal, similar ao que ofrecían as restantes capelas da cabeceira do conxunto de San Domingos. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* Op. cit., p. 489.

no seu interior. Esta estrutura organízase con base en dúas liñas de imposta, das que a primeira termina nas consabidas cabezas monstruosas, tan características deste período, debaixo das que se dispón un friso de arcos cegos apuntados, tres en cada un dos panos que conforman a capela; elementos decorativos que no seu intradorso acubillan outros arcos trilobulados, definidos como a «típica arcatura ojival trebolada»²⁰, que teñen a súa orixe na estruturación da cabeceira da catedral gótica compostelá, onde se xera o modelo que se estende a outras igrexas mendicantes²¹.

A articulación da Capela Maior do templo que a Orde de Santo Domingo levantou en Pontevedra complétase coa presenza de cinco longas ventás oxivais en derramo, con molduras de escocia e boceis; os internos descansan en plintos poligonais e os externos, directamente no muro. Estas molduras prolónganse non só polas roscas dos arcos apuntados, senón tamén ao longo das súas xambas. No seu interior estes vans organízanse cunha tracería de dous arcos trilobulados e moldurados, cun óculo central perforado e decorado con motivos foliados, mentres que, no seu exterior, se protexen cun sobremarco de carácter apuntado, cuxa parte interna se decora con puntas de diamante.



Fig. 49. Vista da Capela Maior. Foto actual

20. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra... Op. cit.*, p. 110.

21. PUENTE MÍGUEZ, J. A.: «La catedral gótica de Santiago de Compostela: un proyecto frustrado de D. Juan Arias (1238-1366)» *Compostellanum*, XXX, 1985, pp. 251-252; Manso Porto sinala que, aínda que con lixeiras diferenzas, este tipo de decoración aparece nos templos de San Domingos de Ribadavia, de Santiago e de Tui á vez que nas tres igrexas mendicantes da cidade de Pontevedra, das que a de San Francisco será a primeira en desenvolverlos, seguindo un modelo moi próximo ao da catedral compostelá. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 112.



Fig. 50. Cerramento da Capela maior. San Domingos de Pontevedra. Foto actual

A Capela Maior pecha en altura cunha bóveda de crucería de abanico formada polo volteo de tres arcos cruceiros, cuxos nervios presentan unha composición formal amplamente difundida na arquitectura mendicante e que está presente en todos os templos que estas comunidades relixiosas levantaron na cidade de Pontevedra²²; estes, apoiados en columnas acobadadas, responden a un perfil de sección triangular, con escocia e bocel na rosca externa e bocel con listel, na súa parte central. Nos plementos desta bóveda sitúanse óculos de tracería, e a clave configúrase con elementos vexetais nos que, novamente, se observan as reminiscencias da solución do templo franciscano pontevedrés.

22. Manso Porto indica que este tipo de nervio, xunto coa presenza nos templos pontevedreses de Santa Clara, San Francisco e o propio San Domingos, se atopa tamén nos de San Domingos de Ribadavia, San Francisco de Ourense e San Domingos de Tui. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* Op. cit., p. 112.

As capelas absidais, a pesar da unidade que a primeira vista parecen manter, non son homoxéneas. Así, as que se dispoñen no lado do Evanxeo presentan, no que se refire á súa planta, un carácter máis irregular que as dispostas no lado da Epístola, irregularidade á que habería que sumarlle tamén unha menor profundidade. Estas diferenzas poden relacionarse coa disposición dos contrafortes da Capela Maior, o que talvez podería anunciar un cambio en canto ao plan inicial previsto para a construción deste espazo ou sinxelamente a necesidade de adaptarse a unha solución do terreo. A pesar desta singularidade, o certo é que existe entre todas estas capelas una certa uniformidade nas formas que as compoñen en canto aos elementos que ofrece o seu alzado interno.

Así, todas teñen acceso desde a nave do transepto e abren por medio de arcos apuntados e dobrados de sección triangular, moldurados cun bocel percorrido cun filete sobre escocias nas que, a diferenza do que sucedía co de acceso á Capela Maior, se decora na súa parte externa cunha faixa de puntas de diamante disposta sobre unha nacela.

Polo que se refire ao espazo interior das capelas, todas se organizan con lenzos murais delimitados por esveltos fustes²³ e percorridos por unha dobre liña de imposta; a inferior enlaza con aneis os fustes monolíticos encargados de separar os diferentes panos que articulan os lados das distintas capelas; a segunda das liñas de imposta, colocada nun nivel superior, únese directamente aos capiteis angulares e entregos dos espazos, e, do mesmo xeito que sucedía na capela principal, non percorre a totalidade do espazo que conforma a capela.

Estes espazos absidais pechan en altura, do mesmo xeito que a Capela Maior, con bóvedas de crucería de abano, con nervios de perfil triangular rematados en boceis percorridos por delgados filetes, que descansan en columnas acobadadas e novamente lembran solucións presentes nas capelas do templo de San Francisco de Pontevedra²⁴. Esta uniformidade de formulacións, con todo, como apunta Manso Porto, non está presente na segunda capela ao lado da Epístola, na que, aínda que a armazón das bóvedas segue unha mesma formulación, a articulación dos seus arcos está moito máis lograda²⁵.

23. Manso indica que, aínda que a estrutura destas capelas laterais é a mesma que presenta a capela central, existen pequenas diferenzas en canto á organización, xa que nas capelas que se sitúan no lado do Evanxeo algúns destes fustes foron suprimidos ou mesmo non chegaron a construírse, tal e como sucede nos do costado sur da segunda das capelas. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 494.

24. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 494.

25. Esta articulación máis lograda aparece tamén nas capelas menores absidais de San Francisco de Ourense e San Domingos de Bonaval e no templo dominico de Ribadavia, no que presentan os arcos unha molduración distinta materializada a base dunha articulación diferente: senllas escocias na súa rosca interna e baquetón con listel na parte central. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 494.

En relación coas claves das bóvedas, todas elas se resolven con motivos vexetais, dos que os das dúas capelas ao lado do Evanxeo teñen un carácter menos rústico que os que se atopan no lado da Epístola. Na primeira delas, represéntase un motivo que evoca postulados da arte mateína, formado por un elemento vexetal cunha piña que sobresa, similitudes que novamente recordan solucións do templo dominico que os frades levantaron en Compostela; na seguinte, pola súa banda, o elemento vexetal, menos resaltado, orixina un maior contraste volumétrico e evoca solucións nas que se reflicten novamente as adoptadas no convento de San Francisco de Pontevedra.

O sistema de iluminación destes espazos, do mesmo xeito que ocorría na Capela Maior, organízase por medio de xanelas oxivais en derramo que rachan os lenzos da parede, aínda que algunhas delas se atopan actualmente tapiadas, o que lles resta significación a estes vans. Con todo, a súa riqueza decorativa é elevada, xa que, do mesmo xeito que sucedía cos da Capela Maior, no seu interior dispoñíase unha tracería estruturada con arcos trilobulados, conformado por un óculo central foliado e moldura de bocel, vans que exteriormente presentan tamén chambranas con cabezas de cravos.

Se a cabeceira do templo chegou aos nosos días sufrindo escasas transformacións, non sucede o mesmo co espazo do transepto. A nave do cruceiro do templo conventual sufriu importantes modificacións que alteraron a súa configuración. Cambios que se deben tanto ás obras de destrución do conxunto conventual coma aos intentos de consolidación da cabeceira do templo. Este organizábase nunha única nave que se compoñía de tramos organizados por arcos e alicerces torais. Como era habitual neste tipo de solucións espaciais, este espazo pechaba con dúas fachadas, aínda que na actualidade só conserva o situado na zona sur, modificado ao ser remontado nas intervencións de restauración desenvolvidas na fábrica do templo, mentres que o da zona norte desapareceu por completo, xa que é no lugar no que se atopaba este baquetón onde se dispuxo o acceso ao conxunto, que na actualidade funciona como unha dependencia máis do Museo de Pontevedra.

Este muro, que pechaba a nave do cruceiro pola zona norte e que non posuía acceso directo desde o exterior, contaba na parte elevada do muro cun pequeno rosetón. Este cerramento, que aínda se conservaba en 1879²⁶, desaparece ao suprimirse por completo este lenzo mural. Non ocorre o mesmo, con todo, co fachada sur desta nave do transepto.

26. Da presenza deste rosetón consérvanse dous testemuños gráficos. O primeiro, datado en 1849, ano en que Jenaro Pérez Villaamil o realiza durante a súa estancia na cidade do Lérez. Nesta obra o artista reflicte unha vista do convento tomada desde o exterior do conxunto, e na que se observan tanto os restos da nave coma do campanario barroco e do transepto no que se pode apreciar, nun muro practicamente derruído, a presenza do rosetón; outro dos testemuños que temos do mesmo é o lenzo de Guissasola Lasala, *Ruínas de Santo Domingo* (1879), na que se mostra o rosetón que culminaba o muro norte. FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, C.: *Pontevedra, a memoria rescatada. Vistas e visións dunha cidade Atlántica.... Op. cit., pp. 259-263.*



Fig. 51. Francisco Zagala (1842-1908). Antigo arco de acceso á sancristía do convento de San Domingos. Museo interior, ca. 1896

Este muro que remata en forma de piñón, froito das intervencións de posta en valor do conxunto acometidas na segunda metade do século XX, presentaba na zona inferior os dous accesos que aínda mantén na actualidade e que, seguindo a Caamaño Martínez, comunicaban coa sancristía²⁷. O primeiro, e máis próximo estilística e formalmente á cabeceira do templo, abre con arco apuntado rebaxado e moldurado, no que se representa unha serie de figuras relacionadas con «San Pedro y San Pablo y otros santas y santos de la Orden dominicana, en unión de la arquivolta en cuya clave figura el padre eterno»²⁸.

27. CAAMAÑO MARTÍNEZ, J.: *Contribución al estudio del gótico en Galicia...* *Op. cit.*, p. 161.

28. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 110.

Este arco, que foi datado por Caamaño Martínez no último cuarto do século XV, é o máis antigo dos dous que se sitúan²⁹ en paramento de peche do espazo do cruceiro e, seguindo a este autor, no seu interior pechouse parte do van, onde se colocou un medallón do Salvador, co que se reduciu parte do oco pola presenza dunha porta alintelada que se correspondería coa primitiva de acceso á sancristía.

Con todo, a pesar de que a maioría dos autores seguen esta mesma formulación, Manso Porto apunta outra posibilidade respecto desta estrutura, xa que esta autora sostén que probablemente o arco apuntado procedía do arcosolio pertencente ao sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor, que sería recolocado neste espazo no século XVII para unir a capela de San Xacinto, que se atopaba no interior da sancristía³⁰, coa propia igrexa, o que propiciaría, seguindo a esta mesma autora, que no intradorso deste arco se emprendese un maior cerramento.

A través deste arco apuntado, polo tanto, comunicábase o espazo do templo, por medio da sancristía, co do convento, mediante un pasadizo, do que se conserva unha breve descrición, na que se indica:

«A la derecha del arco ojival que comunica con la Sacristía del templo de Santo Domingo de Pontevedra se halla un trozo de la que fue pila de agua bendita. En el interior de esta dependencia del templo y frente a la indicada puerta ojival alzáse otra portada de granito de quebrado frontón, cuyas pilastras o laterales miembros compartidos a cuadros, se ven engalanados estos ricamente con florones asomando al dintel del vano de su puerta rectangular por un marco circular, el busto de la Virgen de los Dolores, relieve consimétrico del del Salvador que aparece en el dintel de la puerta de arco ojival de imágenes que da paso del templo a esta sacristía. En el frontón de esta portada se abre una ventana o un armario correspondiente.

El pasadizo del monasterio al templo, por esta cámara de la sacristía, era de un mérito incontestable, obra ingeniosa y rica del siglo décimo séptimo, hallándose constituida por cuatro arcos sobre seis pilares conteniendo dos bóvedas planas, distribuidas en casetones. El arco grande de frente de entrada a la iglesia, de que hemos hecho relación es achatado o escarzano, ornado todo el con casetones por el canto.

29. CAAMAÑO MARTÍNEZ, J.: *Contribución al estudio del gótico en Galicia...* *Op. cit.*, p. 163.

30. A capela de San Jacinto foi fundada nunha parte da sancristía en 1602 polos mercadores Juan e Pedro de Onís para darlle culto á imaxe do santo que se depositou neste momento no convento dominico. Coa súa axuda, os frades emprenderon a construción do espazo dunha nova sancristía que xa estaba concluída en 1653 e que é da que se conserva a descrición. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 505.

Mediaba toda esta obra entre la gran catedral del Monasterio y este templo y la sacristía fue habilitada capilla durante las obras modernas de la Iglesia»³¹.

O segundo dos arcos que se atopa no muro sur deste conxunto, de traza distinta ao anterior, organízase con arco de medio punto rebaixado con finas molduras en aresta e decórase no seu intradorso cunha tracería flamíxera que procede do templo de Santa María a Maior, colocada xa no século XIX³², máis en concreto en 1896, tal e como se recolle na acta da sesión do 20 de xuño da Sociedade Arqueolóxica, na que se indica que, con motivo da celebración das festas da Virxe da Peregrina, e xunto coa organización dunha exposición arqueolóxica, se emprenderá a mellora das dependencias do

museo, da que serán responsables os distintos membros da devandita sociedade. Entre as funcións que recaen nos señores Lois e Sobrino, xunto coa reparación da sección primeira do museo ou a mellora dos obxectos expostos por medio da creación de bases de ladrillo, acométese tamén unha intervención «colocando en este arco que da entrada a la Sección de heráldica, alguna de las piedras que pertenecieron al arco central de Santa Maria»³³.



Fig. 52. Arco da cabeceira sur do cruceiro. Foto actual

31. IGLESIA, A. de la: *Estudios arqueológicos (1) Santo Domingo de Pontevedra (2)...* Op. cit. s/p.

32. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la historia de Pontevedra...* Op. cit., pp. 129-130; Manso Porto indica, seguindo a Sampedro y Folgar, que neste sitio se colocou en 1599 un brasón coas armas dos Sotomayor e Maldonado, que nun suposto poderían axudar a custear a nova sancristía. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* Op. cit., p. 505.

33. «Los Señores Lois y Sobrino para la reparación de la sección primera del Museo, ampliando la verja para lo cual se consiguió la necesaria autorización; construyendo a cada objeto base de ladrillo que le de mas relieve; alzando el hermoso crucero procedente del Cementerio viejo de esta Ciudad; colocando en el arco que da entrada a la Sección de heráldica, alguna de las piedras que pertenecieron al arco central de Santa Maria y revistiendo con ladrillos el altar de la Capilla mayor, así como la base que se construye para la escultura bizantina de San Juan Bautista (...). «Acta de la Sesión de la Sociedad Arqueológica de 20 de junio de 1896». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*. 20 de xullo de 1896. AMPo. Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 25.



Fig. 53. Joaquín Pintos (1881-1967).
Ruínas de San Domingos, 1928

Rematando esta fachada, na actualidade atópase un rosetón que substituiría unha xanela que respondía ás mesmas trazas presentes na cabeceira do templo: van oxival en derramo, con remate en chafrán e tracería con dous arcos trilobulados. Desta temos noticias, do mesmo xeito que sucedía co rosetón do muro norte, pola súa presenza nun dos debuxos que Pérez Villaamil realiza durante os cinco días do mes de setembro de 1849 que permanece en Pontevedra³⁴.

En concreto, este elemento arquitectónico recóllese na obra *Ruínas de Santo Domingo*, na que o pintor reflicte o templo, do mesmo xeito que no anterior exemplo, desde o interior e cunha importante fidelidade arqueolóxica³⁵; con todo, nesta ocasión céntrase no lado da Epístola, e plasma os diversos elementos e mesmo o campanario barroco que tendía a proporcionarlle verticalidade. Debaixo desta estrutura barroca atopábase o paramento sur que pechaba a nave do transepto, no que se dispón esta ventana «estrecho y alto, del que se conservan aún trozos en el Museo, falto ya de parteluz»³⁶.

Deste van cóntase cunha descrición realizada por Antonio de la Iglesia, na que indica: «(...) deteniéndonos asimismo un instante en la ventana de ajimez de la cabecera opuesta, al Sur, larga y ojival de molduras de (sic) con sus marcos y parteluz y arcos trebolados y de la luz cuatrefolia circular, que sustentan, próxima esta terminación de la elegantísima ventana»³⁷.

34. SÁNCHEZ CANTÓN, F.J., «El pintor Villaamil en Pontevedra»... *Op. cit.*, p. 171.

35. FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, C.: *Pontevedra, la memoria rescatada. Vistas y visiones de una ciudad Atlántica...* *Op. cit.*, p. 263.

36. SANCHEZ CANTÓN, F.J.: «El pintor Villaamil en Pontevedra»... *Op. cit.*, p. 171.

37. IGLESIA, A. de la: *Estudios arqueológicos (1) Santo Domingo de Pontevedra (2)*.

Esta xanela sería substituída, xa no século XIX, por un rosetón cuxa rosca presenta unha rica molduración a base de escocias e bocel, e a súa tracería componse dun óculo central no que se apean doce arcos trilobulados, nas claves descansan outros arcos trilobulados que voltean sobre a rosca interna do rosetón, o cal procedía da antiga fachada setentrional do cruceiro e que se conservou por decisión dos membros da Comisión Provincial de Monumentos.

Así, cando en 1881 realizan unha visita de inspección á ruína para valorar *in situ* en que condicións poden proceder as autoridades municipais ao derrubamento e ata que punto debe chegar a destrución do antigo convento, deciden protexer este elemento, e fan constar que «(...) con sumo cuidado y por cuenta de la misma corporación se bajen y depositen bajo el ábside los sillares pertenecientes al rosetón del muro de la izquierda (...)»³⁸.

Non hai dúbida de que este se desmontou ao suprimir o muro e, tal e como indica a recomendación dos membros da Comisión Provincial de Monumentos, se reservou nas ruínas para o seu posterior remonte no cerramento sur do cruceiro.

A iniciativa para colocar este rosetón no muro do cruceiro que se mantiña en pé foi dos membros da Sociedade Arqueolóxica, que, na reunión mantida no mes de xullo de 1895, acordan organizar con motivo da celebración das festas máis importantes da cidade, as que se levan a cabo en honra da Virxe da Peregrina, as seguintes actuacións:

1º. Que con ocasión de las fiestas que esta ciudad celebra en honor de la Virgen de la Peregrina, celebre esta Sociedad una exposición arqueológica, que no solo contribuirá á dar á aqueles maior lucimiento, sino que también servirá de medio de propaganda de la afición á los estudios arqueológicos realizando uno de los fines que esta sociedad se propone. Para llevar á cabo este pensamento, una Comisión compuesta de los Señores Presidente, Casal y Lois, practicará las gestiones necesarias para obtener en el Ayuntamiento, por ser el lugar más a propósito por su proximidad a las ruinas de Santo Domingo, un local para instalar en el la exposición.

2º. Dirigirse a aquellas personas que posean objetos que puedan figurar en dicha exposición para que los faciliten con dicho fin.

3º Encargar al carpintero Alen los estantes y vitrinas para colocar dichos objetos.

4º. Reconstruir el hermoso rosetón que estaba en la pared norte de la Iglesia de Santo Domingo encargando de esta obra al maestro de cantería Pintos.

38. "Acta da inspección das ruínas do exConvento de Santo Domingo levada a cabo por membros do Concello, da Comisión Provincial de Monumentos e da Academia de Belas Artes de San Fernando". 27 de outubro de 1881. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-1, p. 80.

5º. Levantar la monumental fuente, que fue de la Herrería, encargando al mismo maestro de esta obra³⁹.

A pesar de incorporar este elemento á fachada e, polo tanto, darlle maior altura da que tiña, os membros da sociedade non remontaron todo o muro, senón que, tal e como se aprecia nas imaxes, este cerramento meridional estaba sen concluír, polo que probablemente a obra de remate deste muro se trate dunha intervención da segunda metade do século XX, en concreto posterior a 1961, xa que, como se conserva nunha instantánea realizada con motivo da visita que o ministro de Interior da Arxentina realiza ás ruínas do antigo convento pontevedrés, este muro sur se atopaba parcialmente cuberto pola hedra e inconcluso⁴⁰.

Se a recomposición polos membros da Sociedade Arqueolóxica do rosetón era un signo de aprecio cara á obra, outro dato que pode resultar interesante para a valoración deste van é a enorme similitude que existe entre o situado neste cruceiro e o do hastial occidental do templo de San Francisco de Pontevedra. Esta similitude pode gardar relación co feito de que o dos frades predicadores debeu de ser o modelo seguido para o que se abre na fachada franciscana, xa que o occidental deste templo de frades menores se remodelou en 1922 seguindo o proxecto do arquitecto Juan de Argenti, proxecto que foi aprobado pola Comisión Provincial de Monumentos e pola Real Academia de San Fernando e co que se trata de reparar a fachada e dotar o templo dun rosetón⁴¹.

A nave medieval do templo, como se indicou, debía de estar estruturada en varios tramos compartimentados por arcos que sosteñían unha cuberta de madeira e que se iluminaría por medio de diversos vans. En 1804 os frades expuxeron a construción dunha nova nave, na que se denotarían as premisas do estilo neoclásico, que substituiría a anterior, debido probablemente

39. «Acta de la sesión de la Sociedad Arqueológica de 2 de julio de 1895». *Libro de actas de la Sociedad Arqueológica (1894-1911)*. 2 de xullo de 1895. AMPO, Sign. Sociedade Arqueolóxica, 1-14, p. 14.

40. Visita a Pontevedra do ministro de Interior da Arxentina. Arquivo Municipal de Pontevedra. Fondos Gráficos. Sign. AMPO 002/176.

41. «(...) Se da cuenta del Proyecto de Restauración de la Iglesia de San Francisco de esta capital, hecho por el Arquitecto Argenti e informado por la Academia de San Fernando y Junta de Construcciones Civiles y esta Comisión acuerda por unanimidad haber visto con agrado la aceptación de dicho Proyecto por las referidas corporaciones y por el informe suscripto por el Ponente Ilustrísimo Señor Don Vicenti Sampere, conforme al criterio de esta Comisión y, aunque lamentando no haya sido el proyecto aceptado en su totalidad, confiar en que con las discusiones más detalladas que han de entablarse entre el Arquitecto y la Real Academia, según indica dicha Ponencia, se llegará a dar a las obras cercenadas la importancia que merecen, dotando a la Iglesia del Rosetón que se proponía y reparando la fachada (...)». *Resumen general de las comunicaciones y resoluciones tomadas acerca de la conservación de las Ruinas del ex-Convento de Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se recuerda la conservación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra*. AMPO. 8 de maio de 1922. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-1, pp. 13-14.

ao mal estado en que se atopaba, e que probablemente tería as mesmas dimensións que a que se destruíu.

Esta estrutura, que será coñecida como «iglesia nueva», levántase a partir de 1819, e na actualidade non se conserva nada dela, xa que, do mesmo xeito que o torreón que se dispoñía no ángulo sur da nave do cruceiro e a cabeceira, desapareceu a partir da década dos anos oitenta do século XIX, momento en que se produce o derrubamento das antigas dependencias conventuais que se levan a cabo por orde das autoridades da cidade.

É este ano de 1880 cando o gobernador da provincia ordena, con motivo da realización de obras de mellora no hospicio, e pola necesidade de conservar os restos histórico-artísticos que chegaron aos nosos días, realizar unha inspección das ruínas do exconvento, na que participarían o alcalde da cidade, a presidenta da xunta do hospicio, e o enxeñeiro de camiños provinciais, en cuxa acta se indica:

(...) es indispensable la demolición del muro y torreón contiguos a los restos de Santo Domingo, con lo que al poco tiempo que se evita la ruina que inminentemente amenaza sobre las nuevas obras del Hospicio y el camino de la feria, con peligro de los que transitan, no se perjudique en nada los restos de dicha Yglesia, mandado conservar, se autoriza la demolición del espresado muro en su parte ruinosa e inmediata a la mencionadas obras, y del torreón contiguo hasta la altura de los contrafuertes exteriores, teniendo el mayor cuidado en no perjudicar en lo mas mínimo los restos artísticos de los que queda hecho mérito (...)»⁴².

Se da nave do antigo templo non chegou practicamente nada aos nosos días, unha situación similar é a que se produce coas dependencias conventuais. Estas foron destruídas cara ao último cuarto do século XIX, polo que a maioría dos restos conservados se limitan a pequenos fragmentos, dos que, en máis ocasións das que sería de esperar, se descoñece a ciencia exacta a súa procedencia⁴³.

Con independencia deste feito, sábese que o claustro do antigo convento presentaba problemas no século XVII, polo que, xunto coas obras realizadas noutras dependencias para mellorar o estado do convento, neste momento empréndese a renovación do lenzo norte do espazo claustral, que en 1732 se atopaba nun estado de conservación deplorable. Esta situación é a que, en parte, pode explicar a doazón que Fernando de Sotomayor lle realiza á comunidade de relixiosos tanto

42. «Notas del derribo de algunos muros del exConvento de Santo Domingo (1874-1884)». AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-1.

43. Isto é o que sucede con parte das pezas que se atopan custodiadas no Museo de Pontevedra e que foron recuperadas polos membros da Sociedade Arqueolóxica, xa que a falta de referentes destas expón dificultades para saber cales son as procedentes do conxunto dominico ou doutros templos presentes na cidade. FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Sumario de la sección lapidaria del Museo». *Museo de Pontevedra*, núm. 5, 1948-50, pp. 199-200.

para a reforma do lenzo do claustro coma para a da Capela Maior⁴⁴. A partir deste momento, as obras levadas a cabo no conxunto deberon de ser importantes, aínda que, como era habitual neste espazo, probablemente se mantiveron as dimensións da antiga construción medieval.

Unha das dependencias que daba a este claustro, en concreto aberta á súa galería sur, e da que se conservamos restos é da Sala Capitular. Esta estancia comunicaba co espazo claustral por medio de cinco arcos oxivais, dos que os dous dos extremos se elevaban sobre un podio corrido, mentres que o central daba acceso ao interior da estancia.

Na actualidade, debido ao proxecto de Menéndez Pidal⁴⁵, esta arcada atópase disposta no lenzo mural situado fronte ás capelas da cabeceira da igrexa, e dá acceso a unha dependencia que en 1944 realiza o arquitecto, que tamén é o responsable de colocar os arcos neste lugar⁴⁶. A creación desta estancia relaciónase co proxecto de ampliación do Museo Arqueolóxico, tal e como se observa no plano conservado⁴⁷, cuxa intervención consistiu en crear un edificio en forma de sinxelo paralelepípedo de fábrica de cachotería e ladrillos, ao que se accedía por unha gran escalinata que salvaba o desnivel desde a igrexa⁴⁸.

Con independencia do lugar onde foron colocados en 1944 os restos desta arcada de entrada ao Capítulo, a importancia que presentan desde o punto de vista formal é incuestionable. Xunto con iso, tamén hai que ter en consideración as diferentes medidas que se adoptaron para garantir a súa conservación, nas que mesmo estivo presente o traslado da estrutura. Sábese que esta se

44. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...Op. cit.*, p. 505.

45. Cando Menéndez Pidal redacta o proxecto de ampliación do Museo Arqueolóxico Provincial o edificio xa se atopaba destinado a este uso museístico, polo que o arquitecto se viu obrigado a evitar calquera acción de posible recomposición que non estivese relacionada coa consolidación e mantemento do existente. MARTÍNEZ MONEDERO, M.: *Castilla y Leon y la 1ª zona monumental (1934-1975). Las restauraciones arquitectónicas de Luis Menéndez-Pidal... Op. cit.*, p. 462.

46. A idea de colocar estes arcos na entrada monumental do edificio foi un criterio do director do museo, ao que Menéndez Pidal accedeu consciente, sen dúbida, da «sin razón de trasladar unos restos arqueológicos de su actual emplazamiento a otro elegido al albur y sin ninguna base científica». MARTÍNEZ MONEDERO, M.: *Castilla y Leon y la 1ª zona monumental (1934-1975). Las restauraciones arquitectónicas de Luis Menéndez-Pidal... Op. cit.*, p. 462. Este proxecto pode consultarse en MENÉNDEZ PIDAL y ÁLVAREZ, L. e PONS SOROLLA, F.: 1944, «Proyecto de restauración de las ruinas del Convento de Santo Domingo. Traslado e instalación de los arcos del antiguo Claustro», AGA, C-71.152, xuño.

47. Planta das ruínas do convento de San Domingos de Pontevedra. Proxecto do Museo Arqueolóxico de Pontevedra, debuxo de Luis Menéndez Pidal, 1 de xuño de 1944. Arquivo do Instituto de Patrimonio Español. Signatura HIS ARCH 3 2000/1. Fuente: atálogos.mecd.es/opac/doc?q=ruinas+del+convento+de+Santo+Domingo+de+Pontevedra&start=2&rows=1&sort=fecha+desc&fq=mssearch_fld64&fv=*&fo=and&fq=media&fv=*&fo=and

48. MARTÍNEZ MONEDERO, M.: *Castilla y Leon y la 1ª zona monumental (1934-1975). Las restauraciones arquitectónicas de Luis Menéndez-Pidal... Op. cit.*, p. 462.

acharía ata o século XVII na coñecida como Capela dos Reis, espazo no que recibían sepultura os frades do convento, para máis tarde pasar a propiedade de Antonio de Pazos de Figueroa, quen tería, como xa se indicou, o padroado da capela, na que figuraba a arcada medieval.

A importancia deste espazo con esta arcada gótica mantense no tempo, xa que se sabe que esta era o lugar dedicado á capela do hospicio cando estaba rexentado polas Fillas da Caridade, á vez que no seu interior figuraban unha serie de pinturas murais relacionadas con escenas da vida do santo titular da orde⁴⁹. A súa importancia denótase na descrición que dela se conserva de cando aínda se atopaba no seu lugar de orixe:

(...) alzabanse sobre un hermoso zócalo y basamento de seis pilares de a tres columnas agrupadas por frente y sobre pedestalitos afacetados, con primera y segunda base las columnitas; y al término se su fuste, los capiteles primero y segundo, en cada muro, con sus respectivos y graciosos ornatos. Despues, la cornisa de la que arrancan los cinco arcos de juncos y boceles, apuntados sin exageración en ojiva equilátera, formándose en el intermedio de cada cual de estos vistosisimos arcos, otras tantas arcadas gemelas o ajimezadas, sustituida su columna central por un característico pendolón de capitel afacetado, el cual así como de los miembros laterales del ajimez, suben dos aiosos y trebolados arcos de elegantes molduras a sustentar y unir en la entreojiva del arco principal incluyente, el calado circular y luz cuatrifolia, remate de los ajimeces de tan admirable, purísima y ojival arquería, cuyos pormenores o detalles son vistos o reconocidos, con especialidad despues de ser desnudos por hábil mano de la intensidad de cal que de forma la delicadeza de sus calados, ornamento y molduras. Los arcos incluyentes todavía son abrazados por otros festonados de flores crucíferas en punta de diamante. En la base interior de los pilares figuran custodiar el ingreso abierto e el ajimez central, dos leones cuyas cabezas asoman por el correspondiente vano.

La extensión del capítulo será de unos 36 pies de ancho por 42 de fondo. La deliciosa arquería comprende toda la medida de la anchura, es decir los 36 pies anotados⁵⁰.

Desde o punto de vista formal, estes arcos, relacionados cronoloxicamente, como xa se indicou, co século XV, son oxivais e cunha gran riqueza de molduras na rosca interna. Estes voltean sobre cimacios de triplos capiteis que se apoian en tres fustes. En relación coa tracería, esta componse

49. «La del Capítulo, sita en el claustro de Santo Domingo, hoy capilla del Hospicio, (...) tiene una hermosísima arcada ojival del Siglo XV; y como se ha dicho, sus muros estuvieron pintados al fresco, representando la Vida de Santo Domingo». SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 134.

50. IGLESIA, A. de la: *Estudios arqueológicos...* *Op. cit.*, pp. 256-257.



Fig. 54. Arcada da Sala Capitular. Detalle. Foto actual

de arcos trilobulados sen maineis e cun ocelo foliado no seu interior, modelo que, seguindo a Manso Porto, evoca formulacións relacionadas coa decoración dos xacigos funerarios⁵¹.

Se para analizar o interior da casa conventual se posúen testemuños gráficos que permiten aproximarnos ao estado que debía de presentar o conxunto nas diferentes etapas da súa historia, para a análise do seu exterior, xunto coas diferentes visións realizadas por artistas, aínda que en menor número que no caso das perspectivas internas, tamén existe unha reconstrución hipotética de Celso García de la Riega que nos acerca á realidade da súa fábrica. Esta foi realizada

51. Manso opina que a estrutura destes arcos resulta debedora, e mesmo en ocasións coetánea, á que ofrecen as decoracións dalgúns xacigos funerarios da diocese de Santiago. Respecto do tema, véxase. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: Los dominicos... Op. cit.*, p. 506.



Fig. 55. Celso García de la Riega. *Pontevedra en el siglo XV: Iglesia del convento de Santo Domingo*, lapis / papel, finais do s. XIX

nos primeiros anos do século XIX, cando o convento xa fora abandonado polos membros da comunidade relixiosa. Seguindo a Fernández Martínez, aínda que se trata dun claro debuxo imaxinario, a súa importancia estriba en que nos «permite conocer cual pudo ser el aspecto originario del convento»⁵².

De la Riega imaxinou o conxunto, no momento en que o espazo urbano está practicamente consolidado, como un templo de cruz latina con transepto saínte e unha única nave, en cuxo cerramento occidental presenta un sinxelo pórtico de entrada, debaixo do cal se abrían dous vans: un en disposición central na fachada occidental, organizado cun arco apuntado, ricamente

52. FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, C.: *Pontevedra, la memoria rescatada...* Op. cit., p. 262.

decorado, e un pequeno espazo, que daba acceso desde este soportal ás dependencias conventuais. A estes vans habería que engadirllles o rosetón que culminaba a fachada, que tiña o seu modelo no que hoxe se atopa no muro sur do cruceiro e que en orixe estaba na cabeceira norte.

Esta ilustración do exterior do conxunto, aínda que hipotética, permite poñer de manifesto a importancia que o edificio conventual alcanzara para a cidade, e que formaba parte daquelas ilustracións que, centradas no convento, respondían a unha ampla tradición de representalo coma un dos seus fitos máis singulares. Con todo, aínda que as representacións que conservamos da casa conventual que os frades predicadores levantaron na cidade son abundantes, cómpre indicar que as perspectivas ou visións do interior do conxunto superaban amplamente as que conservamos do seu exterior.

Un dos primeiros exemplos que se posúen deste templo é o debuxo que Jenaro Pérez Villaamil realiza durante a súa estancia en Pontevedra, en 1849⁵³, no que, baixo o título de *Ruínas de Santo Domingo*, é posible apreciar as partes do convento que hoxe en día desapareceron; xunto con este elemento, xa de por si interesante, na súa obra o pintor préstalle especial atención á cabeceira, na que xa resalta de forma nítida a verticalidade que caracteriza a arquitectura mendicante galega, cunha marcada delimitación de altura e de volumes e no que se reflicten os principais elementos que a configuran.

Dentro destas características da arquitectura mendicante galega, o espazo principal estaba determinado pola verticalidade do cruceiro, que, tras desaparecer, lle cedeu o protagonismo á Capela Maior, seguida dos brazos do transepto e das restantes capelas absidais, todas elas dunha mesma altura e profundidade, o que contribúe aínda máis a resaltar a importancia da ábsida principal.

Esta Capela Maior, que focaliza a visión exterior do conxunto coa súa imponente presenza, organízase cunha nítida compartimentación en dúas partes, separadas por unha liña de imposta achafranada sobre a que descansan as xanelas apuntadas que rachan os lenzos da ábsida. Esta imposta, cos contrafortes prismáticos que reforzan os vértices do hemidecágono e que reducen o seu perímetro a medida que se ascende en altura por medio de perfís en chafrán, establece unha tipoloxía moi similar á que presenta a arquitectura mendicante nos séculos XIV e XV. Esta Capela Maior remata nunha cornixa, tamén moldurada nun bocel, nacela, rego e listel superior, que se apea en cabezas xeométricas, construídos a base de listel e dobre cuarto de bocel e unha faixa de bólas, que non deixan de evocar as mesmas solucións que xa se empregaran en todos os templos mendicantes pontevedreses⁵⁴.

53. SÁNCHEZ CANTÓN, F. J.: «El pintor Villaamil en Pontevedra»... *Op. cit.*, p. 171.

54. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: Los dominicos*... *Op. cit.*, p. 506.

Esta mesma estruturación, aínda que peor conservada que a da Capela Maior, xa que o dano das capelas absidais foi, en xeral, superior ao sufrido polo espazo principal da cabeceira, tal e como se aprecia en determinadas representacións deste templo no século XIX, coma os gravados que figuran en *La Ilustración Gallega y Asturiana* e no texto que o acompaña⁵⁵, *La Ilustración Española y Americana*⁵⁶ ou *Galicia Moderna*⁵⁷, posto que, aínda que todos recollen os gravados da cabeceira, neles se pode ver como en moi poucos anos a fábrica sofre unha deterioración considerable en canto á conservación dos seus restos, degradación que se explica polos complicados acontecementos que marcaron o discorrer deste conxunto nos anos finais do século XIX.

55. En 1879 publicábase nesta revista unha imaxe do conxunto da cabeceira de San Domingos, na que se comparaba con outras construcións cistercienses ou mendicantes italianas. Así, xunto coa imaxe indicábase: «Pertenció esta iglesia al convento de Predicadores de Pontevedra. Era ojival del siglo XV, como se ve por lo que de ella resta, que no es más que el ábside, pues ya antes de la exclaustación ya los mismos frailes habían empezado a derribarla para construir otra de orden greco-romano, que, aunque no desprovista de mérito, está bien lejos de merecer la atención que merecería esta bella iglesia, si toda ella se conservase». *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I (20 de decembro de 1879), p. 429.

56. Nesta imaxe, que leva por título *A Pontevedra Pintoresca* e que se establece con base en viñetas compartimentadas dos principais elementos da cidade, nunha destas dispónse o conxunto de San Domingos, que, do mesmo xeito que no anterior caso, centra a súa atención na ábsida, e destaca sobre todo os seus contrafortes e parte do muro da nave. A pesar do reducido da imaxe, nela xa se aprecia a deterioración que sufriu o espazo con respecto á que fora publicada sete anos antes. «Pontevedra Pintoresca», en *La Ilustración Española y Americana*, XXX, 30 (15 de agosto de 1886).

57. *Galicia Moderna*, I (1897), p. 22.

4

A linguaxe
das imaxes

4.1. A figuración dos seus capiteis

Desde o punto de vista formal, o conxunto de San Domingos chegaría aos nosos días convertido nunha ruína consolidada, do que só se conservaron aquelas partes destacadas polo seu mérito artístico ou que, nun momento determinado, se considerou que tiñan suficiente valor para ser obxecto de diferentes proxectos de intervención e, polo tanto, de conservación. Dos elementos arquitectónicos conservados destacan unha serie de pezas de carácter escultórico estreitamente relacionadas co mundo da arquitectura, coma os capiteis situados na cabeceira da igrexa conventual.

Así, polo que respecta a estes elementos, pódese mencionar a existencia de dous modelos diferentes: uns que manteñen, en canto á forma, a tradición románica, isto é, unha forma cúbica cónica, relacionados basicamente cos que se atopan nas capelas ao lado do Evanxeo da cabeceira, aqueles que, debido á posición dos contrafortes da Capela Maior, responden a unha formulación máis irregular da súa planta; mentres que os restantes seguen xa parámetros característicos da linguaxe gótica, con claras formas troncocónicas.

Entre estes capiteis os elementos decorativos son variados, xa que neles se atopan tanto os motivos figurativos de carácter relixioso ou moralizante coma aqueles que gardan relación con escenas de carácter cinxético ou, sinxelamente, os que recollen a figuración constituída a base de figuras zoomórficas ou vexetais.

Dentro da primeira das categorías, os relacionados cos temas relixiosos ou moralizantes, os máis destacados son aqueles nos que, seguindo a Manso Porto, se recolle o ciclo do Nadal, que resulta novo en canto ao número de episodios que representa, tanto na arte da península¹ coma na galega.

1. Un exemplo desta representación do Nadal na Península é a que se atopa no templo de San Xoán de Ortega, no que dentro deste ciclo se representan as escenas da Anunciación, Visitación, Nacimiento e Anuncio aos Pastores, capiteis que establecen unha clara relación con aqueles que están vinculados ao claustro de Silos. Ao respecto deste tema véxase: FRONTÓN SIMÓN, I.: «Un ciclo de la Navidad de impronta silense». *Anales de Historia del Arte*, núm. 4, homenaxe ao Prof. D. José María Azcarate, 1994, pp. 405-417.



Fig. 56. Capiteis do ciclo da Anunciación. Detalle

Dentro deste tema, habitual no mundo medieval, adóitanse reflectir diversas escenas, algunhas máis frecuentes que outras, que forman un conxunto que integra o ciclo narrativo. Entre as que aparecen máis habitualmente pódense mencionar: a Anunciación, o Nacemento e, de maneira singular, a Adoración dos Reis Magos, tanto en capiteis coma en tímpanos galegos²;

2. A importancia que alcanzará este tema en Galicia ten o seu punto de partida, seguindo a Moralejo Álvarez, nos obradoiros ourensáns, en concreto no tema da Anunciación que se representa cunha serie de novidades iconográficas que máis tarde terminarán sendo habituais nas representacións deste tema en Galicia. MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)», *Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios, homenaje al Prof. Dr. Serafín Moralejo Álvarez, Santiago de Compostela*, Xunta de Galicia, 2004, p. 82. Deste tema da Anunciación xorden reinterpretacións nas igrexas de Betanzos, tanto na de San Francisco coma na de Santiago ou Santa María de Azougue. Sobre este tema véxase: FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, B.: «El tema de la Anunciación en el templo parroquial de Santa María de Azougue», *Anuario Brigantino*, núm. 21, 1998, pp. 343-352; FRAGA SAMPEDRO, M. D.: «San Francisco de Betanzos: nuevas aportaciones al programa iconográfico», *Anuario Brigantino*, núm. 18, 1995, pp. 207-226.

con todo, no caso do conxunto pontevedrés e seguindo unha secuencia ordenada, represéntase: a Anunciación, a Visitación, o Nacemento co Anuncio aos Pastores, a Adoración dos Reis Magos, a Presentación do Neno no Templo e a Matanza dos Inocentes; episodios que converten a representación pontevedresa na máis completa de cantas foron representadas nos templos dominicos galegos.

A pesar da relevancia destas escenas na cabeceira pontevedresa, tamén cómpre mencionar que esta mesma temática ten presenza noutros templos dominicos coma o de Ribadavia ou o de Tui, nos que, a pesar de figurarse un menor número de representacións que no caso pontevedrés, se denota xa a influencia do representado no pórtico da catedral tudense³.

Pero, xunto con estas relacións con elementos presentes nos restantes templos dominicos, tamén hai que ter en consideración que algunha das escenas que dentro deste ciclo se figuran no conxunto pontevedrés, tales coma na Anunciación⁴ ou na do Nacemento, do mesmo xeito que sucedía coa estruturación das capelas da cabeceira, establecen unha débeda con realizacións lusas deste mesmo momento nas que se plasma este tema.

No primeiro destes capiteis, no que se fai referencia á Anunciación, dispóñense a Virxe e San Gabriel; o arcanxo móstralle un filacterio a María, ataviada con túnica e manto, e coa cabeza cuberta por unha toca; esta saúdao coa man dereita, mentres apoia a esquerda sobre o seu ventre, en sinal de xestación. Entre estas dúas figuras represéntase un vaso, de dimensións considerables, no que se dispoñen uns lirios. Segue, polo tanto, o sistema clásico e característico desta temática na arte do noroeste peninsular, cuxos paralelismos xa se indicaron.

O seguinte dos capiteis fai referencia ao encontro de María coa súa curmá Isabel, escena da Visitación que se plasma no momento no que as dúas mulleres se abrazan seguindo, así, a forma da tradición siriaca. A diferenza do que sucede no caso anterior, no que a escena da Anunciación

3. Polo que respecta a estes exemplos, Manso Porto sinala como no templo de San Domingos de Ribadavia o tema aparece no primeiro alicerce ao lado da Epístola e no segundo ao lado do Evanxeo, e neles recóllense as escenas da Anunciación e da Natividade; pola contra, no conxunto de Santo Domingo de Tui o ciclo represéntase no capitel central e dereito do arco toral e nos de ingreso á Capela Maior, nos que se figuran as escenas relacionadas coa Anunciación, coa Natividade e co Anuncio aos Pastores. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: Los Dominicos... Op. cit.*, pp. 104-105; 254-255 e 347; respecto da análise das representacións que aparecen no pórtico tudense, véxase: MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, p. 72.

4. Seguindo a Manso Porto, un dos elementos que permite nesta escena establecer paralelismos entre a representación pontevedresa cos modelos lusos é a composición que desenvolve o vaso, presente na escena ou a forma dos lirios, que leva a relacionala con outras representacións galegas ou portuguesas de finais do século XIV ou primeiros anos do século XV. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: Los Dominicos... Op. cit.* p. 499; respecto dos modelos portugueses, pode consultarse: FERREIRA DE ALMEIDA, C.A.: *A Anunciação na arte medieval em Portugal. Estudo Iconográfico*, Porto, 1983, pp. 1-18; VALLE PÉREZ, J. C.: «A arte tardogótica en Galicia e Portugal. Algunhas consideracións». *Do tardogótico ao manierismo*. A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 50-72.

conta cun importante número de precedentes na arte galega, non ocorre o mesmo nesta, na que «la ausencia de representaciones gallegas similares impide hacer posibles comparaciones»⁵.

O seguinte dos episodios que conforman este ciclo correspóndese coa figura de san Xosé sedente, meditabundo ou durmido, tal e como se representaba no conxunto da portada occidental da catedral de Tui⁶, acompañado dun elemento vexetal que separa esta figura da seguinte escena do Nacemento de Cristo. Esta representación da Natividade de Cristo, a diferenza doutras que se conservan na arte galega nas que se trata este mesmo tema, presenta un carácter máis humano ao establecerse a relación entre a Virxe e o Neno, o que faría que esta, en canto á súa formulación formal, se achegase a modelos portugueses e se afastase, así, dos galegos, nos que a Virxe se representa, o mesmo que o Neno, recostada sobre o leito, tal e como sucede no templo de Santa María de Azougue⁷.

Xunto a esta escena, e preto do leito no que se atopa sentada a Virxe co Neno en brazos, represéntase o Anuncio aos Pastores, escena que, aínda que dun modo graduado, se conforma con todos os personaxes que de forma tradicional interveñen nela: o anxo, as ovellas e un pastor de pé, mentres outros dous están de xeonllos; esta composición remite á do pórtico da catedral tudense⁸, xa que é un tema que tampouco é excesivamente frecuente na arte hispana.

5. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: Los dominicos...* *Op. cit.*, p. 499.

6. Moralejo indica que esta imaxe do san Xosé durmido é en realidade a representación por medio da que se alude ao episodio das súas dúbidas e ao seu soño, e do mesmo xeito que ocorría no caso do tímpano do pórtico da catedral de Tui, trataríase dunha escena que se podería vincular tanto á Anunciación como á do Nacemento de Cristo, polo que o personaxe cumpre a función de nexo entre as escenas, á vez que lle outorga continuidade ao ciclo narrativo. MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, p. 72.

7. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, B.: «El tema de la Anunciación en el templo parroquial de Santa María de Azougue»... *Op. cit.*, pp. 343-352.

8. Moralejo Álvarez explica que, a diferenza do que sucede en Pontevedra, como no caso da catedral tudense esta escena se reprensta cun pastor atendendo a mensaxe divina, mentres os demais personaxes, incluída unha das ovellas que conforman a composición, se dirixen cara á seguinte escena, polo que cumpren así a función de nexo entre els a o tempo que desdubuxan as separacións entre as diferentes representacións e se convierten na «expresión do curso mesmo do acontecer». MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, p. 72.



Fig. 57. Capiteis do ciclo da Anunciación. Detalle

O seguinte dos episodios que configuran o ciclo, moito máis frecuente nas manifestacións de arte galega, é a Adoración dos Magos. A epifanía, tema favorito da arte cristiá rexional⁹, organizábase coa Virxe sentada nunha cadeira, sen respaldo e co Neno nos xeonllos, quen se achega

9. Seguindo a Moralejo Álvarez, este tema é un dos máis frecuentes nas representacións da arte galega. Así, o autor indica: «por azar se lo encuentra ya en el más antiguo testimonio arqueológico del arte cristiano gallego —la tapa del sarcófago cristiano recientemente hallada en Temes— reaparece precozmente en los relieves de Camba —¿en el siglo XI? — y en la Portada de las Platerías ocupa una de las primeras veces en Europa un tímpano. En los siglos del gótico hay que contar las versiones de Santa María de la Corticela, de Tuy —catedral y Santo Domingo— y de Santa María de La Coruña. A partir de 1300 se generaliza en toda Galicia y a los talleres ourensanos se debe su formación casi canónica que llegará hasta el siglo XV. Su cabeza parece ser la del tímpano de San Fiz de Solovio, con una solución equilibrada que garantizó su éxito ...». MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, p. 82.

a recoller a ofrenda que lle proporciona un dos Reis Magos, en concreto, Melchor. Este, coa coroa na man esquerda, entrégalle coa dereita o bote de ofrendas a Xesús, mentres Gaspar e Baltasar, tamén coroados, se sitúan nos seguintes capiteis. Aínda que é un tema frecuente na arte galega e na súa iconografía, un dos trazos máis característicos, seguindo a Manso Porto, é o achegamento espontáneo do Neno ao Mago para recoller o presente que este lle ofrece.

A penúltima das escenas do Ciclo do Nadal de Pontevedra é a da Presentación do Neno no Templo; esta organízase con tres personaxes: a Virxe, que suxeita o Neno colocado sobre unha mesa, e Simeón, que é o encargado de recoller as vestimentas. Este tema, de escaso desenvolvemento na plástica galaica, impide establecer relacións estilísticas con outras pezas que abordan esta temática.

A última das escenas que se integran neste conxunto de capiteis pontevedreses, relacionada coa Matanza dos Inocentes, representa a Herodes no trono impartindo xustiza mentres un soldado, axeonllado diante, escoita a sentenza pola que se ordena o asasinato daqueles nenos menores de dous anos, mortes que se plasman na dobradura do capitel e no seguinte, no que os soldados executan os inocentes. Non son moitas as escenas que se centran neste tema dentro da arte galega; unha delas é a das pinturas murais da catedral de Mondoñedo¹⁰, obra de principios do século XVI. Con todo, a importancia desta escena dentro do Ciclo do Nadal ou da infancia de Cristo é elevada, sobre todo grazas á difusión que dela se fai nos manuscritos medievais¹¹.

Xunto con estas escenas, outro dos motivos relixiosos que se representa nos capiteis desta cabeceira son anxos de medio corpo portando filacterios, que evocan presupostos similares ao doutras cabeceiras de templos pontevedreses, coma, por exemplo, a da propia igrexa do convento de Santa Clara.

Dentro dos capiteis que representan escenas de carácter profano convén mencionar aqueles que representan personaxes de medio corpo en actitudes diversas, coma os que se atopan no sexto capitel angular da Capela Maior ou o que lle dá acceso á primeira capela ao lado da Epístola; neles, personaxes de medio corpo sosteñen elementos vexetais, tal e como sucede no caso do primeiro, ou realizan diversas accións mentres sosteñen estes mesmos elementos vexetais, caso do segundo, no que dous personaxes lle tiran das orellas a outro máis ancián situado nunha posición central con respecto aos dous dos extremos, iconografía de difícil interpretación.

10. VILLAAMIL Y CASTRO, J.: *Pinturas murales de la Catedral de Mondoñedo*, Madrid, 1863; CRESPO PRIETO, R.: «Las pinturas murales de la Catedral de Mondoñedo». *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, pp. 487-531; MANSO PORTO, C.: «Villaamil y Castro y la conservación del patrimonio monumental y artístico de la provincia de Lugo», *Rudesindus*, 9, 2013, pp. 244-245.

11. Sobre este tema no mundo medieval, véxase GARCÍA GARCÍA, F. de A.: «A matanza dos inocentes», *Revista digital de iconografía medieval*, vol. III, núm. 5, 2011, pp. 23-37.

Do mesmo xeito que estas imaxes profanas, outro dos temas que ten cabida neste templo son as narrativas de loita. Estas representacións figúranse nos capiteis desta cabeceira, na que aparecen tanto escenas de combate entre dous cabaleiros a pé, con senllos escudos defensivos e lanzas. Esta escena atópase situada no capitel da dobradura do arco de ingreso á capela da Epístola, xunto con outra na que un cabaleiro se dispón a golpear outro cunha maza.

Outra das representacións profanas presentes neste conxunto pontevedrés, proba da súa diversidade e riqueza figurativa, é aquela na que se representan animais, coma, por exemplo, aves rapaces. Xunto con esta presenza, moito máis protagonismo obtén a representación de xabarís alimentándose de follas de carballo, tal e como sucede nos capiteis de ingreso á capela absidal ao lado do Evanxeo, que podería gardar relación coa representación do mes de outubro¹², momento en que se producía o engorde do porco, o que novamente nos conduce ás solucións empregadas na Clastra Nova ourensá, tal e como indica Moralejo Álvarez, en clara alusión ao devandito mes¹³.



Fig. 58. Detalle de capiteis. Xabaril alimentándose de follas de carballo. Foto actual

Pero, sen dúbida, o tema profano que adquire un importantísimo desenvolvemento nos capiteis desta cabeceira, aínda que non comparable coa representación do Ciclo do Nadal, é o da caza do xabaril, que se desenvolve cunha gran riqueza narrativa nos capiteis de ingreso ao arco da Capela Maior ao lado do Evanxeo e no arco toral contiguo. A presenza destes elementos non é de estrañar, xa que a caza foi, durante a Idade Media, unha das actividades máis relevantes desde o punto de vista social, xa fose como medio de adestramento, como preparación física para a guerra ou como ocasión para demostrar o valor e a destreza.

12. Este autor indica que na chamada Clastra Nova ourensá hai un capitel que, en principio, ten un contido profano, no que se representa un porco alimentándose. Este podería ser un recordatorio, tal e como sostén Murguía, da importancia deste animal na dieta rural galega, aínda que, seguindo a Moralejo, a súa vinculación procedería da fonte xenérica dunha das viñetas do calendario medieval, a correspondente ao mes de outubro, que en Ourense se independiza e desenvolve de forma autónoma. MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, p. 72.

13. MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, p. 72.

Ademais deste feito, tal e como sinala Manso Porto, cómpre indicar que a presenza destes ciclos venatorios nos mosteiros, conventos, igrexas e catedrais xunto cos repertorios relixiosos, coma escenas do Novo Testamento, vidas de santos ou simboloxías do pecado, á vez que as de carácter naturalista, flora e fauna, actividades do clero, traballo dos meses, non terán maior importancia que mostrar escenas da vida cotiá protagonizadas polo clero (escenas de predicación), pola clase nobiliaria (asuntos cinexéticos e, nalgúns casos, os meses) e o campesiñado, coa finalidade didáctica de reflectir o papel de cada estamento na sociedade¹⁴. Isto é en boa medida o que sucede no conxunto conventual de Pontevedra, no que, xunto coas escenas de Nadal, se representan outras tamén destacadas de carácter cinexético cunha gran profusión narrativa.



Fig. 59. Capiteis do ciclo da cacería. Detalle

No caso do conxunto aquí estudado, no que se denota unha clara influencia do tema que tamén se desenvolve no convento de dominicos de Ribadavia, aínda que con carácter máis sintético¹⁵, a figuración cinexética garda relación cunha batida ou caza «clamorosa», que requiría unha gran profusión de medios¹⁶; así, no exemplo pontevedrés, a cacería iníciase cun rastrexador que explora o bosque acompañado dun sabuxo. Outro voceiro emite os toques de corno sinalando con iso o acoso do xabaril. No seguinte capitel represéntase un axudante disposto a afundir a súa xavelina na boca do animal coa axuda dun can que, ao mordelo, o debilita, escena que talvez ten a súa inspiración nos capiteis que reflecten este tema

14. MANSO PORTO, C.: «Reflexiones sobre la caza nobiliaria en la Baja Edad Media y su proyección en Galicia». *Anuario Brigantino*, 1, 8, 1985. p. 11; véxase tamén: MANSO PORTO, C.: «La caza del jabalí, iconografía de los capiteles de Santo Domingo de Pontevedra», *El Museo de Pontevedra*, T. XXXVIII, 1983, pp. 277-289.

15. Do mesmo xeito que sucede no conxunto pontevedrés, en Ribadavia desenvólvese, tamén próximo ao tema da Natividade, unha montería do xabaril, que xa se vincula ao que se considera como fase decadente do estilo ourensán. MANSO PORTO, C.: «El mundo profano en la imaginería gótica de los conventos mendicantes gallegos: la caza». *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*. Tomo XVIII, núms. 1 e 2, 2000. p. 240.

16. A batida ou caza «clamorosa» supoñía o movemento dunha gran cantidade de monteiros e axudantes. Os avistadores introducíanse no monte cun sabuxo (ou podenco) suxeito por unha correa para localizar o rastro da peza. Os observadores («omes de vocerío»), axudados polos cans, obrigaban os cervos a saír dos encames para que corresen polos voceríos, que concluían nas armadas ou zonas de espera, onde o monteiro remataba as vítimas con axuda dos cans especializados, que eran os encargados de suxeitala. MANSO PORTO, C.: «Reflexiones sobre la caza nobiliaria en la Baja Edad Media y su proyección en Galicia»... *Op. cit.*, pp. 17-18.

no conxunto de Ribadavia¹⁷. A narración complétase con dous lebreiros que se abalanzan sobre a presa, e outro monteiro disposto a matar o animal. Finalmente, outro dos axudantes camiña polo monte portando as provisións dos monteiros e tocando a bucina para anunciar o acurrallamento do animal.

Do mesmo xeito que sucedía cos episodios do Ciclo do Nadal, no que existe un claro principio narrativo e as diferentes escenas se separan por elementos vexetais, o mesmo sucede neste caso, no que agora se recorre a pequenas árbores con carballos ou outras follas¹⁸ para separar as diferentes representacións e posibilitar con iso a lectura ordenada do conxunto narrativo.

Como se pode observar no caso do templo pontevedrés, do mesmo xeito que noutros conxuntos tanto mendicantes coma parroquiais, as escenas cinexéticas establecíanse nas proximidades daquelas vinculadas con ciclos relixiosos, coma no caso pontevedrés a do Nadal. A presenza destas ten en parte xustificación no mecenado dos nobres na creación destes espazos, que maioritariamente se converterían nas súas capelas funerarias para eles e para as súas liñaxes. Esta aseveración, con todo, non resulta de todo válida para o conxunto de San Domingos de Pontevedra porque a cabeceira deste convento se levantou nas últimas décadas do século XIV grazas á actividade dos frades predicadores e á dos propios burgueses, xa que a presenza efectiva como padróns dos Sotomayor neste espazo non se produciu ata 1425¹⁹.

Xunto con estes capiteis restaría por indicar no conxunto dominico a existencia doutros nos que figuran escenas con claro sentido moralizante no arco de ingreso da capela do Evanxeo. Nestes exemplos figuran seres fantásticos, especialmente relacionados coa representación de dragóns, que ou ben loitan con humanos que se defenden ou ben o fan con outros animais, coma os leóns, formas todas elas debedoras, seguindo a Manso Porto, das representacións de San Francisco da propia cidade de Pontevedra.

Do mesmo xeito que estes seres fantásticos, que parten dun claro espírito moralizante, tamén hai que apuntar aqueles capiteis decorados con seres antropomorfos, dunha cabeza e dous corpos ou cabezas humanas das que brotan ramificacións vexetais cunha composición simétrica.

O último tipo de elemento decorativo presente nestes capiteis é o dos vexetais, nos que maioritariamente predominan as follas de vide, de carballo e de col; estes alcanzan maior desenvolvemento nas capelas ao lado da Epístola e no friso de arcos cegos da Capela Maior; estes, do mesmo xeito que os anteriores, teñen os seus antecedentes no veciño templo franciscano,

17. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 500.

18. MANSO PORTO.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 500.

19. MANSO PORTO, C.: «El mundo profano en la imaginería gótica de los conventos mendicantes gallegos: la caza»... *Op. cit.*, p. 233.

aínda que materializados cunha labra máis basta que os do modelo de frades menores, o que implicaría unha cronoloxía tamén máis recente. Así, seguindo a Manso Porto, estes situaríanse cronoloxicamente ao redor dos anos 1390-1400, cando xa se estaba a producir a decadencia estilística das formas empregadas nos modelos mendicantes, nas que se desenvolvían formas aínda representativas da chamada arte ourensá de 1300²⁰.

4.2. A escultura funeraria

Un dos aspectos máis destacados do conxunto pontevedrés é a súa condición de lugar de enterramento, xa que este convento de frades predicadores de Pontevedra foi o espazo escollido por un gran número de pontevedreses como lugar de última morada. Así nel foron inhumados importantes membros da nobreza e da burguesía pontevedresa, que recibiron sepultura en lugares do interior do claustro ou do templo e mesmo nos ámbitos relacionados co cruceiro e coa cabeceira da igrexa. A estas localizacións accedían aquelas personalidades vinculadas cos estamentos nobiliarios ou economicamente podentes, tanto da cidade coma dos seus arredores, que coas súas mandas ou doazóns favoreceron amplamente o conxunto monástico e permitiron non só a creación de numerosos espazos, senón tamén a renovación de parte da súa fábrica.

Xunto con estas inhumacións no interior do templo, en diferentes capelas ou no espazo claustral, é dicir, en lugares de privilexio, habería tamén que citar a existencia doutras situadas no cemiterio do convento, lugar que se estendía pola parte posterior das capelas absidais, o que no século XVIII xerou problemas co municipio²¹, e no que, ao ser escavado na primeira década do século XXI, apareceron vinte e unha tumbas nun espazo perfectamente ordenado²², dato que confirmaría a existencia deste camposanto nas proximidades da cabeceira do templo.

Unha gran parte dos enterramentos ou das lápidas relacionadas con este convento foron publicadas por Casto Sampedro, quen saca á luz un importante e variado número de exemplos rescatados das ruínas do antigo convento pontevedrés polos membros da Sociedade Arqueolóxica, que consideraban este espazo o verdadeiro «Panteón de los Hijos Ilustres de Pontevedra». O seu

20. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 501.

21. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 127.

22. Con motivo da realización das obras do estacionamento da praza de España leváronse a cabo dúas escavacións. A primeira realizouse xunto ás ruínas do convento; nela déixase constancia da existencia deste cemiterio, no que se localizaron vinte e un enterramentos e «unos cimientos al lado de las ruinas de Santo Domingo que confirman la existencia del cementerio adjunto a la iglesia (...) y de una capilla secundaria en el recinto de la Orden (...)». «El cementerio plebeyo de Santo Domingo de Pontevedra», *Faro de Vigo*, 7 de maio de 2008. <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2008/05/07/cementerio-plebeyo-santo-domingo-18040179.html>.



Fig. 60. Enrique Mallo. Debuxo de varios sepulcros do convento de San Domingos de Pontevedra

número é tan elevado que só fará referencia a aquelas, moitas delas inéditas, das que ten noticias, e engade, ademais:

(...)Y tampoco deben de omitirse, por la misma razón las lápidas en que aparecen simplemente los símbolos de las Artes y Oficios que constituyeron la poderosa, interesante, extensa y variada asociación gremial de esta ciudad en la Edad Media y parte Moderna; las hay con la representación sencilla y característica pero gráfica, de los Gremios y Cofradías de los Banasteros, Armeros, Carniceros, Picapedreros, Espaderos, Carpinteros, Sastres Zapateros, Horneros, &; de esos soldados del ejército del trabajo, quizá algunos héroes anónimos, que al descansar bajo el escudo de la Religión dominica, antes que fechas y nombres oscuros, prefirieron hacer esculpir sobre sus restos los signos de su Arte y de su oficio (...) ²³.

23 SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra... Op. cit.*, p. 138.



Fig. 61. Lauda con cruz. Foto actual

As laudas que se conservan foron analizadas por Sampedro y Folgar²⁴ e por Manso Porto. Esta autora, no capítulo da súa obra relativa ao conxunto conventual de San Domingos de Pontevedra, establece dúas categorías de lápidas funerarias neste convento. A primeira tipoloxía é a constituída por exemplos que se refiren aos enterramentos nos que foron inhumados membros da comunidade de relixiosos, do mesmo xeito que algúns nobres e burgueses da cidade²⁵.

Estas laudas, a diferenza dos xacigos funerarios con escultura e arcosolio, tamén presentes no convento, caracterízanse por unha gran simplicidade, normalmente compóñense

soamente dun epitafio, aínda que poden ter tamén outra serie de motivos, coma aquelas nas que se representan cruces, algún símbolo gremial ou, mesmo, como sucede na lauda de frei Domingo de Linares, un gravado de medio relevo coa figura dun frade dominico.

Esta lauda, que estivo disposta en diferentes lugares do conxunto conventual²⁶, presenta unha forma rectangular, en cuxa superficie se figura un frade dominico ataviado coa indumentaria da orde, que porta un báculo en forma de tau na dereita e un libro pechado sobre o peito na esquerda, figuración que se acompaña dunha inscrición en caracteres góticos, nos bordos e no escapulario

24. No Arquivo do Museo de Pontevedra consérvase documentación referida ás laudas e aos calcos que delas se fixeron para estudos de Sampedro y Folgar, e que máis tarde serían publicadas. Respecto deste tema véxase: *Apuntes sobre la iglesia del Convento de Santo Domingo de Pontevedra*. AMPo. Sign. Sampedro, 53-4.

25. Dentro deste apartado relacionado coas laudas sepulcrais, a autora menciona un total de doce: lauda de María de Bayón, lauda de Pedro Pérez de Oubiña, ambas as dúas procedentes do Campo de San Domingos; a lauda de frei Juan Fernando, dous fragmentos de laudas, colocadas ambas as dúas recentemente na primeira capela absidal de lado da Epístola, a lauda dun frade, a lauda de 1348, a lauda do prior Petrus Iohannis, as laudas gremiais, a lauda de Santo Domingo de Linares, a lauda da familia Maldonado ou Aldao e a lauda de don Álvaro de Sotomayor e dona Inés de Monroy. MANSOPORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, pp. 507-510.

26. Pardo Villar sinala que o enterramento de frei Domingo de Linares estaba depositado nun sepulcro da parede da mesma nave, á beira do Evanxeo. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 129. Idea que remarca Manso Porto, que indica que, tal e como figura no tomo de 1653, esta sepultura aparece descrita como unha sepultura alta que se atopaba fronte ao altar do Bo Xesús entre a Capela Maior e a primeira absidal da Epístola, sepulcro que no século XVII sería reutilizado para Juan del Monte. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 509.

do hábito, na que se «[:::] GONOCII [---] / F(rater): D(ominici)CI: DE: LINARES/ [..GIL-
--] FIDES»²⁷.

Esta, de non excesivas dimensións²⁸, foi identificada por Sampedro y Folgar, quen sinala, xunto á súa condición de inédita, o feito de que posiblemente polo báculo que porta a figura, ataviada co hábito da Orde de San Domingos, podería identificarse coa sepultura dun prior do convento²⁹; en concreto, pola inscrición vincularíase co mestre frei Domingo de Linares, quen ocuparía o cargo de prior, seguindo a Pardo Villar, nos anos finais do século XIV e primeiros do século XV, máis especificamente nos anos 1395-98 e 1405³⁰.

Xunto coa presenza desta lauda, nestas ruínas consérvanse tamén outros enterramentos funerarios moito máis complexos, xa que responden, sempre seguindo a Manso Porto, ao que a autora considera a segunda das tipoloxías funerarias: os xacigos, dos que uné exento, mentres que os restantes teñen esculturas xacentes.

Un deles, aínda que se descoñece a súa localización, é o que se sitúa na estancia anexa ao transepto. Del non só descoñecemos o lugar no que se atopaba no primitivo templo, senón tamén a quen pertencía; de feito, na relación de monumentos funerarios que Chamoso Lamas realiza do conxunto este non aparece.

O xacigo, con forma rectangular, cóbrese cunha cuberta a dobre vertente que é probable que non sexa a orixinal, dado que Filgueira Valverde, na referencia que realiza sobre el, indica que lle faltaba a cuberta³¹. Este presenta, nunha das súas cabezas, unha decoración de tres arcos trilobulados, dos que o central presenta unhas maiores dimensións, con cristaría no seu exterior, que se apoian en capiteis vexetais e descansan en finas columnas. Baixo o arco central parece dispoñerse un calvario flanqueado nos laterais polas figuras da Virxe e de san Xoán. Pola súa banda, na súa fronte dispóñense arcos angulares trilobulados que tamén se apoian en capiteis e columnas, semellantes ás anteriores e en cuxo interior acubillan seis brasóns.

27. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 509; esta autora é unha das que dispón a inscrición dunha forma máis completa, xa que tanto Sampedro Folgar coma Chamoso Lamas reducen a formas máis abreviadas desta; en concreto, este último di que en caracteres góticos figura: «F. DO: DE LINARES/... GIL FIDES». CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia*, Ourense, Instituto de Estudios Ourenseños «Padre Feijoo» de la Diputación de Ourense, 1979, p. 175.

28. Filgueira sinala as medidas da peza, que presenta 157 cm de lonxitude e 48 cm de anchura. FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Sumario de la sección lapidar»... *Op. cit.*, núm. 2145, p. 198.

29. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 113.

30. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 142.

31. FILGUEIRA VALVERDE, J.: «Sumario de la sección lapidar»... *Op. cit.*, núm. 2145, p. 198.



Fig. 62. Lorenzo Novás (1880-1946). Ruínas de San Domingos

Esta peza, que hoxe está descontextualizada, garda estreita relación, por unha banda, cos sepulcros casteláns e portugueses do século XIV³², nos que o tema da crucifixión era moi frecuente e probablemente chegou a Pontevedra polo labor dos obradoiros composteláns³³; centro de produción co que tamén se relacionan os arcos que se dispoñen na fronte do xacigo acubillando os diferentes brasóns, dos que catro gardan relación coas armas dos Sotomayor e dous coa dos

32. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 511.

33. Sobre a actividade dos obradoiros ourensáns, véxase: SÁNCHEZ AMELJEIRAS, M. R.: «Circulación de modelos y talleres itinerantes: el papel de artistas y comitentes en la evolución tipológica de la escultura funeraria en la Galicia medieval». *Los caminos y al arte II. El arte en los caminos*. VI Congreso Español de Historia da Arte CEHA; Santiago de Compostela, 16-20 de xuño de 1986, Santiago de Compostela, 1990, p. 236.

Maldonado³⁴, polo que seguramente este sepulcro se relacionaría cos patróns da segunda capela absidal ao lado da Epístola, que foi levantada por Diego Álvarez de Sotomayor, o Mozo, cuxo sepulcro e mais o da súa esposa, María Álvarez Gómez, foron encargados polo seu fillo e labrados seguramente cara a 1425-1435³⁵.

O seguinte dos xacigos funerarios presentes no espazo de San Domingos, a diferenza do anterior, preséntase xacente e sitúase nun arcosolio apuntado na segunda capela absidal ao lado da Epístola. Fortemente ornamentado, dispónse moldurado con escocias; sobre a externa sitúanse as consabidas puntas de diamante e sobre a interna, grupos de follas de vide, de gran volume, coas puntas redondeadas e cos nervios marcados, que evocan solucións moi próximas ás empregadas nos sepulcros da cabeceira do templo de frades predicadores de Santiago de Compostela.

O xacigo que se atopa no interior do arcosolio, tal e como nos indica Chamoso Lamas, carece de calquera tipo de decoración debido, en parte, a que a orixinal desaparecería como consecuencia dos sucesos ocorridos no templo, no que moitas destas sepulturas, seguindo a De la Iglesia, desapareceron ou se empregaron como material para outras construcións. Así, indica:

En este templo aún se conservaban muchos sepulcros y lápidas llenas de inscripciones, que hoy día pudieran muy bien esclarecer e ilustrar algunos hechos oscuros de la Historia de aquellos siglos, pero una mano, ignorante y osada arrancándola de aquel nos privó, para pavimentar calles de los auxilios que estas inscripciones pudieran prestar (...)³⁶.

Sobre este xacigo sitúase un xacente orientado liturxicamente, que aparece cuberto cun arnés de cabaleiro, con armadura completa, a cabeza cuberta por un casco e unha malla que permite ver o seu rostro, mentres que as súas mans, enfundadas en luvas, suxeitan unha espada. A imaxe xacente descansa sobre unha saba de simétrico encartado e en dous almofadóns, de diferente tamaño, a cuxos lados se dispoñen dous anxos que portan nas súas mans un libro aberto, en clara alusión á acción que o anxo que recomenda a alma do defunto³⁷, xa que, tal e como sinala Sánchez

34. MESSÍA DE LA CERDA Y PITA, L. F.: *Labras heráldicas del museo de Pontevedra, Ruinas de Santo Domingo...* *Op. cit.*, p. 248-249.

35. Manso Porto, aínda que indica que carece de referencias documentais, apunta a posibilidade de que este xacigo que hoxe se atopa nunha das dependencias anexas do cruceiro e foi amplamente transformado fose financiada polo matrimonio de Diego Álvarez de Sotomayor e María Álvarez Gómez para algún dos seus ascendentes; en concreto, a autora apunta a posibilidade de que sexa para os pais de María Álvarez Gómez, titulares da casa. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 510.

36. IGLESIA, A del: *Estudios arqueológicos...* *Op. cit.*, pp. 256-257.

37. CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia...* *Op. cit.*, p. 165.

Ameijeiras, a presenza destes anxos axeonllados na cabeceira responde a unha tradición frecuente dos obradoiros composteláns, e ten a súa orixe no sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, o Boo³⁸. Esta imaxe, dotada de certa elegancia, que se reflicte na fidelidade dos detalles da armadura, tende a ser non tan fiable na plasmación do seu rostro; con todo, trátase dunha representación que «tiende a ennoblecer al personaje»³⁹.

Con respecto á identificación deste personaxe, fórmulase, do mesmo xeito que sucede na maioría dos xacentes deste templo, certas dúbidas. Tradicionalmente considerouse a representación de Payo Gómez de Sotomayor, como establecen numerosos autores, quen recibiría sepultura na capela de Santo Tomás deste convento⁴⁰; con todo, Manso Porto apunta que este sepulcro sería realizado en realidade, tal e como se confirma pola cronoloxía que se lle atribúe⁴¹ e pola documentación conservada, para o seu pai, Diego Álvarez de Sotomayor, aínda que nel tamén recibiría sepultura Payo Gómez de Sotomayor⁴².

Facendo parella con este sepulcro, no primeiro lenzo mural desta mesma capela atópase outro enterramento que presenta bastantes similitudes co anterior. Sitúase baixo un arcosolio, no que se manteñen as mesmas propostas formais, á vez que o sue xacigo tamén desaparecería e sería substituída por outro, sobre o que se dispoñía unha figura xacente, recostada sobre unha saba similar á anterior en canto ao tipo de encartado, e que presentaba os mesmos anxos na

38. SÁNCHEZ AMELJEIRAS, M. R.: «Circulación de modelos y talleres itinerantes: el papel de artistas y comitentes en la evolución tipológica de la escultura funeraria en la Galicia medieval»... *Op. cit.*, p. 233.

39. CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia*... *Op. cit.*, p. 165.

40. Seguindo os papeis de A. de la Iglesia, indícase respecto deste personaxe: «(...) Y mucho indudablemente debió de donar y proteger este dona al Monasterio para tener como en su templo se observaba el panteón general de tan ilustre familia por contra que el era Mariscal de Castilla y Caballero (...) Por muerte de Padre González de Avila, Doña Mayor de Mendoza, su esposa, pasó a segundas nupcias con Payo Gomez de Sotomayor, de cuyo matrimonio, entre otros hijos tuvo a Suero Gomez de Sotomayor tambien Mariscal de Castilla. Los dos Mariscales de Castilla, se hallaban sepultados en el Convento de Santo Domingo de Pontevedra, en la Capilla de Santo Tomás y sobre los cuerpos dice Argote, se ven los sepulcros de alabastro con sus bustos y letreros. Estos famosos lucillos hoy ya no existen (año de 1846) y el por que se dio la razón en otro lugar». IGLESIA, a. d. Estudios VI; esta mesma atribución para esta figura xacente, tamén se mantén en CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia*... *Op. cit.*, p. 165.

41. Debido ás conexións que se establecen, desde un punto de vista tipolóxico, coa figura do xacente, Sánchez Ameijeiras sitúa a cronoloxía desta obra ao redor de 1425-35, e identifica a figura con Diego Álvarez de Sotomayor. SÁNCHEZ AMELJEIRAS, M. R.: «Circulación de modelos y talleres itinerantes: el papel de artistas y comitentes en la evolución tipológica de la escultura funeraria en la Galicia medieval»... *Op. cit.*, p. 233.

42. Manso Porto, en función da documentación referida aos testamentos de Diego Álvarez de Sotomayor e do seu fillo Payo Gómez de Sotomayor, apunta a posibilidade de que fose este último o que financiara, xunto con outras intervencións nesta mesma capela, os sepulcros do seu pai e da súa nai, e que o do seu pai fora aproveitado tamén por Payo para o seu enterramento. Respecto do tema, véxase: MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos*... *Op. cit.*, p. 512.



Fig. 63. Alfredo García Alén (1923-1981). Sepulcro de María de Grecia, 1949

cabeceira que o sepulcro co que facía xogo. Esta identifícase con María Álvarez Gómez, esposa de Diego Álvarez de Sotomayor, que viste un manto amplo de encartados paralelos e adornado nos bordos cunha serie de elementos vexetais. Debaixo deste manto a figura porta brial, cinguido na súa cintura, e acompáñase, seguindo a tradición dos sepulcros composteláns, de catro cachorros que gabean polos seus pés e indumentaria.

Como sucedía no caso anterior, a atribución desta imaxe resulta tamén problemática, xa que os autores estableceron para ela diferentes atribucións e a relacionan coa filla ou coa primeira das mulleres de Payo Gómez de Sotomayor, María Gómez⁴³ ou Juana de Hungría⁴⁴, respectivamente.

43. CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia...* *Op. cit.*, p. 165.

44. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 121; PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 128.

A pesar de que os diferentes autores realizan atribucións diferentes, Manso Porto considera que, seguindo o establecido para a anterior figura xacente, se trataría de María Álvarez Gómez, quen sería, xunto coa súa condición de señora de Rianxo, a herdeira do seu avó Payo Gómez Chariño, o que motivaría que as súas armas estivesen presentes nesta capela⁴⁵.



Fig. 64. Francisco Zagala (1842-1908).
Sepulchro de Suero Gómez de Sotomayor, 1896

O seguinte dos sepulcros con xacente que se atopa no conxunto de San Domingos de Pontevedra corresponderíase co do mariscal Suero Gómez de Sotomayor, que, na actualidade, está emprazado nunha das salas do museo, pero, con anterioridade, tal e como se aprecia na imaxe, ocupou diversos lugares nas ruínas, coma a Capela Maior do conxunto pontevedrés, na que se instala en 1950⁴⁶, ou en diversos arcosolios desta, tal e como se aprecia na fotografía que publica Balsa de la Vega no *Catálogo monumental da provincia*, na que este xacente aparece no arcosolio que comunica as dúas capelas laterais ao lado da Epístola⁴⁷.

Como xa se indicou, trataríase, do mesmo xeito que os precedentes, dun sepulchro con arcosolio, que se modificaría co paso dos anos; en función dos diferentes lugares que chegou a ocupar no templo⁴⁸, foise adaptando, o que provocaría cambios que, sen dúbida, ocasionaron unha serie de danos ou alteracións da escultura, como é o feito de que a peza perdese unha parte tanto da inscrición, que permitiría a identificación do xacente, coma do leito no que se recosta.

45. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 512.

46. Tal e como figura no inventario do museo, esta sepultura estaba colocada na capela da Madalena ata o ano 1950, no que se traslada á Capela Maior. MESSÍA DE LA CERDA Y PITA, L. F.: *Labras heráldicas del museo de Pontevedra, Ruinas de Santo Domingo...* *Op. cit.*, pp. 248-249.

47. Fotografía. núm. 2, Balsa de la Vega, R.: *Catálogo inventario monumental y artístico de la provincia de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 130.

48. Respecto da ocupación na capela da Madalena deste monumento, Pardo Villar, que na súa obra reproduce unha imaxe da figura neste emprazamento, indica: «No sabemos si pertenece a esta capilla o a otra de las absidiales el monumento sepulcral ojivo que para si mandó construir el Mariscal Suero Gómez de Sotomayor, en el cual fue sepultado». O mesmo autor indica que este, seguindo o exposto por Argote de Molina e López Ferreiro, recibiría sepultura na capela de Santo Tomás. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* *Op. cit.*, p. 116 y Lam. II.

Con independencia do lugar no que a figura se atopa na actualidade, Manso Porto afirma que se disporía nun arcosolio situado no costado este do muro muro sur do transepto, por falta de espazo na capela de Santo Tomás, información apoiada sempre, seguindo a esta autora, pola presenza do escudo coas armas dos Sotomayor e Maldonado no lenzo mural do transepto, e polas referencias documentais dos séculos XVII e XVIII⁴⁹.

A figura do xacente, recostada sobre unha superficie lisa, viste armadura militar, no que chama a atención a gran minuciosidade dos detalles da indumentaria. Así, tal e como indica Cendón Fernández, éste «cubre su cabeza con una celada e visera alzada y ventalla, así como barbera. El cuerpo se cubre con una cota de mallas, también llamada ausberg o loriga que posee manga corta; sobre ellas una coraza realizada a base de láminas rectangulares que en esta época, solían ser de hierro o de acero. Los brazos se cubren con guardabrazos que salen bajo la manga de la cota de malla, dodales y avambrazos, en los que se aprecian pequeños goznes. En las manos e observan manoplas y guanteletes articulados. Las piernas llevan quijoterías, rodilleras con formas decorativas por el lateral y grebas, en las que de nuevo se aprecian los goznes. En los pies zapatos de hierro, no ya escarpe»⁵⁰.

Completaría a súa figuración cunha longa espada que suxeita con ambas as mans, en cuxo pomo se labra unha cruz, similar á da Orde de Predicadores.

A identificación deste personaxe non expón ningún problema, en función do epitafio que o acompaña, que, aínda que incompleto e con certa deterioración nos caracteres, permite unha fácil identificación: «S(epultura): DEL: / AQUÍ: IAZ: EL MARISCAL: SUEIRO: GOMeS: DE: SOUTO:MAIOR: Q(ue) FALECEU:»⁵¹.

Este sepulcro, seguindo a Manso Porto⁵², estaría acubillado nun arcosolio, no que encaixaría perfectamente a estrutura do xacente e, como xa se indicou, este reaproveitaríase nun momento impreciso, talvez relacionado co proceso de remodelación que se realiza do espazo da sancristía no século XVII, como porta de acceso a esta estancia, polo que a través dela se comunicarían o transepto e o espazo da sancristía.

49. Respecto deste tema, véxase: MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 515.

50. CENDÓN FERNÁNDEZ, M.: «El caballero y la fama póstuma: algunos ejemplos de yacentes armados en la Galicia del XV», *Arquitectura e iconografía artística militar en España y América (siglos XV-XVIII)*: Actas das III Xornadas Nacionais de Historia Militar, Sevilla: Cátedra General Castaños, 1998, p. 658.

51. Na transcripción do epígrafe seguiuuse a de Manso Porto; con todo, como informa esta autora, a maioría dos autores que fixeron referencia a esta inscrición ou a transcribiron empregaron formulas similares. MANSO PORTO, S.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 533, not. núm. 353.

52. MANSO PORTO, C.: «El Sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor en Santo Domingo de Pontevedra». *El Museo de Pontevedra*, T. 44, 1990, pp. 389-403.

Este arcosolio presentaría unha rica decoración tanto figurada coma vexetal, elementos ornamentais que sufriron importantes danos. Así, no saimel da esquerda representaríase Santiago, ataviado de peregrino cun báculo en forma de tau e cun libro pechado, seguido na primeira das doelas dun santo dominico, representación que portaría tamén un báculo en tau e un libro na man dereita, á vez que no seu cinto parecería levar unha posible vaina, elemento característico da escultura dominica do século XV ou dos primeiros anos do século XVI; na terceira das doelas representaríase, neste caso, unha figura feminina, ataviada con túnica e manto, que se suxeita cun broche redondo, que podería atribuírselle a santa Lucía polo atributo que porta na súa man esquerda, un prato circular con dous ollos, mentres que na dereita, desaparecida, portaría unha palma que a identificaría como mártir; na clave do arco figuraría a cabeza de Cristo cos brazos estendidos, o que permitiría establecer semellanzas cos arcosolios presentes en San Domingos de Tui, nos que, seguindo a Cendón Fernández, Deus estaría a presidir a súa creación⁵³.

A seguinte das doelas, xa no lado dereito, corresponderíase cun santo dominico que portaría o xa tradicional báculo en forma de tau e un elemento que, aínda que moi deteriorado, Manso Porto atribúe a unha maqueta, atributo que permitiría relacionar o personaxe con santo Tomás de Aquino, que faría referencia a unha vocación particular da capela funeraria dos Sotomayor, coa fundación dunha misa⁵⁴, o que axudaría a explicar a súa presenza neste arcosolio. A seguinte doela volve estar ocupada por unha figura feminina, con túnica axustada e manto cruzado, cuxos atributos desapareceron, pero que Manso Porto considera probable que se trate dunha representación de santa Bárbara, polo que un dos elementos que desaparecería sería a torre que portaría nunha das súas mans; de igual maneira que a seguinte das representacións, que tamén se trataría dunha muller, non resulta posible identificala debido ao mal estado de conservación que presenta, aínda que Manso Porto suxire, en función das invocacións nos testamentos, xunto coas santas mencionadas de santa Catalina de Alexandría e a santa María Madalena, que fora a primeira destas á que o mariscal lle dedicaría unha das súas misas⁵⁵.

A figuración complétase na xamba da esquerda coa figura de san Pablo, na que se segue a representación iconográfica tradicional, ataviado con túnica e manto de angulosos encartados, suxeitando unha espada con ambas as mans; mentres que, na outra xamba, e facendo parella con ela, sitúase a de san Pedro, que, nimbado e con indumentaria similar, portaría o seu atributo característico dunhas chaves.

53. CENDÓN FERNÁNDEZ, M.: «Los arcosóleos en el gótico gallego» en *XVI Rutas cicloturísticas del románico: conmemoratorio del noveno centenario del Císter*, Pontevedra: Fundación Cultural Rutas del Románico, D. L., 1997, p. 149.

54. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia. Los dominicos...* *Op. cit.*, p. 513.

55. MANSO PORTO, C.: «El sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor en Santo Domingo de Pontevedra»... *Op. cit.*, pp. 389-403.



Fig. 65. Imaxe de san Pablo. Arcosolio do sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor. Foto actual

Estas representacións novamente evocarían formulas compostelás, que foron relacionadas coas figuras do apostolado presentes na torre do Reloxo da catedral compostelá, que Caamaño Martínez atribúe a formas do século XV⁵⁶, ou nas reminiscencias en canto ás figuras dominicas do báculo en tau, xa sinaladas por Moralejo Álvarez, que se vincularían con elementos da iconografía xacobeá ou do apostolado da igrexa de San Martiño de Noia, relacionado cronoloxicamente tamén con estas mesmas datas⁵⁷.

A arquivolta externa estaría decorada con formas vexetais, constituídas a base de follas carnosas, cuatrefolias que dobrarían as súas puntas e que se derivarían das puntas de diamante, formas arcaizantes que enlazarían de novo claramente cos postulados de datas avanzadas do século XV nas que se realizou este xacente, afastado dos orzamentos doutros presentes neste convento.

Tradicionalmente, seguindo a López Ferreiro, establécese a morte deste personaxe nobiliario ao redor de 1490; con todo, Núñez Rodríguez expón, en función das achegas documentais, que a súa morte se produciu entre 1485 e o 1486⁵⁸, o que permitiría situar o xacigo funerario nesta mesma cronoloxía. De igual maneira que este feito, outro que avalaría esta datación é o dato das innovacións producidas na figuración deste xacente, no que se suprimen elementos tradicionais ata o momento, coma a presenza dos anxos na cabeceira ou os propios lebreiros nos pés do xacente, que, no caso do nobre pontevedrés, descansarían nunha especie de pedestal sen o acompañamento xa dos característicos animais que enriquecían a representación do defunto. De igual maneira que a saba lisa ou o volume das borlas dos almofadóns⁵⁹ lembran xa solucións da escultura funeraria de principios do século XVI.

A este feito habería que sumarlle o idealizado do rostro do xacente, que levou a vincular esta figura cun grupo de sepulcros eclesiásticos, coma o que se sitúa en Santo Estebo de Coles, que sería unha derivación desta e que lle serviu a Moralejo para relacionalo, en canto á expresión riseira do personaxe e ao seu sorriso, co tímpano da Anunciación e da Epifanía de Vigo e con certos enterramentos de Vilar de Donas, que serían realizados por un dos últimos grandes obradoiros do gótico en Galicia.

56. CAAMAÑO MARTÍNEZ, J. M.: *Contribución al estudio del gótico en Galicia... Op. cit.*, pp. 215-217.

57. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 514.

58. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *La idea de inmortalidad en la escultura gallega: la imaginería funeraria del caballero, s. XIV-XV*. Ourense: Deputación Provincial, Servizo de Publicacións, D. L., 1985, p. 115.

59. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *La idea de inmortalidad en la escultura gallega: la imaginería funeraria del caballero, s. XIV-XV... Op. cit.*, pp. 79-80.

Xunto co sepulcro deste mariscal, que tería ao seu cargo a defensa da vila de Pontevedra⁶⁰, neste antigo convento dominico tamén se atopan situados, na primeira capela absidal da Epístola, outros arcosolios similares aos dos Sotomayor, que deberon de pertencer á liñaxe dos Montenegro, en concreto a Rui López de Montenegro, quen faría testamento o 17 de xaneiro de 1491, no que solicitaba ser enterrado na capela do Bo Xesús, no monumento que se estaba construindo contra a Capela Maior⁶¹. Aínda que o xacigo desapareceu, pénsase, seguindo a Manso Porto, que foi inhumado no mencionado arcosolio. Esta afirmación baséase na serie de testemuños indirectos, coma un dos debuxos de Villaamil ou a descrición de Antonio de la Iglesia, que permiten aproximarnos a ela. Así, este enterramento estaría conformado por unha estatua xacente coa cabeza repousada sobre almofadóns, aos lados dos que habería anxos e un lebreiro nos seus pés, escultura que se acompañaría do «IHS: AQUÍ:IAZE:GONÇAL (uo): LPO(e)Z: DE MONTENEGRO: ---», que percorría toda a figura desde os pés.

Tamén á liñaxe dos Montenegro pertencerían os arcosolios situados no interior da primeira capela absidal ao lado do Evanxeo. O primeiro destes dous arcosolios, moldurados con bocel sobre finas escocias, acubillaría o enterramento de Tristán de Montenegro, que aínda estaría presente en 1946, segundo o testemuño de González Zúñiga, quen apunta: «aquele esforzado y noble caballero Tristán de Montenegro esta sepultado en la derruida iglesia»⁶². Destee xacigo, aínda que desaparecido, conservamos unha descrición de Sampedro y Folgar, quen, ademais de achegarnos o dato da existencia dun debuxo no que se recolle, indica:

Dicho enterramiento tuvo estatua yacente que representaba a Tristán de Montenegro, el más valiente entre los leales, y el más leal entre los valientes caballeros de su tiempo, joven y de hermosa figura, barba cerrada y corta, armado, manos en oración, sobrevesta, espada ceñida, tabalí sobre el pecho, yelmo, un ángel sosteniendo la cabeza entre almohadones y los pies apoyados en un león heráldico⁶³.

No fondo deste arco figura unha inscrición, na que se le:

AQ(v)I ESTA SEPOULTADO/ EL NOBLE CABALLERO TRIS/TA(n) DE MONTENEGRO
Y DE TERESA/SANCHEZ DE REYNO, MVRIO DE VNA ESPI(n)GARDA Q(ua) N(d)
O SE TOMO ESTA VILLA AL CONDE DE /CAMIÑA, D(on) P(edr)O ALBAREZ DE

60. CHAMOSO LAMAS, M.: *La escultura funeraria en Galicia...* Op. cit., p. 171.

61. PARDO VILLAR, A.: *Historia del convento de Santo Domingo de Pontevedra...* Op. cit., pp. 68-69; Manso, pola súa banda, transcribe integramente a cláusula testamentaria que fai relación ao mencionado sepulcro. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* Op. cit., p. 534, not. 376.

62. GONZÁLEZ ZÚÑIGA, C.: *Historia de Pontevedra...* Op. cit., p. 104.

63. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la historia de Pontevedra...* Op. cit., p. 118.

SOTOMAYOR. A(ñ)O1464/ TA(m)BIE(n)JACE AQVI D(ON) FER(NAN)DO DE MON(n)TEN(egr)O DEL CO(n)SEJO REAL BISNIE/TO DE LOS D(ic)HOS TRISTA(n) Y CO(n)DE. MVRIO AÑ(o) 1577⁶⁴.

Este epígrafe, como indica Manso Porto, do mesmo xeito que outros que fixeron referencia ao mesmo, alude á data da toma da cidade de Pontevedra e falecemento de Tristán de Montenegro, en 1464. A segunda parte do epígrafe faría referencia á súa reutilización por Fernando de Montenegro, xa que, seguindo a Sampedro y Folgar, quen situaría a inscrición na segunda metade do século XVI, a estatua do primeiro «no se la creyó digna de otro respeto que el de emplearla brutalmente en las obras de las modernas casas consistoriales, como si fuera un pedrusco informe recién arrancado de la Cantera»⁶⁵, igual que sucedeu coas doutros membros da mesma familia⁶⁶.

A seguinte estatua xacente presente no ámbito das ruínas de San Domingos é a que ocuparía un arcosolio da segunda capela absidal ao lado do Evanxeo, que, na actualidade, se atopa baleiro. Este correspóndese coa xacente dunha dama que se atopa actualmente no espazo do transepto e que aínda se mantiña no seu sitio orixinal no século XIX⁶⁷.

Seguindo a Chamoso Lamas, a xacente, de longa cabeleira e co rostro desfigurado polo que parecen ser unha serie de golpes⁶⁸, viste unha longa e encartada túnica, axustada na cintura e cóbrese cun manto co encartado tubular igual ao da túnica no lado esquerdo. A figura está recostada sobre un dos seus lados, e coa cabeza dirixida cara ao espectador; flexiona o seu brazo dereito para repousar a súa man sobre a súa meixela para evocar con este xesto unha actitude de soño, mentres que a esquerda descansa sobre o seu ventre e sostén un filaterio ondulado. Xunto á cabeza da figura, que descansa nunha serie de almofadóns, sitúase un anxo de xeonllos que mira cara á dama.

64. Para a transcripción seguíuse o texto de MANSO PORTO, C.: *El arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 516; con todo, tal e como sinala esta autora, este epígrafe foi publicado en numerosas ocasións: GONZÁLEZ ZÚÑIGA, C.: *Historia de Pontevedra... Op. cit.*, pp. 105-106; IGLESIAS GONZÁLEZ, *Estudios Arqueológicos... Op. cit.*, 195; SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la historia de Pontevedra... Op. cit.*, p. 117-118; VILLA-AMIL Y CASTRO, *Iglesias gallegas en la Edad Media... Op. cit.*, p. 181.

65. SAMPEDRO Y FOLGAR, C.: *Colección de documentos para la historia de Pontevedra... Op. cit.*, p. 118.

66. Manso Porto indicaría como neste mesmo lugar serían enterradas Teresa Sánchez de Reino e a súa neta, Teresa Sánchez de Montenegro, segundo figura no testamento desta. MANSO PORTO, C.: *El arte gótico en Galicia: los dominicos... Op. cit.*, p. 516.

67. Esta xacente aparece descrita por Iglesias González en *Estudios arqueológicos... Op. cit.*, 194; igualmente, Pérez Villaamil reproduce esta imaxe no seu debuxo do interior da cabeceira de Pontevedra neste mesmo lugar. SÁNCHEZ CANTÓN, F. J.: «O pintor Villaamil en Pontevedra»... *Op. cit.* Lam. XXXVII.

68. CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia... Op. cit.*, p. 173.

A tipoloxía da escultura xacente evoca formulacións totalmente diferenciadas ás anteriores, xa que esta se relaciona con aquelas presentes no Panteón Real compostelán, da primeira metade do século XIII, fórmulas que rexorden a finais do século XV e principios do XVI⁶⁹.

A diferenza do que sucede con outras xacentes deste conxunto, un dos problemas principais é a súa identificación, xa que apenas hai información coa que poder realizar unha atribución, aínda que Manso Porto ve como o máis factible que se trate da filla de Inés de Castro, María de Ulloa, e os seus fillos⁷⁰.

69. MORALEJO ÁLVAREZ, S.: «Escultura gótica en Galicia (1200-1350)»... *Op. cit.*, pp.78-79.

70. A pesar de que Manso realiza esta atribución en función dos datos dunha escritura de doazón de Inés de Castro, muller de Lope Sánchez de Ulloa, para unha capela que era da súa propiedade, e para a fundación de misas con responso sobre a súa sepultura. Os datos son incertos, xa que no seu testamento dispoñía o seu enterramento na igrexa franciscana de Melide. De ser certa a hipótese, Manso dataría o sepulcro ao redor de 1468. MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: los dominicos...* *Op. cit.*, p. 517.



Conclusiones

O convento de San Domingos de Pontevedra é un dos principais espazos monumentais da cidade, non só pola imaxe que del se desprende, consolidada pola súa reprodución tanto en fotografías coma en diversas obras pictóricas, senón tamén polo seu valor como elemento relacionado coa vida da urbe pontevedresa. A súa historia é, en gran medida, a mesma que a doutros moitos conxuntos relixiosos españois e especialmente a de moitos espazos da comunidade de frades predicadores que, tras asentarse en florecentes cidades, desenvolveron unha vida de crecemento e esplendor continuado no tempo.

Este é o caso da casa conventual de Pontevedra, na que os frades procedentes do conxunto santiagués de Bonaval levaron a cabo a fundación, primeiro nun lugar provisional e, posteriormente, no definitivo, da que sería a súa residencia en Pontevedra e un dos principais referentes relixiosos da cidade, a pesar de que esta construción se atopaba fóra do recinto amurallado, aínda que nun espazo moi próximo a unha das principais portas da cidade á que lle dá nome.

Desde os anos finais do século XIII, momento no que os frades fixaron o seu punto de interese na cidade pontevedresa coa fundación do seu convento, a historia de crecemento e engrandecemento deste centro relacionado cos frades predicadores é continua no tempo, situación que foi posible grazas á actividade dos relixiosos, pero tamén polo elevado número de legados e mandas testamentarias dos que a orde se beneficia en Pontevedra; doazóns relacionadas, en moitas ocasións, coas principais familias burguesas da poboación, pero tamén coas procedentes daqueles estamentos máis elevados da sociedade ou coas achegadas por un conxunto de xente anónima que converteron este espazo conventual, no que aínda hoxe abundan as lápidas, en centro de referencia á hora de recibir cristiá sepultura.

É a preferencia por este espazo como lugar de enterramento o que posibilitou que estes frades contasen cos recursos necesarios para afrontar a construción e renovación do convento, e mesmo para levar a cabo a construción de dous templos; foi do segundo do que nos chegaron a cabeceira e o espazo do cruceiro, o cal hoxe se converteu en icona da grandeza que a Orde de Predicadores tivo na cidade, pero tamén en símbolo da loita desenvolvida por un grupo de intelectuais comprometidos de Pontevedra. Eles, partindo dun profundo respecto polo seu valor monumental, impulsaron

a conservación deste espazo, que era testemuño vivo da riqueza patrimonial da cidade e tamén dunha memoria que se atesouraba nas pedras do conxunto. Ruínas que, a pesar dos reiterados intentos de destrución que as autoridades municipais impulsaron, seguían mantendo o recordo da grandeza da cidade na que os frades predicadores decidiron asentarse.

Se a importancia da orde e a súa instalación en Pontevedra se produce no século XIII, as ruínas do templo que chegaron aos nosos días correspóndense cunha obra do XIV, na que se aprecian intervencións puntuais relacionadas tamén co século XV. Xunto con estas cronoloxías, tamén cómpre ter en consideración que a casa conventual dos frades dominicos foi reformada en época moderna, en concreto no século XVII, momento en que tanto os mosteiros coma os conventos galegos sufriron un proceso xeral de reformas que non foi alleo ao templo pontevedrés.

Con todo, os intentos de engrandecemento deste centro relixioso non se interrompen no século XVII, senón que se manteñen practicamente ata a segunda década do século XIX, xa que será neste momento en que os frades comezan, tras derrubar a preexistente, as obras de reforma da nave do templo conventual, non só para modernizala, senón tamén para adecuala estilisticamente ao proceso de renovación arquitectónica que se emprendía na cidade de Pontevedra.

Pero, a pesar deste proceso de construción desta nova nave, este convento non vai ser unha excepción. Así, no século XIX, igual que no resto dos centros conventuais e monásticos peninsulares, sucede un dos episodios máis lúgubres da súa historia: a exclaustación dos membros da comunidade. A desamortización e as medidas adoptadas polo Estado para sanear as arcas públicas xeran a expulsión das comunidades relixiosas das que foran as súas casas conventuais e, en consecuencia, os frades víronse obrigados a abandonar a que fora a súa casa durante máis de cinco séculos.

En 1836, os membros da congregación deixaban o seu convento, que, tras un período de tempo baleiro, era cedido polo Estado ao Concello para instalar unha institución de beneficencia: unha casa-asilo. Con todo, igual que sucedeu noutros moitos edificios, que tamén sufriron o mesmo proceso de obrigado abandono, o antigo edificio conventual converteuse en espazo destinado a múltiples usos, que comportaron cambios ou reformas máis ou menos puntuais. Esta decadencia acentuouse de forma significativa co paso do tempo, xa que o agora exconvento se viu sometido a unha serie de destrucións indiscriminadas e demolicións que, baixo a escusa da súa deplorable conservación ou de ser foco de inmundicia, tiñan a súa orixe na necesidade de urbanizar o espazo no que se atopaba para poder crear o ensanche pontevedrés.

Este intento de mellora urbana en Pontevedra, impulsado polas autoridades municipais, foi unha realidade ao longo de toda a segunda metade do século XIX, actitude que implicou a sistemática destrución do antigo convento dominico da cidade. Isto, xunto coa demolición de partes significativas coma a nave da igrexa nova, que quedara inconclusa, ou as dependencias

conventuais, fixeron xurdir un movemento de concienciación nun grupo de intelectuais pontevedreses, que, primeiro desde a Comisión Provincial de Monumentos e despois desde a Sociedade Arqueolóxica, escribiron un novo e importante capítulo na historia do convento pontevedrés, movemento sen o cal as coñecidas hoxe como “ruínas” non chegarían aos nosos días.

Grazas ao impulso destes intelectuais, o antigo convento iniciaba unha nova vida que se reflicte en adoptar unha serie de medidas de conservación e restauración dos seus restos arquitectónicos, en indicar a metodoloxía para levar a cabo a destrución dos espazos, en conseguir a limpeza do espazo da cabeceira e en protexer o espazo por medio da colocación dun enreixado, o que permitiría illar os restos da magnífica cabeceira gótica, estilo chave para a súa salvación, e impedir que novos vandalismos terminasen co que a picaraña e os procesos de urbanización da cidade pretendían: a súa desaparición.

A loita destes intelectuais polo seu legado resolveuse coa conversión deste antigo espazo conventual en museístico. Así, o espazo asumiu o rol de atesourar os elementos culturais de valor recompilados de todos os puntos da provincia á vez que se conseguía o seu recoñecemento como monumento nacional, o primeiro que alcanzaba tal condición na cidade, fitos que son boa proba da importancia e do valor duns restos, pero, sobre todo, da loita mantida por un grupo amante da cultura para que iso fose posible.

Coa conservación desta cabeceira, conformada por cinco capelas e cunha gran amplitude espacial, única en canto ás que as ordes mendicantes levantaron en Galicia, coa riqueza artística que nela se despreza, non só en canto aos elementos arquitectónicos, senón tamén pola riqueza escultórica, este conxunto é singular, e a súa historia non sería a que é se a hedra non invadira un día as súas paredes, se a man humana non destruíra ou desmellorara moitos dos seus espazos, pero, sobre todo, se un grupo de persoas unidas pola cultura e polo amor á riqueza patrimonial non se empeñaran en emprender a loita titánica que leva a que os restos conservados do antigo convento dominico sigan hoxe vivos en Pontevedra, a súa historia sexa a da propia cidade, e o seu valor unha das partes máis importantes do museo que nela segue existindo.

6.1. Fontes documentais

«Acta de constitución de la Junta Inspector de obras de cerramiento y reparación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». 1885-1897. *Oficios, informe y otros documentos sobre la conservación de la ex-iglesia de Santo Domingo y la construcción de una verja*. 22 de xullo de 1897. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-2, pp. 235-236.

«Acta de la inspección de las ruinas del ex-convento de Santo Domingo llevada a cabo por miembros del Ayuntamiento, de la Comisión Provincial de Monumentos y de la Academia de Bellas Artes de San Fernando». 1874-1884 *Oficios, informes y otros documentos sobre el derribo de algunos muros del ex-convento de Santo Domingo*. 27 de outubro de 1881. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 2-1, pp. 79-81.

Acta de la sesión de la Comisión provincial de monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que figura la necesidad de poner en conocimiento de la Comisión central las noticias sobre los intentos de destrucción de edificios de mérito artístico o valor histórico. 12 de agosto de 1846. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 4-16, pp. 8-10.

Acta de la sesión de la Comisión provincial de monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que figura que no se hagan obras en los edificios públicos sin oír a la Comisión de monumentos provincial o a la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. 8 de xuño de 1850. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 4-16, pp. 15-17.

Acta de la sesión de la Comisión provincial de monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que establece el modo de actuación en materia de conservación en los edificios cedidos a instituciones y el listado de monumentos confiados al cuidado de la Comisión. 20 de xuño de 1853. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 4-16, pp. 17-20.

Acta de la sesión de la Comisión provincial de monumentos histórico-artísticos por la que solicitan la Iglesia de Santo Domingo para custodia de los objetos, así como un local para oficinas y celebración de actos. 8 de xaneiro de 1870. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-4, pp. 7-8.

- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de monumentos histórico y artístico en la que se informa del estado de las obras de conservación en el Convento de Santo Domingo y en la que se informa de la solicitud del Señor Presidente de la Sociedad Arqueológica para hacer un principio de Museo en las Ruinas de Santo Domingo». *Copias de los acuerdos, resoluciones y actas para la conservación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra*. 19 de xaneiro de 1895. AMPo. Sign. Sampedro, 18-7. pp. 17-18.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico y artístico en la que se informa de la solicitud». *Copias de los acuerdos, resoluciones y actas para la conservación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra*. 19 de xaneiro de 1895. AMPo. Sign. Sampedro, 18-7, p. 18.
- Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se recuerda la conservación de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra*. 8 de maio de 1922. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-1, pp. 13-15.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se alude a la labor desarrollada por Casto Sampedro y Folgar en la protección y conservación de las Ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 8 de abril de 1937. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 21-22.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se alude a que las Ruinas de Santo Domingo han pasado a integrar el Museo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 8 de xaneiro de 1938. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 23-24.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se solicita el auxilio económico de la Comisión del Tesoro Artístico para diversos monumentos de la provincia entre los que se encuentran las Ruinas de la Iglesia de Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 10 de decembro de 1940. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 31-34.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda solicitar ayuda al Tesoro artístico para realizar diversas obras en monumentos de la provincia de Pontevedra, entre los que se encuentra Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 7 de marzo de 1941. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 31-34.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda al respecto de la colocación de los arcos en las ruinas del Convento de Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 29 de agosto de 1945. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 65-67.

- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda solicitar al Alcalde que el Ayuntamiento se encargue del mantenimiento de los jardines de Santo Domingo». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 11 de xuño de 1949. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 80-85.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra, en la que se acuerda la aprobación del proyecto de modificación del cierre de las ruinas de Santo Domingo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 5 de xaneiro de 1959. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 89-91.
- «Acta de la sesión de la Comisión provincial de Monumentos histórico artístico de la provincia de Pontevedra de la Sesión de 9 de septiembre de 1959, en la que se informe del estado de las obras de reforma del cierre de Santo Domingo de Pontevedra». *15 Libro de actas de la Comisión Provincial de Monumentos*. 9 de setembro de 1959. AMPo. Sign. Comisión Provincial de Monumentos, 1-2, pp. 92-95.
